



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

MEMORIA DE CALIDADE

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Curso Académico: 2023/2024

<i>Unidade /Órgano</i>	<i>Data entrega ou aprobación</i>
<i>Comisión de Calidade do Centro</i>	<i>25/04/2025</i>
<i>Informe técnico da SCVTI</i>	<i>17/09/2025</i>
<i>Xunta de Facultade</i>	<i>26/09/2025</i>
<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno</i>	<i>26/11/2025</i>

Índice

1. Introducción. Sistema de Xestión de Calidade do Centro	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	5
2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	5
2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	62
2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	69
2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	109
2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	118
2.6. Directriz 6. Información pública	125
3. Plan de Melloras do centro 2024-2025	127
4. Modificacións nos diferentes títulos	161
5. Listaxe de evidencias e indicadores	162

1. Introducción

Aspectos a contemplar:

1.1. **Presentación** da Memoria de Calidade (breve referencia ao documento e ao curso de referencia)

1.2. **O Centro**

- Orixe e estrutura orgánica do Centro
- Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos

1.3. **Sistema de Calidade do Centro:** Sistema Interno (SGIC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

- SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela
- Acreditación institucional, no caso de estar vixente ou en proceso
- Documentación de referencia do SGIC e Regulamentación interna
- Estrutura organizativa do SGC. Desenvolvemento e cambios
- Memoria de Calidade do centro (MCC): fases de elaboración, órganos competentes e persoal participante
- Información pública da Memoria e do SGIC

1.4. **Plan Estratéxico de Centro (PEC)**

- Presentación do PEC vixente: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, participantes, elaboración e difusión. Referencia breve ao Plan Estratéxico da USC

1.1. PRESENTACIÓN DA MCC

A Memoria de Calidade da FFP é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do [SGC](#) da FFP (USC) e do [Manual de Procesos da FFP](#).

A presente Memoria de Calidade, que corresponde ao curso académico 2023-2024, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro (máis información no [apartado 1.3](#)) e recolle información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade durante o curso 2023-2024 e ao plan de melloras do centro para o curso 2024-2025. Concretamente, o documento organízase nas seguintes seccións (excluíndo a Introducción):

- O *Seguimento do SGC e dos seus resultados* (Apartado 2), estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e que á súa vez inclúe o informe de execución do Plan de Melloras Anual da FFP para o curso 2023-2024.
- O *Plan de Melloras Anual* (Apartado 3), no que se especifican obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadar obxectivos de calidade no curso 2024-2025.
- Unha sección na que se rexistran as *modificacións introducidas nos títulos* obxecto desta memoria (Apartado 4).
- Unha sección que recolle a *listaxe de evidencias e indicadores* utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas (Apartado 5).

1.2. O CENTRO: ORIXE, ESTRUCTURA ORGÁNICA E TITULACIÓNS

A Facultade de Formación do Profesorado é un centro da Universidade de Santiago de Compostela que desenvolve a súa actividade no Campus de Lugo. A súa **orixe** remóntase ao 30 de outubro de 1842, data en que foi inaugurada oficialmente a Escola Normal de Mestres de Lugo. Na páxina web da Facultade, dentro da pestana dedicada ao centro, pódese atopar unha sección na que se ofrece un [resumo da súa historia](#), desde os seus orixenes ata a actualidade.

Polo que concirne á **estrutura orgánica** da Facultade, o equipo decanal está formado pola Decana, a Secretaria da Facultade, un Vicedecano e unha Vicedecana. Da [Xunta de Facultade](#) forman parte profesorado con vinculación permanente, sen vinculación permanente, estudantes, Persoal de Administración e Servizos e a Responsable de Apoio á Xestión. Na web da Facultade, na pestana "[Goberno](#)", atópase información sobre a composición da comisión permanente, as comisións dos títulos impartidos no centro, a comisión de calidade e outras comisións.

Os **títulos** vencellados á Facultade que estiveron vixentes durante o curso 2023-2024 foron: Grao en Mestre/a de Educación Infantil (GMEI), Grao en Mestre/a de Educación Primaria (GMEP), Dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria (DG), Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (MPES), e Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (MDAEN). Os títulos de GMEI, GMEP e MPES impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, mentres que o MDAEN é un título exclusivo desta Facultade. Durante o curso 2023-2024 continuábase a impartir a dobre titulación (Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria), a cal comezara no curso 2016-2017. No curso 2020-2021 finalizou os seus estudos a primeira promoción desta dobre titulación.

A FFP é un dos centros do Campus con maior número de estudantes. Durante o curso 2023-24, o número de alumnado matriculado nun Grao ou Mestrado na FFP foi de 866, descendendo lixeiramente dende os 884 do curso anterior. O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia nos mesmos durante o curso 2023-2024 desagregáanse do seguinte xeito:

Táboa 1. Estudantes matriculados e docentes nos títulos na FFP-Lugo (curso 2023-24)

TITULACION	ESTUDANTES	DOCENTES
GMEI	308	43
GMEP	366	59
DG	86	(*)
MPES	82	24
MDAEN	24	23

(*) o Dobre Grao combina materias dos dous títulos.

Pola súa banda, o PTXAS da Facultade contou no curso 2023-24 cun total de 11 membros

1.3. SISTEMA DE CALIDADE DO CENTRO

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2023-2024 abrangue todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a Responsable de Calidade do centro, as Comisións de Título e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3 do [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado](#). Por outra banda, a Xunta de Facultade é o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións. O histórico do SGC do Centro pódese consultar no [apartado 2.1.6](#).

Considérase **documentación de referencia** para o desenvolvemento do SGC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e do Manual do SGC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- [Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil](#) pola USC.
- [Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria](#) pola USC.
- [Memoria para a verificación do título de Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas](#) pola USC.
- [Memoria para a verificación do título de Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza](#) pola USC.
- [Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado](#).
- [Regulamento para a elaboración e defensa do TFG do Grao de Mestre/a de Educación Infantil](#) pola USC
- [Regulamento para a elaboración e defensa do TFG do Grao de Mestre/a de Educación Primaria](#) pola USC
- [Regulamento do TFM en Dirección de Actividades Educativas na Natureza](#)
- [Regulamento do TFM do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas](#) pola USC.
- [Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado 2024-2026](#)
- [Plan Estratéxico da USC 2024-2026](#)
- [Programación Plurianual USC 2023-2026](#)
- [Protocolo intercentros do Prácticum](#)
- [Plan Xeral do Prácticum](#) da FFP.

Polo que concirne á **elaboración da MCC**, e consonte ao procedemento establecido para a elaboración deste documento (*PE-02* do SGC), as Comisións de Título achegaron á Responsable de Calidade e á Comisión de Calidade do Centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2023-24, así como as súas propostas de accións de mellora, a partir dos informes e indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de Melloras Anual. O documento final, a Memoria de Calidade, foi aprobado pola Comisión de Calidade con data 25 de abril de 2025, e enviado á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica previa á súa aprobación en Xunta de Facultade, a cal tivo lugar con data 26 de setembro de 2025. Unha vez aprobado e para completar o proceso, o documento enviábase á Vicerreitoría con competencias en calidade, que o trasladará á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e para, no seu caso, formular recomendacións. Finalmente, consonte ao proceso *PS-06 Información pública*, o Decano/a do centro difundirá o contido do documento aos grupos de interese, para aumentar a toma de conciencia e a motivación dos mesmos na consecución dun ensino de calidade. Toda a información e documentación relativa ao SGC (Plan Estratéxico, Memorias de Calidade, Manuais do SGC, etc.) atópase na web da Facultade, na pestana [“Calidade: Documentación do SGC”](#)

1.4. PEC DO CENTRO

De acordo co [Manual de Procesos da Facultade de Formación do Profesorado](#), o Proceso PE-01 (Planificación Estratéxica) ten por obxecto elaborar, aprobar, e realizar o seguimento e actualización da planificación estratéxica da Facultade, co fin de establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, así como alinear a súa planificación coa política e os obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese. O obxectivo deste proceso acádase a través da formulación do Plan Estratéxico de Centro (PEC) da Facultade.

O PEC vixente no curso 2023-24 é o [PEC 2024-2026](#), que reempraza ao Plan anterior 2026-2022, o cal prorrogara o plan existente nese momento por mor da situación de crise sanitaria derivada da pandemia. Nesa prórroga incluíronse algúns axustes e actualizacións derivadas da análise DAFO, reformulando obxectivos relacionados cos recursos humanos e materiais, e establecendo un total de 16 obxectivos estratéxicos. O PEC 2024-2026 responde a un novo contexto no que cómpre prestar atención ao alumnado como parte esencial do proceso de ensino-aprendizaxe, ademais da xestión dos recursos humanos e materiais e a busca de alternativas para solucionar problemas persistentes. Pódese atopar máis información sobre o PEC vixente no [apartado 2.1.2](#).

Para a elaboración do novo PEC, o equipo de dirección da Facultade nomeou un grupo de traballo constituído polos membros da Comisión de Calidade do Centro. Nas fases da elaboración do documento (diagnose, redacción, exposición pública, envío, informe técnico, aprobación, difusión), que se poden consultar no propio PEC, seguíronse as directrices establecidas no Proceso PE-01 (Planificación Estratéxica) do [Manual de Procesos da Facultade de Formación do Profesorado](#). O PEC da FFP alínase cos obxectivos do [Plan Estratéxico da USC 2024-2026](#): dese xeito, consonte ás liñas estratéxicas da USC, a FFP establece, dentro das súas liñas estratéxicas, obxectivos relativos á mellora dos plans formativos, o aumento da mobilidade, a formación continua e a actualización do persoal para afrontar os novos retos dixitais, o fomento da innovación no eido da docencia, a xestión eficiente dos recursos materiais, e o aumento da visibilidade do centro.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- 2.1.1. **Política de Calidade.** A vixencia da Política de Calidade.
- 2.1.2. **Plan Estratéxico do Centro (PEC).** Evolución e grao de cumprimento do PEC, se é o caso.
- 2.1.3. **Obxectivos de calidade.** Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- 2.1.4. **Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC).** Evolución do **proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento** do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- 2.1.5. **Coordinación titulacións interuniversitarias e intercentros.** No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as **accións** levadas a cabo como consecuencia da **implantación do SGC están coordinadas en todos os centros** participantes.
- 2.1.6. **Sistema SIGC/SGC.** Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar **cambios na xestión** do Sistema de Garantía de Calidade.
- 2.1.7. **Análise da satisfacción.** A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1.1. POLÍTICA DE CALIDADE

A [Política de Calidade](#) da FFP, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Dentro desa política de calidade, a Facultade asume uns obxectivos xerais e comúns como centro de educación superior da USC, pero tamén obxectivos específicos, sendo o principal a formación de profesionais que sexan capaces de levar a cabo os procesos educativos que lles demande a sociedade. A tal fin, a Facultade responsabilízase do deseño, a planificación da docencia, a organización e desenvolvemento dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de grao e máster que habilitan para o exercicio da profesión docente nas súas diferentes variantes e etapas educativas, así como outros ensinos que teñan como finalidade a preparación para o exercicio de actividades profesionais especializadas no ámbito educativo. Entre os principios baixo os que se desenvolve a política de calidade, plenamente vixentes, destácase o “compromiso coa transferencia de coñecemento e de servizo á sociedade, como contribución ao desenvolvemento educativo, social e económico de Galicia”.

2.1.2. PLAN ESTRATÉXICO DE CENTRO (PEC) E 2.1.3. OBXECTIVOS DE CALIDADE

Por outra banda, durante o curso 2023-2024 foi de aplicación [Plan Estratéxico de Centro elaborado para o periodo 2024-2026](#) (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno con data 29 de novembro de 2024), tendo asimismo en conta as directrices establecidas na [Programación Plurianual USC 2023-2026](#) e os obxectivos marcados no [Plan Estratéxico da USC 2024-2026](#).

Tendo isto en conta, no PEC 2024-2026 da FFP fíxanse a misión (cal é a nosa razón de ser?), a visión e os propósitos estratéxicos (como queremos ser no futuro?) e os valores do noso centro (cales son os principios ou ideais que deben inspirar a nosa actuación?). Asimesmo, descríbese reflexivamente a situación do centro facendo unha diagnose estratéxica na que se emprega a metodoloxía propia da análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) e a análise CAME (Corrixir as Debilidades, Afrontar as Ameazas, Manter as Fortalezas e Explotar as Oportunidades), e establécense liñas estratéxicas (LE) cos seus correspondentes obxectivos estratéxicos (OE) e accións a realizar para cumprir eses obxectivos. As liñas e obxectivos estratéxicos que configuran este Plan Estratéxico son os seguintes:

LE1. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE

- **OE1. Avanzar nos procesos de mellora da coordinación horizontal e vertical**
- **OE2. Posibilitar a participación dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto**
- **OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente**

LE2. ATENCIÓN AO ALUMNADO

- **OE4. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade**
- **OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado**
- **OE6. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro**

LE3. RECURSOS HUMANOS

- **OE7. Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS**
- **OE8. Fortalecer os recursos humanos da Facultade**
- **OE9. Fomentar a innovación docente e a colaboración interdisciplinaria**

LE4. INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS

- **OE10. Mellorar as instalacións e a dotación de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos**
- **OE11. Optimizar e acondicionar os espazos dispoñibles**

LE5. VISIBILIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA

- **OE12. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela.**
- **OE13. Mellorar a páxina web da Facultade**

En liñas xerais, e como se desprende da táboa que segue, os obxectivos estratéxicos mantivéronse no curso 2023-2024 nun nivel de consecución satisfactorio, cumpríndose as metas marcadas para a maior parte dos mesmos nese curso (o 84% das 25 accións asociadas foron desenvolvidas exitosamente):

Táboa 2. Seguimento do PEC da FFP: curso 2023-2024

PEC-FFP						SEGUIMENTO 2023-2024		
LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo Estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Meta	Data final de execución	Porcentaxe de execución	Observacións
LE1. DISEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE	OE1.1. Avanzar nos procesos de mellora da coordinación horizontal e vertical (OE1)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC1.1.1. Diseñar e actualizar ferramentas e protocolos para a coordinación horizontal e vertical	Índices de satisfacción coa coordinación en enquisas externas e internas	Meta: satisfacción superior a 3 puntos sobre 5 nas enquisas	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
	OE1.2. Posibilitar a impartición dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto (OE2)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC1.2.1. Analizar queixas presentadas en órganos e comisións	Número de queixas presentadas por profesorado e alumnado perante o Decanato	Meta: máximo 3 queixas anuais presentadas perante Decanato por esa cuestión	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC1.2.2. Implementar iniciativas para asegurar un ambiente de respecto e disciplina nas aulas	Número de queixas presentadas por profesorado e alumnado perante o Decanato	Meta: máximo 3 queixas anuais presentadas perante Decanato por esa cuestión	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24 malia que non se completaron as tarefas previstas para o periodo 24-26
	OE1.3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente (OE3)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC1.3.1 Abordar desde a FFP e a FCE un proceso de traballo colaborativo co fin de realizar os axustes e actualizacións pertinentes para adaptar as Memorias á situación actual e á normativa vixente	Memorias dos Títulos	Axuste das memorias á normativa vixente	31-12-26	10%	No curso 23-24 elaborouse informe razoado e declaración de intencións condicionada á publicación de ordes ECI
LE2. ATENCIÓN AO ALUMNADO	OE2.1. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade (OE4)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC2.1.1 Desenvolver estratexias para fomentar a participación do alumnado en programas de mobilidade	Número de solicitudes recibidas para participar en programas de mobilidade; número de prazas cubertas	Meta: Aumento estable dun 25% no número de alumnado participante en programas de mobilidade (datos alumnado 22-23: 9 estudantes)	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24

	OE2.2. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado (OE5)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC2.2.1. Efectuar unha análise anual das actividades desenvolvidas no Plan FORTE-FFP	Número de actividades desenvolvidas en cada liña de actuación	Meta: desenvolver un mínimo estable de tres actividades en cada liña de actuación	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC2.2.2. Promover o desenvolvemento de novas actividades nas distintas liñas de actuación do Plan	Número de actividades desenvolvidas en cada liña de actuación; índice de satisfacción coa formación e orientación nas enquisas ao alumnado	Meta: desenvolver un mínimo estable de tres actividades en cada liña de actuación; índice de satisfacción do alumnado igual ou superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
	OE2.3. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro (OE6)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC2.3.1. Realizar tarefas divulgativas para impulsar a participación do alumnado en comisións e órganos colexiados	Número de alumnado representante do colectivo nos diferentes órganos e comisións	Meta: cubrir alomenos o 50% dos postos de representantes do alumnado nos diferentes órganos e comisións (mínimo: 1 estudante en cada órgano ou comisión)	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC2.3.2. Establecer contactos co alumnado para insistir na conveniencia de presentar candidaturas para representar ao seu colectivo en comisións e órganos colexiados	Número de alumnado representante do colectivo nos diferentes órganos e comisións	Meta: cubrir alomenos o 50% dos postos de representantes do alumnado nos diferentes órganos e comisións (mínimo: 1 estudante en cada órgano ou comisión)	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC2.3.3. Desenvolver iniciativas para promover a participación do alumnado nas diferentes enquisas de satisfacción	Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas	Meta: 10% de participación do alumnado nas enquisas (a poboación enquisada varía dependendo da titulación ou da enquisa, polo que non é posible fixar un valor obxectivo único).	31-12-26	70%	No curso 23-24 acádase a meta establecida para as enquisas sobre docencia impartida, mobilidade, egresados dos mestrados e titulación dos mestrados e do dobre grao
	LE3. RECURSOS HUMANOS	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC3.1.1. Administrar unha enquisa ao PDI sobre as súas necesidades e demandas en materia de formación.	Número de actividades formativas específicas para o PDI da Facultade	Meta: alomenos 1 actividade formativa para o PDI da Facultade por curso académico	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24 malia que non se completaron as tarefas previstas para o periodo

								24-26
			AC3.1.2. Analizar os resultados da enquisa e elaborar unha proposta formativa a partir das necesidades detectadas.	Número de actividades formativas específicas para o PDI da Facultade	Meta: alomenos 1 actividade formativa para o PDI da Facultade por curso académico	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24 malia que non se completaron as tarefas previstas para o periodo 24-26
			AC3.1.3. Explorar alternativas e organizar un itinerario formativo específico para o PDI da Facultade	Número de actividades formativas específicas para o PDI da Facultade, enquisa de satisfacción do PDI coa(s) actividade(s) desenvolvida(s)	Meta: alomenos 1 actividade formativa para o PDI da Facultade por curso académico; índice de satisfacción igual ou superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24 malia que non se completaron as tarefas previstas para o periodo 24-26
			AC3.1.4. Organizar e difundir actividades que contribúan á formación continua de profesorado e alumnado	Número de actividades formativas organizadas, número de asistentes, índices de satisfacción en enquisas	Meta: alomenos 1 actividade formativa por curso académico; Índice de satisfacción en enquisas igual ou superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24 malia que non se completaron as tarefas previstas para o periodo 24-26
	OE3.2. Fortalecer os recursos humanos da Facultade (OE8)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC3.2.1. Solicitar unha persoa para a quenda de tarde da conserxería do centro	Número de PTXAS en conserxería da Facultade	Meta: Incrementar un posto en conserxería (valor obxectivo: 2 persoas)	31-12-26	0%	No curso 23-24 cursouse a solicitude pero non se recibiu resposta
			AC.3.2.2. Contactar cos Departamentos que imparten docencia na Facultade para insistir na conveniencia de asignar docencia atendendo ao perfil requirido e evitar a dispersión de horas do profesorado en diferentes centros e títulos.	POD do profesorado	Meta: media de alomenos 50% de horas do POD do profesorado impartidas na Facultade (120h en tempo completo, ou a parte proporcional noutras categorías)	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC3.2.3. Solicitar á Vicerreitoría de Profesorado e á de Organización Académica que se lles permita aos	POD	Meta: gravación das horas correspondentes no prazo ordinario	31-12-26	0%	No curso 23-24 non se avanzou nesta cuestión

			departamentos a gravación de horas de TFG, TFM e Prácticum no prazo ordinario de gravación do resto de materias do POD.					
			AC3.2.4. Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para favorecer a estabilización do profesorado no campus	Número de iniciativas desenvolvidas	Meta: desenvolver alomenos tres iniciativas nesta liña ata o fin de vixencia do plan estratéxico	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o periodo 24-26
	OE3.3. Fomentar a innovación docente e a colaboración interdisciplinaria (OE9)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC3.3.1. Organizar e difundir actividades que permitan a alumnado e profesorado familiarizarse e avanzar no emprego de metodoloxías docentes innovadoras, e promover a implementación de colaboracións interdisciplinarias entre o PDI	Número de actividades de innovación e/ou colaboración interdisciplinaria realizadas	Meta: desenvolvemento de alomenos 3 actividades ata o remate da vixencia do plan estratéxico	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o periodo 24-26
LE4. INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS	OE4.1. Mellorar as instalacións e a dotación de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos (OE10)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC4.1.1 Adquirir e actualizar equipamento tecnolóxico, e dotar ás instalacións con mobiliario e servizos axeitados	Índice de satisfacción nos ítems relacionados co equipamento e recursos do centro nas enquisas a alumnado, PDI e PTXAS	Meta: índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
	OE4.2. Optimizar e acondicionar os espazos dispoñibles (OE11)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC4.2.1. Renovar espazos, mellorar a dispoñibilidade de áreas de traballo e estudo, e crear espazos adecuados para alumnado, PTXAS e PDI	Índice de satisfacción nos ítems relacionados coas infraestruturas do centro nas enquisas a alumnado, PDI e PTXAS	Meta: índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
LE5. VISIBILIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA	OE5.1. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela (OE12)	do 01-01-24 ao 31-12-26	AC5.1.1. Organizar actividades que contribúan á visibilización da Facultade a nivel local,	Número de actividades organizadas	Meta: alomenos unha actividade anual ata o remate da vixencia do plan estratéxico	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24

			nacional e internacional					
			AC5.1.2. Aumentar a publicidade do centro e dos seus programas de formación, salientando as súas características singulares.	Índice de satisfacción nos ítems relacionados coa información pública nas enquisas a alumnado e PDI	Meta: índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC5.2.1. Traballar na organización de contidos e documentación da Intranet	Índice de satisfacción nos ítems relacionados coa información pública nas enquisas a alumnado e PDI	Meta: índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24
			AC5.2.2. Procurar a actualización periódica dos contidos da web da Facultade	Índice de satisfacción nos ítems relacionados coa información pública nas enquisas a alumnado e PDI	Meta: índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	31-12-26	100%	Acádase a meta establecida para o curso 23-24

Con respecto á **Liña Estratéxica 1 (LE1)**, na acción AC1.1.1. sobre ferramentas e protocolos de coordinación, no curso 23-24 acádanse as metas establecidas. Na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF14 23-24), a satisfacción coa coordinación entre materias e niveis dos títulos acadá niveis superiores a 3 puntos sobre 5: 3,98 no Dobre Grao; 4,10 no GMEI; 3,81 no GMEP; 3,07 no MPES e 3,74 no MDAEN. Nese curso procedeuse á recollida de datos para elaborar a terceira edición do [Documento Marco de Funcións](#) das Coordinacións, incorporando tarefas relativas á coordinacións dos mestrados na Facultade e máis ferramentas para facilitar as tarefas de coordinación. A edición vixente (a segunda) atópase no Cartafol de ferramentas para as coordinacións na Intranet da Facultade. Asemade, establecéronse dinámicas de traballo colaborativo con contacto permanente entre as diferentes coordinacións (título, curso, prácticum, etc.) coa responsable de calidade e a coordinadora de calidade. Polo que concirne ás accións AC1.2.1 e AC1.2.2. non se rexistraron queixas formais presentadas no Decanato, polo que se acadan as metas establecidas para o curso malia que restan tarefas por completar ata a fin da vixencia do PEC (ver **AM-24** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). Finalmente, a acción AC1.3.1 sobre axustes nas memorias dos títulos está pendente da publicación das ordes ECI (ver **AM-05**, **AM-08** e **AM-13** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)).

Na **Liña Estratéxica 2 (LE2)**, na acción AC2.1.1 sobre mobilidade acadáronse os obxectivos establecidos. No curso 22-23 houbo 9 estudantes saíntes, e no curso 23-24 foron 17 estudantes, un incremento porcentual do 88% (ver **AM-02** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). Sobre a acción AC2.2.1 que concirne á formación e orientación académica e profesional do alumnado, no [informe de execución do Plan FORTE-FFP do curso 23-24](#) constan tres ou máis actividades desenvolvidas en cada liña de actuación. Na acción AC2.2.2. desenvóléronse máis actividades das previstas, e a satisfacción do alumnado coa orientación profesional e laboral recibida (INF22 23-24) experimentou un aumento xeneralizado en todos os títulos con respecto ao curso anterior (sobe ata 2,73 no GMEI, ata 3,07 no GMEP, ata 2,61 no MPES e supera os 3 puntos no MDAEN. Nas accións AC2.3.1 e AC2.3.2. cubríronse todos os postos de representantes de alumnado nos diferentes órganos e comisións (ver **AM-18** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). Con respecto á acción AC2.3.3. sobre participación do alumnado nas enquisas, acadouse a meta global establecida nun 70% (ver acción relacionada **AM-06** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). No curso 23-24, con respecto á participación nas enquisas da titulación (INF22), no GMEP a participación continúa a subir, dende o 4,1% ao 5,79%. No GMEI mantense na contorna do 5% (5,43%), no Dobre Grao sobe do 8,91% ao 14,57% e no MPES a participación acadá o 12,21%. As enquisas non desglosan resultados por Campus. No MDAEN (título propio) a participación acadá o 10%. Nas enquisas sobre a docencia recibida (INF13) as porcentaxes de participación superan en todos os títulos o 30%: MDAEN: 59,09%; MPES 36,51%; GMEI 40,67%; GMEP 50,42%; DG 55,81%. Nas enquisas sobre mobilidade (INF4), no GMEP a participación foi do 36,36%, no GMEI do 16,67% e no DG do 50%. Finalmente, na enquisa a egresados (INF9, segundo semestre), a participación nos mestrados supera o 10% marcado como meta (MPES 16,67%; MDAEN 17,24%), malia que nos Graos aínda se mantén na contorna do 6% (DG 5,88%; GMEI 5,41%; GMEP 6,78%). Cómpre sinalar que o traballo desenvolvido foi recoñecido na V CONVOCATORIA (2023) PARA O RECOÑECIMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE CALIDADE NOS CENTROS DOCENTES DA USC, concedéndoselle á FFP unha dotación económica pola participación do alumnado nas enquisas de calidade. Tamén cómpre ter en conta que, para paliar o problema da participación do alumnado nas enquisas xestionadas pola Área de Calidade, o centro administra enquisas propias (concretamente referidas a aspectos de coordinación de curso e ás prácticas), que proporcionan información complementaria, e das que se informa noutros apartados desta memoria (apartados [2.1.7](#) e [2.3.8](#) respectivamente).

Na **Liña Estratéxica 3 (LE3)**, polo que concirne ás accións AC3.1.1, AC3.1.2, AC3.1.3 e AC3.1.4 sobre formación de PDI, organizouse unha actividade formativa (Forinnova Lite) para alumnado e profesorado, cumpríndose así o obxectivo marcado para o curso, malia que esta actividade non se encadra no itinerario específico para o PDI da facultade. Asemade, no informe de satisfacción do PDI coas actividades formativas (INF10), estas acadan unha valoración de 4,59 puntos sobre 5, cun índice de satisfacción, polo tanto, superior a 3 puntos. No curso 23-24 avanzouse no deseño da enquisa e nas condicións de administración, quedando pendente o resto das tarefas para o curso seguinte (ver **AM-22** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). A acción AC3.2.1 sobre o aumento do PTXAS non foi efectiva (ver **AM-19** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). Con respecto á acción AC3.2.2 sobre a dispersión do profesorado, no curso 2023-24 e segundo os datos facilitados pola secretaría do Decanato, do PDI rexistrado con docencia na Facultade (90 membros), a porcentaxe de profesorado coa maior parte de horas de docencia noutros centros non chega ao 25% (21 docentes, o 23,33%), figurando 69 docentes (o 76,66%) con centro de destino na FFP, e, por tanto, coa maior porcentaxe de horas de docencia nese centro. Non se desglosa o profesorado asociado cuxo centro de destino na USC é a FFP, e que ascende a 19 docentes. Considérase por tanto acadada a meta para o curso 23-24 (ver **AM-07** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)). Na acción AC3.2.3 sobre a gravación de horas de

TFG, TFM e Prácticum non se puido avanzar neste curso, pero si se desenvolveu o número mínimo de iniciativas establecido no PEC para favorecer a estabilización do profesorado (AC3.2.4.; ver **AM-23** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)), e tamén se acadaron as metas da acción AC3.3.1 sobre actividades de innovación docente e colaboracións interdisciplinares (ver **AM-03** e **AM-04** no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)).

Con respecto aos proxectos interdisciplinares (todos eles detallados no [informe anual de execución do Plan FORTE-FFP do curso 23-24](#)), neste curso desenvolveuse o *Proxecto Interdisciplinar ASerES Lugo: Aprendizaxe-Servizo con Entidades Socioeducativas para a formación de futur@s mestr@s* (que se iniciou en fase de pilotaxe no curso 22-23 no Grao de Ed. Infantil e no Dobre Grao e tivo moi boa acollida por parte do alumnado e das organizacións participantes). Neste proxecto, no que colaboraron membros do PDI da Facultade e do SEPIU, o alumnado traballa con dúas metoloxías: Aprendizaxe-Servizo e Aprendizaxe baseada en proxectos, e o tempo de dedicación encádrase basicamente dentro das súas horas de traballo autónomo. No curso 23-24 participou alumnado do GMEP e Dobre Grao (arredor de 110 estudantes en total), dentro das materias *Didáctica e Tarefas Docentes* (que cursa soamente o GMEP) e *Socioloxía da Educación* (que cursa o GMEP e o DG). O proxecto consiste na prestación dun servizo de carácter socioeducativo ás distintas entidades colaboradoras por parte do alumnado universitario participante dos Graos, con tres liñas de acción: 1) Difusión e apoio do labor das entidades participantes entre a comunidade máis inmediata con determinados colectivos. 2) Deseño e/ou desenvolvemento de accións socioeducativas (a proposta do alumnado e/ou dos responsables das organizacións) para o contexto e destinatarios cos que se traballan. 3) Deseño de recursos/materiais útiles para a entidade (a proposta do alumnado e/ou dos responsables). A iniciativa desenvolveuse novamente con éxito e terá continuidade no seguinte curso.

Outro proxecto interdisciplinar que se desenvolveu na Facultade no curso 23-24 foi *Camiñando xuntxs*, unha actividade de campo vencellada ás materias de Ed. Primaria “Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética”, “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I”, e “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I”. Realizouse un tramo do Camiño Francés (Barbadelo-Portomarín). O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Desenvolveuse asimismo unha saída de campo de carácter interdisciplinar vencellada ás materias de Ed. Primaria “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II” e “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”, que consistiu nunha visita á ARMH (Campus Ponferrada. Universidade de León) e a Las Médulas. Trátase dunha actividade centrada en traballar distintos aspectos didácticos da paisaxe. Atenderase á dimensión subxectiva, caso da relación paisaxe-memoria-procesos educativos de apropiación patrimonial, e tamén á dimensión obxectiva, traballando a integración de distintos elementos da paisaxe para dende a cognición pasar á emoción e, polo tanto á subxectividade. Con esta actividade, enfocada ao ensino-aprendizaxe no medio para a formación docente, búscase unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un claro entendemento mediante a praxe, da educación interdisciplinaria.

Desenvolveuse asemade un proxecto ApS de carácter transversal vencellado a materias de primeiro curso de Ed. Infantil, pero tamén doutros cursos (“Procesos de mellora e uso das TIC”; “Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais”; “Organización e Xestión do Centro Escolar”; “Traballo Fin de Grao”). O título do proxecto é *Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais*, onde coa colaboración de diferentes centros educativos, o alumnado elabora contos interactivos que teñen como obxectivo traballar as emocións entre os máis cativos. Finalmente, no curso 23-24 continuou a súa andaina o proxecto interdisciplinar CompenteS, que persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferentes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais.

Na **Liña Estratéxica 4 (LE4)**, polo que concirne ás accións AC4.1.1 e AC4.1.2 sobre infraestruturas e recursos (ver **AM-20** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)), acadáronse en xeral as metas establecidas para o curso 23-24: na enquisa de satisfacción coa titulación dos Graos e o Dobre Grao (INF22, non desglosada por campus), as infraestruturas e materiais dispoñibles acadan 2,93 puntos no GMEI, 3,50 no GMEP e 2,73 no Dobre Grao, subindo en todos os casos. No MPES a puntuación descendeu lixeiramente ata 2,63 e o MDAEN mantense na contorna dos 4 puntos sobre 5. Na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF14), os espazos e materiais reciben por parte do PDI da Facultade no curso 23-24 valores cercanos aos 4 puntos: 4,12 puntos no GMEI, 3,91 no GMEP, 3,95 no Dobre Grao, 3,86 no MPES, e 4,21 no MDAEN. Asemade, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (INF23) (non desglosada por campus), o estado e adecuación das aulas e equipamento acada valores cercanos ou superiores a 3,5 puntos sobre 5 nos Graos e o Dobre Grao, 3,76 no MPES e rolda os 4 puntos no MDAEN.

Finalmente, na **Liña Estratéxica 5 (LE5)**, dentro da AC5.1.1. organizáronse varias actividades que visibilizan á facultade a nivel local, nacional e internacional: a facultade participou nos programas Xuvenciencia e A Ponte (ver **AM-01** 2023-2024 no informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)), organizou as xornadas internacionais Forinnova Lite (**AM-04** 2023-2024), e unha xornada informativa sobre as oposicións con organizacións sindicais, ademais de seminarios e conferencias abertas con profesionais externos rexistrados no [informe anual de execución do Plan FORTE-FFP do curso 23-24](#). Na acción AC5.1.2 sobre información pública acádase tamén a meta establecida, do mesmo xeito que nas accións AC5.2.1 e AC5.2.2. sobre a web da Facultade (**AM-21** 2023-2024 do informe do PMAC, [apartado 2.1.4](#)): na enquisa de satisfacción coa titulación do curso 23-24 (INF22), o alumnado do Grao de Infantil e de Primaria valora a información dispoñible con 3,70 e 3,45 puntos sobre 5 respectivamente, subindo en todos os casos dende o curso anterior, malia que no Dobre Grao baixa de 3,11 a 2,55. Nos dous mestrados a puntuación supera tamén os 3 puntos, subindo tamén dende puntuacións que roldaban os 2,6 puntos no curso anterior. Asemade, na enquisa de satisfacción coa titulación cuberta polo PDI (INF23), as puntuacións sobre a información dispoñible sobre a titulación soben en todos os títulos, acadando valores superiores a 4 puntos sobre 5.

2.1.4. PLAN DE MELLORAS ANUAL DE CENTRO (PMAC): INFORME DE EXECUCIÓN DO PMAC DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2023-2024

Cómpre asimesmo, dentro da Directriz 1, reflexionar sobre o grao de execución e eficacia do **Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC)** para o curso 2023-2024. Neste apartado preséntase un informe global sobre o PMAC, e as accións de mellora que conforman este plan coméntanse ademais posteriormente dentro das súas directrices específicas.

O Plan de Melloras Anual da FFP para o curso 2023-24 consta de 24 accións de mellora. Das nove accións correspondentes aos **Graos de Primaria e Infantil**, seis accións foron executadas de xeito satisfactorio: **AM-01** (colaboración en iniciativas de captación de estudantado), **AM-02** (desenvolvemento de iniciativas para incrementar a mobilidade do alumnado), **AM-03** (fomento de metodoloxías educativas que integren tarefas de ApS e actividades mediadas polas TIC), **AM-04** (fomento do traballo con metodoloxías innovadoras), **AM-06** (desenvolvemento de iniciativas para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, acción en progreso), e **AM-09** (cambio de modalidade de docencia en dúas materias do Grao de Ed. Infantil). A acción **AM-07** (tarefas de mellora relativas aos recursos humanos) executouse pero non foi totalmente eficaz, xa que as iniciativas desenvoltas non conseguiron a diminución da ratio profesor-alumno en todas as materias, o cal non é competencia directa dos centros. Dúas accións non foron executadas, ámbalas dúas relacionadas con modificacións nas Memorias dos títulos: a **AM-05** (eliminar as mencións non ofertadas) e a **AM-08** (axuste das Memorias ao RD 822/2021). No caso da **AM-08**, a acción executouse parcialmente ao terse elaborados e aprobados as declaracións de intencións e os informes razoados para proceder ás modificacións nos títulos. Porén, as modificacións substanciais condicionáronse e a un posible cambio na orde ministerial disposta polo goberno, proceso que non avanzou no curso 2023-2024.

En conxunto, cómpre reabrir seis accións para o curso 2024-2025 (**AM-01**, **AM-02**, **AM-03**, **AM-06** e a acción unificada **AM-05** máis **AM-08** 2023-2024) para executalas nos termos establecidos ou cunha reformulación, ou para continuar o traballo nesas liñas de actuación, abrir unha acción nova (**AM-06** 2024-2025) relativa a melloras no Prácticum, e outra común para os dous Graos e o MPES sobre a certificación da competencia dixital do alumnado (**AM-07** 2024-2025).

Polo que respecta aos Mestrados, das catro accións correspondentes ao **MPES**, dúas foron executadas con éxito: a **AM-10** (actividades formativas con profesionais externos) e a **AM-11** (actividades de orientación e apoio para a elaboración de TFM). Non foi posible executar as accións **AM-12** (introdución da perspectiva de xénero) e **AM-13** (axuste da Memoria do Título ao RD 822/2021). Neste último caso a acción executouse tamén parcialmente, progresando nos mesmos termos que a acción **AM-08** dos Graos. As actividades das accións **AM-10** e **AM-11** 2023-2024 desenvolveranse como parte do Plan FORTE-FFP en vindeiros cursos, e terán continuidade no curso 2024-2025 (**AM-08** e **AM-09** 2024-2025), e tamén se reabrirá a **AM-13** 2023-2024 para axustar a titulación aos requirimentos do RD 822/2021 (**AM-11** 2024-2025).

En canto ás accións do **MDAEN**, todas elas foron executadas con éxito: a **AM-14** (adscripción do título ao ámbito de coñecemento “Ciencias da Educación”), a **AM-15** (procedemento de revisión de programas), a **AM-16** (rúbrica para revisión de propostas de TFM) e a **AM-17** (enquisa de avaliación do prácticum), e as accións **AM-15** á **AM-17** continuarán a desenvolverse en vindeiros cursos de xeito protocolizado.

Finalmente, polo que concirne ás accións de centro (**AM-18** a **AM-24**), todas elas foron tamén executadas, malia que algunha non foi eficaz e noutras cómpre continuar traballando. A acción **AM-18** (fomentar a participación do alumnado en órganos e comisións) executouse con éxito, e reabrirase no curso seguinte. A acción **AM-19** executouse pero non foi eficaz, xa que a solicitude do conserxe para a quenda de tarde cursouse pero non foi atendida, e reiterarase a solicitude no vindeiro curso tendo en conta a importancia da medida para o bo funcionamento do centro. A acción **AM-20** sobre recursos materiais e a **AM-21** sobre a xestión documental tamén foron executadas con éxito, pero reabriranse para seguir traballando neses eidos. A acción **AM-22** sobre formación do PDI executouse parcialmente ao terse deseñada a enquisa de necesidades e programada a súa administración, e reabrirase no curso seguinte. A acción **AM-23** sobre iniciativas para favorecer a estabilización do profesorado executouse na medida das posibilidades do centro, e na **AM-24** iniciouse o traballo para a creación dunha comisión de convivencia, pero cómpre reabrir as dúas accións no curso seguinte para continuar avanzando nas dúas liñas.

A continuación preséntase unha táboa-resumo das accións de mellora finalizadas no curso 2023-2024 na FFP-Lugo, seguida das táboas específicas (non numeradas) que detallan cada acción de mellora:

Táboa 3. Execución do PMAC da FFP-Lugo (curso 2023-2024)

LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA FINALIZADAS 2023-2024 (FFP)

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTA	ESTADO
AM-01	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus Xuvenciencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC	Equipo Decanal e Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	Xullo 2024	Executada
AM-02	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Dentro do eido de actuación dos centros, deben continuar a desenvolverse mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.	Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	Xullo 2024	Executada
AM-03	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Fomentar a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, a adopción de metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa realización de tarefas ao servizo á comunidade, e a realización de actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.	Decanato e Coordinacións de título	Xullo 2024	Executada
AM-04	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Fomentar o traballo con metodoloxías innovadoras, que permitan ao alumnado familiarizarse con elas e transferilas ás aulas no seu futuro labor docente.	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada
AM-05	Revisión externa dos Informes de Seguimento dos Títulos de Grao (GMEP)	Dende a FFP e a FCE debe traballarse conxuntamente para axustar a Memoria do Título á oferta efectiva de mencións	Equipo Decanal	Xullo 2024	Non executada
AM-06	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Poñer en marcha iniciativas para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada
AM-07	Revisión externa dos Informes de Seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Activar tarefas de mellora relativas aos recursos humanos dos centros, tomando medidas dentro das capacidades de actuación dos centros para diminuír a ratio profesor-alumno, evitar a	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada

		dispersión de horas do profesorado en diferentes centros e títulos e procurar a estabilización e funcionarización da plantilla docente.			
AM-08	Acción de mellora (GMEI,GMEP)	Debido á publicación do RD 822/2021 xorde a necesidade de actualizar os Graos aos novos requerimentos normativos	Equipo Decanal e Comisión de Título	Xullo 2024	Non executada
AM-09	Acción de mellora (GMEI)	Solicitar á Vicerreitoría correspondente o cambio de modalidade de docencia interactiva, pasando de seminario a laboratorio, para dúas materias de Didáctica da Expresión Plástica do Grao de Infantil	Equipo Decanals	Xullo 2024	Executada
AM-10	Informe de seguimento do MPES	Propoñer actividades formativas no MPES (relatorios e outras actividades), de ser o caso, a cargo de profesionais externos	Coordinacións dos títulos de Mestrado	Xullo 2024	Executada
AM-11	Informe de seguimento do MPES	Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)	Coordinación do título de Mestrado, Dirección da Biblioteca	Xullo 2024	Executada
AM-12	Informe de seguimento MPES	Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do MPES	Coordinación do título de Mestrado, profesorado do título	Xullo 2024	Non executada
AM-13	Informe de seguimento MPES	Debido á publicación do RD 822/2021 cómpre actualizar o título aos novos requerimentos normativos	Comisión de Título	Xullo 2024	Non executada
AM-14	Informe de seguimento MDAEN	Solicitar unha modificación non substancial da Memoria do Título, adscribindo o título ao ámbito de coñecemento "Ciencias da Educación", en cumprimento do RD 822/2021	Comisión de Título	Xullo 2024	Executada
AM-15	Informe de seguimento do MDAEN	Deseñar e implementar un procedemento para a revisión de programas que permita asegurar que estes se axustan á normativa de programación e ao especificado nas fichas das materias na Memoria do título	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2024	Executada
AM-16	Informe de seguimento do MDAEN	Deseñar e implementar unha rúbrica para revisión de propostas de TFM por parte da Comisión do Título	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2024	Executada
AM-17	Informe de seguimento do	Deseñar e poñer en marcha unha enquisa para a	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2024	Executada

	MDAEN	avaliación do Practicum por parte de alumnado e titores/as de prácticas dos centros			
AM-18	Proposta de mellora	Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada
AM-19	Revisión Externa dos Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada
AM-20	Proposta de mellora	Adeguar espazos, mellorar infraestruturas, modernizar recursos e adquirir materiais e equipamentos para cubrir as necesidades de alumnado, PDI e PTXAS	Equipo decanal	Xullo 2024	Executada
AM-21	Proposta de mellora	Continuar a traballar na mellora da páxina web da Facultade, introducindo cambios que permitan localizar a información dunha forma máis intuitiva, e manter a páxina actualizada con respecto a actas e documentación relativa a calidade	Equipo decanal	Xullo 2024	Executada
AM-22	Proposta de mellora	Fomentar a formación continua do persoal docente e atender ás necesidades formativas específicas do PDI da Facultade	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada
AM-23	Proposta de mellora	Desenvolver iniciativas, dentro da capacidade do centro, para favorecer a estabilización do profesorado do campus	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada
AM-24	Proposta de mellora	Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para prever e corrixir condutas que dificulten ou impidan o normal desenvolvemento das actividades académicas da Facultade	Equipo Decanal	Xullo 2024	Executada

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 19 de 166	

AM-01

Obxectivo a conseguir: Participar en programas de captación de estudantes dos Graos		
Responsable do obxectivo Equipo Decanal, Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado: OE12. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela.		
Procesos clave relacionados PC-01 Análise de perfil de ingreso e captación		
Indicador/es de medición Participación no programa A Ponte e en XuvenCiencia; número de centros contactados e accións desenvolvidas	Meta a conseguir Manter ou incrementar o número de actividades e contactos cos centros de ensino medio	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-01		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-01
Orix	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Conveniencia de continuar participando nos programas de captación de estudantes	
Definición/ descrición proposta: Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables Equipo Decanal, Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	
Tarefa1 (AM-01.T1)	
Descrición tarefa: Participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal, Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	
Estado: Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: No curso 23-24 conseguiuase a meta establecida nos obxectivos. Polo que concirne ao Programa A Ponte, as actividades realizadas no curso 23-24 foron as seguintes: Visitas a centros Lugo BARALLA CPI Luís Díaz Moreno Lugo Viveiro IES Vilar Ponte Lugo Sarria CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción Lugo Sarria IES Gregorio Fernández Lugo CPR Plurilingüe San José Lugo CPR Plurilingüe Divina Pastora Salesianos Lugo IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes Lugo Castro de Rei IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 20 de 166

En canto á participación da Facultade en XuvenCiencia, no curso 2023-24 tivo lugar do 30 de xuño ao 6 de xullo unha nova edición do [Campus de Verán XuvenCiencia](#), no que se realizaron diferentes actividades en diversas áreas de coñecemento para que o alumnado puidese afondar, de xeito lúdico e práctico, no mundo científico. Ofertáronse 95 prazas para os estudantes, con proxectos, obradoiros e outras actividades. Nesta edición de XuvenCiencia, a FFP participou do seguinte xeito:

O primeiro día (luns), o alumnado realizou unha xincana polo campus. Hai unha estación por cada Facultade, nas que deben resolver un pequeno reto. Na nosa formulamos un pequeno problema xeométrico para que resolvesen con material manipulable.

Proxecto en grupos reducidos. A Facultade contribuíu co [proxecto Supera este reto: Educando con ciencia!](#) no que participaron varios docentes do centro pertencentes ao Departamento de Didácticas Aplicadas. O obxectivo era experimentar con distintos recursos e metodoloxías empregadas na didáctica da expresión corporal, da matemática e das ciencias experimentais.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas:

Os títulos de Grao non presentan problemas de captación de alumnado, tendo en conta as cifras de solicitudes recibidas para as prazas ofertadas dende que se puxeron en marcha estes estudos (ver informes de indicadores proporcionados pola Área de Calidade). Porén, as actividades desta liña de actuación continuarán realizándose en vindeiros cursos xunto con outras iniciativas de captación.

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 21 de 166	

AM-02

Obxectivo a conseguir: Aumentar a participación do alumnado dos Graos en programas de mobilidade		
Responsable do obxectivo Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE4. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de prazas de mobilidade concedidas	Meta a conseguir Manter e aumentar o número de prazas de mobilidade concedidas (aumento orientativo 5%)	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-02		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-02
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Baixa participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.	
Definición/ descrición proposta: Dentro do eido de actuación dos centros, deben continuar a desenvolverse mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade..	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	
Tarefa1 (AM-02.T1)	
Descrición tarefa: Realizar actividades para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade (tales como informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro).	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Na FFP-Lugo, ao longo do curso 2023-2024, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos Coordinacións dos títulos e os Coordinacións de curso informaron cumpridamente ao alumnado por medio do Campus Virtual sobre convocatorias de mobilidade, solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos Coordinacións de mobilidade correspondentes. As posibilidades de mobilidade publicitáronse tamén na xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación, así como nunha sesión específica sobre programas de mobilidade impartida pola RAM do centro que foi avaliada positivamente polo alumnado, cunha media de 3,77 puntos sobre 4. O alumnado saínte aumentou de 9 estudantes no curso 22-23 a 17 no curso 23-24, polo que se conseguiu a porcentaxe de incremento establecida como meta, malia que cómpre continuar a traballar neste aspecto.	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 22 de 166

A participación do alumnado nestas convocatorias é limitada, malia que existen importantes condicionantes alleos aos centros sobre os que se ven reflexionando con detalle nos informes de seguimento dos títulos. No caso das prazas Erasmus de inglés, na FFP-Lugo o alumnado continúa a responder moi positivamente á publicidade feita, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 23-24. Unha razón pola que o alumnado non cubre todas as prazas da categoría de intercambios SICUE é posiblemente de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, non ter bolsas en todos os casos, e estar suxeitas a máis trámites burocráticos. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, non ter asegurada unha bolsa, e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos e a compatibilidade dos plans de estudos.

Data comprobación: Abril 2024

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas:

A acción reabrirase no curso seguinte para continuar a traballar nesta liña

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 23 de 166

AM-03

Obxectivo a conseguir: Fomentar o emprego de metodoloxías educativas innovadoras		
Responsable do obxectivo Coordinacións dos títulos de Grao	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE9. Fomentar a innovación docente e a colaboración interdisciplinaria		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de proxectos concedidos, número de iniciativas desenvolvidas	Meta a conseguir Concesións de proxectos relacionados con ApS e TIC, desenvolvemento de alomenos 3 actividades anuais	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-03		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-03
Orix	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre favorecer a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, animando ao profesorado a participar nas convocatorias anuais da USC (de habelas) relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC, así como en actividades relacionadas con proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).	
Definición/ descrición proposta Fomentar a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, a adopción de metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa realización de tarefas ao servizo á comunidade, e a realización de actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinacións dos títulos de Grao	
Tarefa1 (AM-03.T1)	
Descrición tarefa: Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalguna das diferentes modalidades establecidas nas convocatorias que se produzan sobre proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal e Coordinacións dos títulos de Grao	
Estado Non executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa non foi executada por non constar convocatoria	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 24 de 166

Tarefa2 (AM-03.T2)
Descrición tarefa: Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS) e poñan en marcha iniciativas que supoñan a aplicación de metodoloxías docentes innovadoras.
Data prevista de finalización: Xullo 2024
Responsable: Equipo Decanal e Coordinacións dos títulos de Grao
Estado Executada
Comprobación da tarefa
Descrición Comprobación: No curso 23-24 informouse cumpridamente ao PDI da publicación das convocatorias correspondentes, nomeadamente a de proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS). Varios membros do PDI presentaron propostas de proxectos de ApS e as solicitudes resolvéronse favorablemente, polo que se cumpriron os obxectivos establecidos. Por outra banda, as coordinacións de curso, previa instrución das coordinacións de título, contactaron co PDI de cada curso para animalo a implementar iniciativas e metodoloxías innovadoras, e solicitaron a súa colaboración para rexistrar as características desas actividades nunhas táboas elaboradas ao efecto e dispoñibles nas aulas de coordinación de cada curso. As actividades realizadas por curso compílanse nos informes das coordinacións de curso e título, e incorpóranse ao informe anual de execución do plan de formación e orientación do alumnado da Facultade (Plan FORTE-FFP), no que consta terse superado o número de 3 actividades anuais relacionadas con metodoloxías innovadoras no curso 23-24.
Data comprobación: Abril 2025
Incidencias: Non hai
Axustes/Novas tarefas: A acción reabrirase no curso seguinte para continuar a traballar nesta liña

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 25 de 166

AM-04

Obxectivo a conseguir: Impulsar a formación continua do PDI		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE7.Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS: OE9. Fomentar a innovación docente e a colaboración interdisciplinaria		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de actividades organizadas, número de participantes, enquisas de satisfacción	Meta a conseguir Alomenos unha actividade formativa anual, índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-04		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-04
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Obsérvase que nos graos continúan a ter peso sistemas de avaliación e metodoloxías docentes tradicionais.	
Definición/ descrición proposta Cómpre favorecer a introdución de metodoloxías docentes innovadoras organizando actividades que permitan ao alumnado familiarizarse con elas e transferilas ás aulas no seu futuro labor docente.	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-04.T1)	
Descrición tarefa: Favorecer a formación de profesorado e alumnado en metodoloxías innovadoras mediante a organización de xornadas, relatorios ou outras actividades	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal e Coordinación dos títulos de Grao	
Estado Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Organización das I Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa na FFP (Forinnova Lite) . As Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa (Forinnova Lite) son unha iniciativa gratuita promovida pola Facultade de Formación do Profesorado , así como polos Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da Universidade de Santiago de Compostela. Contouse co apoio organizativo de diversas institucións colaboradoras nacionais e internacionais, entre as que destacan como co-organizadoras a Universidad Nacional (Costa Rica) e a Escola Superior de Educação Paula Frassinetti (Portugal), que desenvolveron accións de consultoría e difusión do evento. As Xornadas, que pretenderon ter un carácter eminentemente práctico , concebíronse como un espazo para a creación de ideas, o establecemento de sinerxías, o intercambio construtivo de opinións e, por suposto, como un	

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
		Páxina 26 de 166

foro para adquirir, mellorar e/ou ampliar competencias a través do coñecemento dos proxectos socioeducativos eTwinning baseados en metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas.

As xornadas desenvóléronse o **16 de outubro de 2023** na Facultade de Formación do Profesorado da USC, comezando ás 8:45 hrs. e rematando ás 19:35 hrs. O detalle do programa con todas as actividades realizadas (mesas redondas, sesión de boas prácticas, obradoiros...) pode visualizarse dende a seguinte web:

<https://forinnova-lite.grupomestura.net/programa/>

O número de inscritos PRESENCIAIS ás I Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa (Foirnova Lite) foi dun total de 142 persoas (cifra moi superior ás 100 personas iniciais estimadas). Asemade, a estas 142 persoas hai que sumar 7 estudantes colaboradores que tamén asistiron ás xornadas, e tamén hai que contemplar a aquelas persoas do Comité Organizador, do Comité Científico e invitados que asistiron presencialmente. En total, estímase unha asistencia PRESENCIAL arredor de **170 persoas**.

Coa celebración destas xornadas cúmprese co obxectivo establecido para esta acción de mellora. Cómpre asimesmo sinalar que no informe de satisfacción do PDI coas actividades formativas (INF10), estas acadan unha valoración de 4,59 puntos sobre 5, cun índice de satisfacción, polo tanto, superior a 3 puntos.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: Non hai

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 27 de 166	

AM-05

Obxectivo a conseguir: Axustar as Memorias dos Títulos dos Graos á oferta efectiva de mencións cualificadoras		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PC-02 Planificación das ensinanzas; PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de mencións ofertadas nas Memorias dos Títulos e número de mencións efectivamente impartidas	Meta a conseguir Axustar as Memorias dos Títulos á oferta efectiva de mencións cualificadoras	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-05		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-05
Orix	Revisión Externa dos Informes de seguimento dos Título de Grao (GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Existe un desaxuste entre as mencións recollidas na Memoria do Título e a oferta actual.	
Definición/ descrición proposta A experiencia destes anos e a reflexión sobre ela amosan que na práctica existen certas dificultades que imposibilitan ofertar algunhas das mencións contempladas inicialmente na Memoria do Título. Tendo isto en conta, dende a FFP e a FCE debe traballarse conxuntamente para axustar a Memoria do Título á oferta efectiva de mencións.	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-05.T1)	
Descrición tarefa: Iniciar un proceso de traballo colaborativo coa FCE-Santiago no que se debaterá e analizará conxuntamente a Memoria do Título para realizar as actualizacións pertinentes en consonancia coa situación presente	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Non executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Esta acción executouse parciamente no curso 23-24 ao terse aprobada a declaración de intencións para realizar modificacións no título. Porén, as modificacións substanciais condicionáanse a un posible cambio na orde ministerial disposta polo goberno, proceso que non avanzou no curso 23-24. No curso 23-24 procedeuse á aprobación da proposta de modificacións substanciais e non substanciais nas comisións pertinentes. As propostas de modificacións substanciais foron aprobadas en Consello de Goberno o 25 de xaneiro de 2024. No mes de marzo de 2024 foi necesario realizar un cambio nos documentos de modificacións non substanciais, xa que se debían adscribir as materias de formación básica a un ámbito de coñecemento, neste caso, ciencias da	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 28 de 166

educación. A proposta foi aprobada en comisión intercentros (7 marzo) así como en comisión de calidade. No mes de abril remitiuse comunicación á Vicerreitoría de titulacións retirándose as declaracións de intencións para a realización de cambios nos títulos de Grao de Mestre de Ed. Infantil e Primaria, facendo referencia a que estes se atopan condicionados a ordes ECI aínda non publicadas e á inviabilidade de achegar a documentación precisa no prazo indicado.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: A acción reabrirase no curso seguinte

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 29 de 166	

AM-06

Obxectivo a conseguir: Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción dos Graos		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE6. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro		
Procesos clave relacionados PS-04 Satisfacción, expectativas, necesidades		
Indicador/es de medición Porcentaxes de participación nas enquisas de satisfacción	Meta a conseguir Aumentar a porcentaxe de participación do alumnado ata acadar alomenos o 10%	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-06		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-06
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
Análise causa: Obsérvase que a porcentaxe de participación do alumnado nalgúns enquisas de satisfacción continúa a ser baixa	
Definición/ descrición proposta Unha vez recompilada a información subministrada pola Área de Calidade sobre a administración de enquisas, cómpre poñer en marcha iniciativas para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título	
Tarefa1 (AM-06.T1)	
Descrición tarefa: Informar ao alumnado sobre a apertura e prazos das diferentes enquisas e instalar á participación, por medio da colaboración das coordinacións de título e curso e empregando diferentes mecanismos (campus virtual, correo-e, avisos presenciais nas aulas, cesión de tempo nas sesións de clase para cubrir enquisas, etc.)	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Coordinación dos títulos	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Dado que as enquisas non son xestionadas directamente polo centro, no curso 23-24, e mediante as coordinacións de curso e título, publicítáronse debidamente todas as enquisas das que foi informada a Facultade. A participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida mantense na contorna do 40% en Infantil, sobe ata o 50,42% en Primaria e sitúase no 55,81% no Dobre Grao, co que se cumpre o obxectivo marcado. Porén, a da satisfacción coa titulación (que non se desglosa por Campus) aínda non acada o 10% en Infantil, sendo do 5,43% no curso 23-24 (5,87% no curso 22-23) e tampouco en Primaria, sendo do 5,79% (malia que sobe dende o 4,10% do curso anterior). Si que o fai no Dobre Grao, onde sobe do 8,91% ata o 14,57%. Cómpre polo tanto continuar a traballar nesta liña.	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 30 de 166

Cómpre sinalar que o traballo desenvolvido foi recoñecido na V CONVOCATORIA (2023) PARA O RECOÑECIMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE CALIDADE NOS CENTROS DOCENTES DA USC, concedéndoselle á FFP unha dotación económica pola participación do alumnado nas enquisas de calidade. Tamén cómpre ter en conta que, para paliar o problema da participación do alumnado nas enquisas xestionadas pola Área de Calidade, o centro administra enquisas propias (concretamente referidas a aspectos de coordinación de curso e ás prácticas), que proporcionan información complementaria.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: A acción reabrirase no curso seguinte

Tarefa2 (AM-06.T2)

Descrición tarefa: Estudar en Comisión de Calidade e/ou Título o procedemento de administración de enquisas aos egresados empregado na Área de Calidade, e determinar que accións se poden levar a cabo para incrementar a súa participación.

Data prevista de finalización: Xullo 2023

Responsable: Equipo Decanal

Estado Executada

Comprobación da tarefa

Descrición Comprobación:

A enquisa aos egresados é competencia da Área de Calidade, polo que a Facultade non é responsable da súa xestión e unicamente se compromete a publicitar as datas da súa realización no caso de serlle comunicadas. Porén, na FFP-Lugo debateuse a situación dos egresados en comisión de calidade (9 de xullo de 2024) e acordouse contactar co alumnado de cuarto curso e solicitar o seu permiso para elaborar unha listaxe de distribución con correos electrónicos externos á USC aos que se poidan dirixir mensaxes con ofertas de traballo e enquisas propias. A listaxe do curso 23-24 foi elaborada e conservárase para futuros contactos.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: Non hai

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 31 de 166	

AM-07

Obxectivo a conseguir: Mellora da xestión de recursos humanos dos Graos		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE8. Fortalecer os recursos humanos da Facultade		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión de recursos humanos		
Indicador/es de medición Ratio profesor-alumno, número de profesorado estable, número de profesorado funcionario		Meta a conseguir Diminución da ratio profesor-alumno en alomenos un 5%
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-07		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-07
Orixe	Revisión Externa do Informe de Seguimento dos Títulos (GMEI e GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa: Cómpre activar accións de mellora relativas aos recursos humanos dos centros. A ratio profesor-alumno está no límite, o cal dificulta aplicar melloras necesarias como aumentar a mobilidade do profesorado ou introducir metodoloxías ou sistemas de avaliación innovadores. Asemade, hai docentes que imparten en varios graos e centros, coas conseguíntes dificultades organizativas. Por outra banda, a porcentaxe de PDI funcionario descende de xeito considerable e debe vixiarse para que non comprometa a correcta impartición do título.	
Definición/ descrición proposta: Tomar medidas dentro das capacidades de actuación dos centros para diminuír a ratio profesor-alumno, evitar a dispersión de horas do profesorado en diferentes centros e títulos e procurar a estabilización e funcionarización da plantilla docente.	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-07.T1)	
Descrición tarefa: Contactar de maneira conxunta dende a FFP e a FCE coas direccións dos departamentos que presenten maior precariedade para ofrecer o seu apoio nunha solicitude conxunta ao Vicerreitorado de Profesorado, e reflexionar cos departamentos sobre a problemática dos docentes que participan en varios graos, pedindo a súa colaboración para que as materias se cubran co menor número posible de docentes e que estes asuman o maior número de horas posible en cada centro. Asimesmo, incidirase no tema da necesidade de estabilización da plantilla naquelas reunións onde sexa posible	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa foi executada. Dende os Decanatos dos dous centros enviouse un escrito conxunto aos Departamentos antes do proceso de elaboración do POD expoñendo a problemática existente no eido dos recursos humanos. Os dous centros levaron a cabo as tarefas que se atopaban dentro das súas capacidades, pero cómpre sinalar que a xestión dos recursos humanos dos centros non é competencia directa dos mesmos. No curso 23-24 en Ed Primaria, a media de alumnado matriculado en materias de formación básica e obrigatorias (IN55G) continuou en aumento, pasando de 77,36 a 78,62, malia que no caso das materias optativas (IN56G) si experimentou un	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 32 de 166

descenso superior ao 5% (de 41,38 a 35,45). No Grao de Infantil a media de alumnado matriculado en materias de formación básica e obrigatorias no curso 23-24 (IN55G) tamén aumentou de 86,52 a 87,89, malia que nas materias optativas (IN56G) tamén experimentou un descenso superior ao 5% (38,53 fronte a 42,53 no curso anterior).

Con respecto á dispersión do profesorado, na FFP-Lugo, no curso 2023-24 e segundo os datos facilitados pola secretaría do Decanato, do PDI rexistrado con docencia na Facultade (90 membros), a porcentaxe de profesorado coa maior parte de horas de docencia noutros centros non chega ao 25% (21 docentes, o 23,33%), figurando 69 docentes (o 76,66%) con centro de destino na FFP, e, por tanto, coa maior porcentaxe de horas de docencia nese centro. Non se desglosa o profesorado asociado cuxo centro de destino na USC é a FFP, e que ascende a 19 docentes.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: Non hai

Tarefa2 (AM-07.T2)

Descrición tarefa: Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para favorecer a estabilización do profesorado no campus

Data prevista de finalización: Xullo 2024

Responsable: Equipo Decanal

Estado Activa

Comprobación da tarefa

Descrición Comprobación:

No curso 23-24 desenvóléronse varias actividades a este respecto, facilitando a conciliación e recoñecendo o labor desenvolvido en cargos de coordinación atendendo ás preferencias horarias do PDI, elaborando e difundindo unha guía para profesorado de nova incorporación, e creando oportunidades de publicación coa edición dun volume sobre innovación educativa en colaboración coa editorial Dykinson.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: Non hai

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 33 de 166	

AM-08

Obxectivo a conseguir: Modificar as Memorias dos Títulos de Grao consonte á normativa vixente		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal e Comisións de Título	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Número de créditos optativos de mención	Meta a conseguir Axustar as Memorias dos Títulos ás novas normativas	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-08		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-08
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade; Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Debido á publicación do RD 822/2021 xorde a necesidade de actualizar os Graos aos novos requirimentos normativos	
Definición/ descrición proposta: Análise da Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias Graos, e Mestrados universitarios. Revisión das Memorias para adaptación das Titulacións ao RD 822/2021	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables: Equipo Decanal e Comisións de Título	
Tarefa1 (AM-08.T1)	
Descrición tarefa: Abordar dende a FFP e a FCE un proceso de traballo colaborativo, no que se debaterán e analizarán conxuntamente as Memorias dos Títulos que corresponda, o RD 822/2021 e a Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de Memorias dos Graos e Mestrados Universitarios, co fin de realizar os axustes e actualizacións pertinentes para adaptar as Memorias á situación actual e á normativa vixente	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal e Comisións de Título	
Estado Non executada	
Comprobación da tarefa	
A tarefa executouse parcialmente. Tendo en conta os contidos do RD 822/2021, no curso 23-24 realizouse no mes de novembro de 2023 unha declaración de intencións para modificacións substanciais e non substanciais do título, que foi aprobada en comisión intercentros (21 de novembro) e xuntas de facultade dos dous centros co informe razoado das comisións de calidade. Faise unha proposta de modificación non substancial consistente na adscripción dos títulos de grao aos correspondentes campos de coñecemento, neste caso, ciencias da educación. Faise asimismo unha proposta de modificación substancial condicionada á aprobación das ordes ECI. As propostas de modificacións substanciais foron aprobadas en Consello de Goberno o 25 de xaneiro de 2024. No mes de marzo de 2024 foi necesario realizar un cambio nos documentos de modificacións non substanciais, xa que se debían adscribir as materias de formación básica a un ámbito de coñecemento, neste caso, ciencias da	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 34 de 166

educación. A proposta foi aprobada en comisión intercentros (7 de marzo de 2024) así como nas comisións de calidade dos dous centros.

No mes de abril remitiuse comunicación á Vicerreitoría de titulacións retirándose as declaracións de intencións para a realización de cambios nos títulos de Grao de Mestre de Ed. Infantil e Primaria, facendo referencia a que estes se atopan condicionados a ordes ECI aínda non publicadas, e á inviabilidade de achegar a documentación precisa no prazo indicado.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: A acción reabrirase no seguinte curso

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 35 de 166	

AM-09

Obxectivo a conseguir: Cambio de modalidade de docencia interactiva en materias do Grao de Infantil		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición PDA 2024-2025	Meta a conseguir Grupos de laboratorio nas materias G3131463 e G3131464	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-09		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-09
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade; Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: O profesorado da área de Didáctica da Expresión Plástica alega que todas as materias da área precisan docencia interactiva de laboratorio por mor das súas características. O curso anterior a Vicerreitoría denegou o cambio de modalidade.	
Definición/ descrición proposta: Por proposta do Departamento de Didácticas Aplicadas, cómpre realizar unha nova solicitude no curso 23-24 para o PDA do curso 24-25, insistindo na necesidade do cambio de grupos Interactivos de Seminario (GIS) a Grupos Interactivos de Laboratorio (GIL) para as materias G3131463 (<i>O debuxo como medio</i>) e G3131464 (<i>Proxectos artísticos</i>), xa que son as únicas materias da área de Didáctica da Expresión Plástica (tanto na nosa Facultade coma na Facultade de Ciencias da Educación) que teñen grupos de seminario no canto de grupos de laboratorio. Trátase dunha modificación non substancial da Memoria do Título, que se incorporará na seguinte modificación que se realice	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-08.T1)	
Descrición tarefa: Cursar á Vicerreitoría correspondente a solicitude para o cambio de modalidade de docencia interactiva, pasando de seminario a laboratorio, para as materias G3131463 (<i>O debuxo como medio</i>) e G3131464 (<i>Proxectos artísticos</i>).	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A solicitude para o cambio de modalidade foi cursada e aprobada	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 36 de 166	

AM-10

Obxectivo a conseguir: Mellorar a oferta formativa para o alumnado do Mestrado		
Responsable do obxectivo: Coordinación do título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes		
Indicador/es de medición Número de actividades organizadas	Meta a conseguir Manter e aumentar o número de actividades organizadas	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-10		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-10
Orix	Informe de seguimento MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Necesidade de mellorar a oferta formativa para o alumnado do Mestrado	
Definición/ descrición proposta: Propoñer actividades formativas no Mestrado (relatorios e outras actividades) contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-10.T1)	
Descrición tarefa: Organizar e implementar actividades formativas no Mestrado (relatorios e outras actividades) contando, de ser o caso, con profesionais externos, tales como un curso sobre Robótica e educación orientado cara ao coñecemento da aplicación da robótica e a intelixencia artificial na educación, un relatorio na xornada de benvinda, ou unha actividade formativa sobre saídas profesionais e como garantir o éxito nun proceso de oposición.	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa executouse con éxito e conseguíuse a meta proposta. O 14 de setembro tivo lugar, no salón de actos da Facultade o acto de inauguración do Mestrado, no que participou cunha charla magistral o profesor Xoan Carlos Rodríguez García, Xefe de Estudos, Coordinador "Erasmus+" e Coordinador STEMBach no IES LUCUS AGUSTI. O 2 de outubro de 2023 celebrouse unha charla, tamén a cargo de profesional externo, sobre intelixencia artificial e educación que contou coa asistencia de ao redor de 30 persoas, co seguinte programa: 1. Definición de IA e conceptos relacionados 2. Historia e aplicacións da IA. 3. Aplicacións basadas na IA para a práctica docente: que esperan os docentes da IA? que ofrece	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 37 de 166

na actualidade a IA no ámbito docente? Retos e desafíos da IA para acadar os ODS. 4. Aspectos éticos na aplicación da IA. 5. Obradoiro práctico Asemade, o 13 de marzo o alumnado do mestrado tivo a oportunidade de asistir a un seminario sobre adicciós a Internet impartido por unha docente invitada dentro do Programa Erasmus+
Data comprobación: Abril 2025
Incidencias: Non hai
Axustes/Novas tarefas: Non hai

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 38 de 166	

AM-11

Obxectivo a conseguir: Mellorar a oferta formativa para o alumnado dos Mestrados		
Responsable do obxectivo Coordinación do título de Mestrado, Dirección da Biblioteca	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes		
Indicador/es de medición Número de actividades organizadas	Meta a conseguir Manter e aumentar o número de actividades organizadas	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-11		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-11
Orixe	Informe de seguimento MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Necesidade de potenciar no MPES a oferta de cursos específicos de orientación e apoio á elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital), en coordinación coa Biblioteca Universitaria	
Definición/ descrición proposta: Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título de Mestrado, Dirección da Biblioteca	
Tarefa1 (AM-11.T1)	
Descrición tarefa: Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital), nomeadamente un curso sobre recursos e técnicas documentais para a elaboración do TFG, un curso sobre Normativa APA, e un curso sobre propiedade intelectual, dereitos de autor e regras para publicar no ámbito da educación.	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado, Dirección da Biblioteca	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa executouse con éxito e conseguiuase a meta proposta. No mes de febreiro, o alumnado foi informado da realización dunha acción formativa sobre XESTIÓN DA INFORMACIÓN CARA A ELABORACIÓN DO TFM. BUSCA E CITACIÓN, que tería lugar o día 20 de febreiro de 2024. Dita acción foi impartida por César Gómez , Director da biblioteca da Facultade de Formación de Profesorado de Lugo, e destinada ao alumnado do Mestrado de Secundaria do Campus de Lugo e ao do Campus de Santiago.	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 39 de 166

CONTIDOS:

1. Fontes de información científica:
 - 1.1 Catálogos de Biblioteca: Iacobus (USC)
 - 1.2 Bases de datos: xeneralistas (Dialnet, WOS, Scopus) e especializadas (Redined, ERIC)
 - 1.3 Portais de revistas científicas (Wiley..)
 - 1.4 Buscadores académicos (Google Scholar / Académico)

Nesta actividade participaron 25 alumnos, sendo todos aptos.

Tamén se levou a cabo outra acción formativa sobre normativa APA, cos seguintes contidos:

1. Citación bibliográfica en APA (7ª ED.):
 - 1.1 Cando debemos citar.
 - 1.2 Aclarando conceptos: cita, referencia bibliográfica e bibliografía.
 - 1.3 Normas APA (7ª ED.).
 - 1.4 Xestores bibliográficos.

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: Non hai

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 40 de 166	

AM-12

Obxectivo a conseguir: Incorporar a perspectiva de xénero na formación inicial do profesorado de secundaria		
Responsable do obxectivo Coordinación do título de Mestrado, profesorado do título	Data inicio: Outubro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de estratexias e actividades	Meta a conseguir Organización de estratexias e actividades para incorporar a perspectiva de xénero	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-12		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-12
Orixe	Informe de Seguimento MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
Análise causa: O Parlamento de Galicia ten instado á USC para incorporar a perspectiva de xénero na formación inicial do profesorado de secundaria	
Definición/ descrición proposta: Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do MPES	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Outubro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título de Mestrado, profesorado do título	
Tarefa1 (AM-12.T1)	
Descrición tarefa: Realización dun curso sobre a perspectiva de xénero na educación	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado, profesorado do título	
Estado Non executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa non puido ser executada neste curso, xa que o alumnado ten uns horarios moi axustados e carecía de tempo suficiente para dedicar a máis actividades complementarias, polo que solicitou que non se levase a cabo.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 41 de 166	

AM-13

Obxectivo a conseguir: Modificar a Memoria do Título de Mestrado consonte á normativa vixente		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal e Comisións de Título	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Modificacións na Memoria do título	Meta a conseguir Axustar a Memoria do Título á normativa vixente	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-13		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-13
Orix	Informe de seguimento do MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade; Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Debido á publicación do RD 822/2021 cómpre axustar o Mestrado á normativa vixente	
Definición/ descrición proposta: Revisión da Memoria para adaptación da Titulación ao RD 822/2021	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables: Comisión de Título	
Tarefa1 (AM-13.T1)	
Descrición tarefa: Abordar dende a FFP e a FCE un proceso de traballo colaborativo, no que se debaterá e analizará conxuntamente a Memoria do Título, o RD 822/2021 e a Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de Memorias dos Graos e Mestrados Universitarios, co fin de realizar os axustes e actualizacións pertinentes para adaptar a Memoria á normativa vixente	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Comisión de Título	
Estado Non executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa executouse parcialmente ao terse elaborados e aprobados a declaración de intencións e o informe razoados para proceder ás modificacións. Porén, as modificacións condicionáronse a un posible cambio na orde ministerial disposta polo goberno, proceso que non avanzou no curso 2023-2024.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 42 de 166	

AM-14

Obxectivo a conseguir: Modificar a Memoria do Título de Mestrado consonte á normativa vixente		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal e Comisións de Título	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Adscripción do título ao ámbito “Ciencias da Educación”	Meta a conseguir Axustar a Memoria do Título á normativa vixente	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-14		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-14
Orixe	Informe de seguimento do MDAEN
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade; Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Por mor da publicación do RD 822/2021 cómpre axustar o Mestrado aos novos requerimentos normativos	
Definición/ descrición proposta: Solicitar unha modificación non substancial da Memoria do Título, adscribindoo ao ámbito de coñecemento "Ciencias da Educación", en cumprimento do RD 822/2021	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Comisión de Título	
Tarefa1 (AM-14.T1)	
Descrición tarefa: Para cumprir coas esixencias establecidas no RD 822/2021 con relación á adscripción a ámbitos de coñecemento, solicitarase á ACSUG a modificación non substancial do plan de estudos, adscribindo o título ao ámbito de coñecemento de "Ciencias da Educación"	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Comisión de Título	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Cursouse a solicitude de modificación previa aprobación nos órganos correspondentes, e foi aprobada, de feito que se modificou a adscripción do título, pasando este ao ámbito de coñecemento de "Ciencias da Educación"	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 43 de 166	

AM-15

Obxectivo a conseguir: Axustar as programacións á Memoria do Título do MDAEN		
Responsable do obxectivo Coordinación do título	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado		
OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PC-02 Planificación das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de programas de materias axustados ás indicacións da Memoria do título	Meta a conseguir 100% dos programas axustados á Memoria do título	
Accións demellora relacionadas(Código)		
AM-15		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-15
Orixe	Informe de seguimento MDAEN
Ámbito de aplicación	Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Cómpre asegurar que as programacións das materias se elaboran tendo en conta a normativa académica e as indicacións presentes na Memoria do título	
Definición/ descrición proposta: Deseñar e implementar un procedemento para a revisión de programas que permita asegurar que estes se axustan á normativa de programación e ao especificado nas fichas das materias na Memoria do título	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título	
Tarefa1 (AM-15.T1)	
Descrición tarefa: Deseñar e implementar un formulario de autocomprobación para a elaboración dos programas, que cubrirá o profesorado do título	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Coordinación do título	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Realizouse correctamente o deseño dunha ficha para a avaliación dos programas, empregando Microsoft Forms. Esta tarefa pode vencellarse cos indicadores IN46M de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida e IN47M correspondente coa Satisfacción do profesorado coa docencia impartida, xa que a revisión e mellora dos programas das materias do máster en base á normativa académica pode contribuír a unha maior claridade nos obxectivos de aprendizaxe, unha mellor adecuación dos contidos ás necesidades formativas do alumnado, unha optimización dos métodos de ensino e avaliación, así como unha mellor coherencia entre as distintas materias do plan de estudos. Deste xeito, espérase que esta mellora repercuta positivamente tanto na experiencia educativa do alumnado como na percepción do profesorado sobre a calidade da súa docencia, garantindo unha puntuación estable superior á 3,5 puntos sobre 5 (Datos do curso 23-24: IN47M: 4,74; IN46M: 4,41)	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 44 de 166

Data comprobación: Abril 2025
Incidencias: Non hai
Axustes/Novas tarefas: A tarefa continuarase desenvolvendo de xeito protocolizado en vindeiros cursos, de maneira que o profesorado aplique esta ficha para axustar os seus programas á normativa académica.

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 45 de 166	

AM-16

Obxectivo a conseguir: Unificar criterios de revisión de propostas de TFM do MDAEN		
Responsable do obxectivo Coordinación do título	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Rúbrica de avaliación	Meta a conseguir Cumprimento duns criterios mínimos de calidade e adecuación no 100% das propostas de TFM	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-16		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-16
Orixe	Informe de seguimento MDAEN
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre deseñar e poñer en marcha iniciativas para asegurar que as propostas de TFM cumpren cuns mínimos de calidade e adecuación	
Definición/ descrición proposta: Deseño e implementación dunha rúbrica para revisión de propostas de TFM por parte da Comisión do Título	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título	
Tarefa1 (AM-16.T1)	
Descrición tarefa: Deseño e implementación dunha rúbrica para revisión de propostas de TFM por parte da Comisión do Título	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Coordinación do título	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Deseñouse a rúbrica para a revisión das propostas de TFM, que foi empregada pola Comisión do Título para os efectos previstos. Esta tarefa pode vencellarse cos indicadores IN46M (Satisfacción do alumnado coa docencia recibida) e IN47M (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida), xa que asegurar que os Traballos de Fin de Máster (TFM) cumpran cuns estándares mínimos de calidade e adecuación repercute directamente na percepción tanto do alumnado como do profesorado sobre o proceso formativo. Deste xeito, espérase que a implantación desta rúbrica de avaliación das propostas de TFM contribúa a incrementar a satisfacción tanto do alumnado como do profesorado coa docencia e garanta unha puntuación estable superior a 3,5 puntos sobre 5 nos indicadores mencionados (Datos do curso 23-24: IN47M: 4,74; IN46M: 4,41)	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: A tarefa continuará desenvolvéndose en vindeiros cursos de xeito protocolizado, empregando esta rúbrica para a revisión das propostas de TFM por parte da Comisión de Título.	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 46 de 166	

AM-17

Obxectivo a conseguir: Mellorar a formación profesional do alumnado		
Responsable do obxectivo Coordinación do título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xuño 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas; PS-04 Satisfacción, expectativas, necesidades		
Indicador/es de medición Enquisa de satisfacción	Meta a conseguir Satisfacción de alumnado e titores profesionais igual ou superior a 3 puntos sobre 5	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-17		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-17
Orixe	Informe de seguimento MDAEN
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre implementar mecanismos para recoller información sobre a satisfacción de alumnado e titores profesionais coas prácticas externas, co fin de mellorar o desenvolvemento das mesmas.	
Definición/ descrición proposta: Deseñar e poñer en marcha unha enquisa para a avaliación do Practicum por parte de alumnado e titores/as de prácticum dos centros.	
Datas	Finalización: Xuño 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Coordinación do título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-17.T1)	
Descrición tarefa: Deseñar e poñer en marcha unha enquisa para a avaliación do Practicum por parte de alumnado e titores/as de prácticas dos centros.	
Data de finalización: Xuño 2024	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Realizáronse correctamente dúas enquisas para a avaliación do Prácticum, unha dirixida ao alumnado e a outra ao profesorado, empregando en ambos casos Microsoft Forms. Esta acción está directamente vinculada cos indicadores IN19M (Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas) e IN20M (Satisfacción dos titores profesionais), xa que permite recoller información estruturada sobre a experiencia dos estudantes e a percepción dos titores, identificando fortalezas e áreas de mellora. A dispoñibilidade de datos obxectivos facilitará a adaptación e optimización das prácticas, asegurando un maior axuste ás expectativas e necesidades	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 47 de 166

formativas do alumnado, así como unha mellor coordinación cos centros colaboradores. Deste xeito, espérase que a implantación desta avaliación contribúa a incrementar a satisfacción global das prácticas e garanta unha puntuación estable superior a 3,5 puntos sobre 5 nos indicadores mencionados. Dato do curso 23-24: IN19M: 4 puntos; Dato máis recente dispoñible do indicador IN20M: 4,24 puntos (curso 22-23).

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: A tarefa continuarase desenvolvendo en vindeiros cursos de xeito protocolizado, de maneira que se poida recompilar información sobre o Prácticum tanto por parte do alumnado como dos titores e titoras profesionais dos centros de prácticas.

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 48 de 166	

AM-18

Obxectivo a conseguir: Aumentar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro		
Responsable do obxectivo Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE6. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Número de estudantes nos órganos colexiados e comisións	Meta a conseguir cubrir alomenos o 50% dos postos de representantes do alumnado nos diferentes órganos e comisións	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-18		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-18
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
Análise causa: Necesidade de promover a participación dos estudantes nos órganos colexiados da Facultade	
Definición/ descrición proposta: Realizar actividades para fomentar e incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables Equipo Decanal, Coordinacións de Título	
Tarefa1 (AM-18.T1)	
Descrición tarefa: Impulsar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións mediante accións informativas e de difusión por diferentes canles	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal, Coordinacións de Título	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: No curso 2023-24, antes de comezar o proceso de elección de representantes, dende o Decanato leváronse a cabo tarefas divulgativas. Cubríronse todos os postos de representantes do alumnado nos diferentes órganos e comisións, polo que se cumpríu o obxectivo fixado.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 49 de 166	

AM-19

Obxectivo a conseguir: Mellora da xestión de recursos humanos		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE8. Fortalecer os recursos humanos da Facultade		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión de recursos humanos		
Indicador/es de medición Número de PTXAS da FFP en quenda de tarde	Meta a conseguir Aumento de un posto de conserxería en quenda de tarde	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-19		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-19
Orixe	Revisión Externa dos Informes de Seguimento dos Títulos (GMEI e GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa: Insuficiencia de persoal en conserxería en quenda de tarde (o centro dispón de 2 persoas en quenda de mañá e 1 en quenda de tarde). A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes, de dous graos, de dous mestrados e de cuarto ciclo, e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Aparte de desempeñar outras tarefas, a persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Por outra banda, o persoal de conserxería realiza funcións de apoio ao profesorado para a posta en funcionamento dos equipos informáticos, cámaras, micrófonos, etc., que debido ás restricións na docencia presencial viron aumentado o seu emprego. Cómpre ter en conta, ademáis, que nos informes emitidos polo comité avaliador para a renovación da acreditación dos Títulos faise fincapé na necesidade de incrementar a dotación de PTXAS da Facultade	
Definición/ descrición proposta: Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-19.T1)	
Descrición tarefa: Tramitar novamente a solicitude á Vicerreitoría correspondente para o aumento dun posto de conserxe en turno de tarde	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A solicitude foi novamente tramitada pero non se recibiu resposta.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Non hai	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 50 de 166	

AM-20

Obxectivo a conseguir: Optimizar e mellorar os espazos e recursos da Facultade		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE10. Mellorar as instalacións e a dotación de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos OE11. Optimizar e acondicionar os espazos dispoñibles		
Procesos clave relacionados PS-02. Xestión de Recursos materiais e Servizos		
Indicador/es de medición índice de satisfacción nos ítems relacionados coas infraestruturas do centro nas enquisas a alumnado, PDI e PTXAS	Meta a conseguir índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-20		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-20
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa: cómpre mellorar a calidade dos recursos materiais e as infraestruturas dispoñibles	
Definición/ descrición proposta: Adecuar espazos, mellorar infraestruturas, modernizar recursos e adquirir materiais e equipamento para cubrir as necesidades de alumnado, PDI e PTXAS	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM.20-T1)	
Descrición tarefa: Renovar espazos, mellorar a dispoñibilidade de áreas de traballo e estudo, e crear espazos adecuados para alumnado, PTXAS e PDI	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Cos orzamentos dispoñibles procedeuse á adecuación de espazos coa realización de obras e adquisición de material, tal e como consta no apartado da Memoria correspondente aos recursos materiais.No curso 23-24 continuouse dotando de servizos adecuados ao espazo creado para o alumnado no local anteriormente ocupado pola cafetería, e acondicionouse o espazo contiguo ao despacho de dirección para despachos de profesorado asociado. A evolución dos indicadores relativos a espazos e recursos é favorable: na enquisa de satisfacción coa titulación dos Graos e o Dobre Grao (INF22, non desglosada por campus), as infraestruturas e materiais dispoñibles acadan 2,93 puntos no GMEI, 3,50 no GMEP e 2,73 no Dobre Grao, subindo en todos os casos. No MPES a puntuación descendeu lixeiramente ata 2,63 e o MDAEN mantense na contorna dos 4 puntos sobre 5. Na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF14), os espazos e materiais reciben por parte do PDI da Facultade no curso 23-24 valores cercanos aos 4 puntos: 4,12 puntos no GMEI, 3,91 no GMEP, 3,95 no Dobre Grao, 3,86 no MPES, e 4,21 no MDAEN. Asemade, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (INF23) (non desglosada por campus), o estado e adecuación das aulas e equipamento acada valores cercanos ou superiores a 3,5 puntos	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 51 de 166

sobre 5 nos Graos e o Dobre Grao, 3,76 no MPES e rolda os 4 puntos no MDAEN
Data comprobación: Abril 2025
Incidencias: Non hai
Axustes/Novas tarefas: Cómpre reabrir a acción de mellora para continuar o traballo nesta liña, adecuando espazos e recursos ás necesidades de alumnado, PDI e PTXAS
Tarefa 2 (AM.20-T2)
Descrición tarefa: Adquirir e actualizar equipamento tecnolóxico, e dotar ás instalacións con mobiliario e servizos axeitados (instalacións eléctricas, wifi, calefacción, etc.).
Data prevista de finalización: Xullo 2024
Responsable: Equipo decanal
Estado: Executada
Comprobación da tarefa
Descrición Comprobación: Cos orzamentos dispoñibles procedeuse á adquisición e actualización de equipamento e mobiliario. Instalouse unha nova caldeira, así como dúas fotocopadoras-escáner para uso do persoal académico e administrativo.
Data comprobación: Abril 2025
Incidencias: Non hai
Axustes/Novas tarefas: Cómpre reabrir a acción de mellora para continuar o traballo nesta liña, adecuando espazos e recursos ás necesidades de alumnado, PDI e PTXAS

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 52 de 166	

AM-21

Obxectivo a conseguir: Continuar a mellorar a información pública dispoñible da Facultade		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE13. Mellorar a páxina web da Facultade.		
Procesos clave relacionados PS-06 Información pública e PS-03 Xestión documental		
Indicador/es de medición enquisas de satisfacción dos grupos de interese coa información pública dispoñible	Meta a conseguir índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-21		

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-21
Orixe	Proposta de mellora
Ambito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa: Cómpre continuar a mellorar a accesibilidade á información dispoñible, tanto para os estudantes como para o resto da comunidade universitaria	
Definición/ descrición proposta: Continuar a traballar na mellora da páxina web da Facultade, introducindo cambios que permitan localizar a información dunha forma máis intuitiva, e manter a páxina actualizada con respecto a actas e documentación relativa a calidade	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa 1 (AM.21-T1)	
Descrición tarefa: Traballar na organización de contidos e documentación da Intranet	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: Durante o curso 23-24, dende a Unidade de Apoio á Xestión do Centro traballouse de xeito continuado para actualizar e mellorar a distribución da información na Intranet polo que concirne a diferentes cuestións, tales como mobilidade, prácticas, acción tutorial, composicións de comisións, etc.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: Cómpre reabrir a acción de mellora para continuar o traballo nesta liña	
Tarefa 2 (AM.21-T2)	
Descrición tarefa: Procurar a actualización periódica dos contidos da web da Facultade	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación:	

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
		Páxina 53 de 166

Cómpre sinalar que os contidos da web externa teñen limitacións á hora de proceder á súa modificación, polo que unha das cuestións sobre as que convén actuar (a presentación dos horarios) trátase de xeito detallado na xornada de acollida. Cóntase ademáis coa colaboración do persoal do Punto de Atención, Información e Servizo da Facultade e da Unidade de Apoio á Xestión, que se encarga de actualizar información académica e relativa a Calidade.

A meta considérase acadada: na enquisa de satisfacción coa titulación do curso 23-24, o alumnado de Infantil e Primaria valora a información dispoñible con 3,41 puntos sobre 5, subindo dúas décimas dende o curso anterior, e no Dobre Grao sobe de 3,11 a 3,41. Nos dous mestrados a puntuación é de 3,81, subindo tamén dende puntuacións cercanas a 2,6 puntos no curso anterior.

Na enquisa de satisfacción coa titulación cuberta polo PDI (INF23), as puntuacións sobre a información dispoñible sobre a titulación soben en todos os títulos, acadando valores superiores a 4 puntos sobre 5 (4,32 nos mestrados e 4,25 nos graos)

Data comprobación: Abril 2025

Incidencias: Non hai

Axustes/Novas tarefas: Cómpre reabrir a acción de mellora para continuar o traballo nesta liña

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 54 de 166	

AM-22

Obxectivo a conseguir: Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE7.Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión recursos humanos		
Indicador/es de medición Número de actividades formativas específicas para o PDI da Facultade	Meta a conseguir alomenos 1 actividade formativa para o PDI da Facultade por curso académico	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-22		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-22
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa O PDI da Facultade ten necesidades formativas específicas ás que cómpre prestar atención. Asemade, é importante fomentar a formación continua do persoal docente	
Definición/ descrición proposta: Analizar as necesidades formativas do PDI e organizar actividades en resposta a esas necesidades	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-22.T1)	
Descrición tarefa: Analizar as necesidades formativas do PDI e organizar actividades que dean resposta a esas necesidades	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa executouse parcialmente e cómpre reabrir a acción no seguinte curso. No curso 23-24 deseñouse unha enquisa para recoller as necesidades do PDI e decidiuse en Comisión de Calidade o procedemento de administración e o momento para facelo, que quedou fixado para o primeiro semestre do seguinte curso. Porén, no curso 23-24 desenvolveuse unha actividade formativa para alumnado e profesorado, coa celebración das I Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa na FFP (Forinnova Lite), recollida na AM-04 2023-2024, polo que a meta considérase acadada.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: A acción reabrirase no curso seguinte.	

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 55 de 166	

AM-23

Obxectivo a conseguir: Favorecer a estabilización do profesorado no campus		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE8.Fortalecer os recursos humanos da Facultade		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión recursos humanos		
Indicador/es de medición Número de iniciativas desenvolvidas	Meta a conseguir alomenos 1 iniciativa para contribuír á estabilización do PDI da Facultade por curso académico	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-23		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-23
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa Cómpre prestar atención aos recursos humanos do centro, e tomar medidas dentro das capacidades da facultade para contribuír á estabilización do seu PDI	
Definición/ descrición proposta: Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para favorecer a estabilización do profesorado no campus	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: SI Data Estado: xullo 2024
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-23.T1)	
Descrición tarefa: Desenvolver actividades que favorezan a estabilización do profesorado (facilitar a conciliación e recoñecer o labor desenvolvido en cargos de coordinación atendendo ás preferencias horarias do PDI; desenvolver iniciativas de orientación para PDI de nova incorporación; crear oportunidades de investigación e publicación para propiciar o desenvolvemento da carreira investigadora do PDI, etc.)	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: No curso 23-24 leváronse a cabo varias actividades para favorecer a estabilización do PDI dentro das capacidades do centro, facilitando a conciliación e recoñecendo o labor desenvolvido en cargos de coordinación atendendo ás preferencias horarias do PDI, elaborando e difundindo unha guía para profesorado de nova incorporación, e creando oportunidades de publicación coa edición dun volume sobre innovación educativa en colaboración coa editorial Dykinson. Considérase polo tanto acadada a meta proposta.	
Data comprobación: Abril 2025	
Incidencias: Non hai	
Axustes/Novas tarefas: A acción reabrírase no curso seguinte.	

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
	Páxina 56 de 166	

AM-24

Obxectivo a conseguir: Posibilitar a impartición dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2023	Data fin: Xullo 2024
Obxectivo estratéxico relacionado OE2.Posibilitar a impartición dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas; PS-04 Satisfacción, expectativas, necesidades		
Indicador/es de medición Número de queixas presentadas por profesorado e alumnado perante o Decanato	Meta a conseguir Redución dun 10% das queixas presentadas	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-24		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-24
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa Cómpre desenvolver iniciativas para prever e corrixir condutas inadecuadas que dificultan ou impiden o normal desenvolvemento das actividades académicas	
Definición/ descrición proposta: Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para prever e corrixir condutas que dificulten ou impidan o normal desenvolvemento das actividades académicas da Facultade	
Datas	Finalización: Xullo 2024; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: NON Data Estado: xullo 2024
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-24.T1)	
Descrición tarefa: Analizar as queixas presentadas por profesorado e alumnado no seo da Xunta de Facultade, Comisións de Título e/ou Comisión de Calidade, e poñer en marcha iniciativas para asegurar un ambiente de respecto e disciplina nas aulas, garantindo así as condicións propicias para a aprendizaxe, previa consulta ao órgano pertinente da USC	
Data prevista de finalización: Xullo 2024	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Executada	
Comprobación da tarefa	
Descrición Comprobación: A tarefa executouse parcialmente, xa que se analizaron as queixas presentadas de xeito informal en Comisión de Calidade e en Xunta de Facultade, e fíxose a consulta á Secretaría Xeral sobre as ferramentas e normativa dispoñibles para prever e corrixir condutas inadecuadas. Os resultados presentáronse en Xunta de Facultade, debateuse sobre a cuestión e tomouse a medida de crear unha comisión de convivencia para a que se solicitou PDI que voluntariamente quixese formar parte. Posteriormente, en Comisión de Calidade debateuse a posibilidade de que as funcións desa comisión de convivencia puidesen ser asumidas pola comisión de xénero. No curso 23-24 non se rexistraron queixas formais sobre este tema no Decanato.	
Data comprobación: Abril 2025	

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 57 de 166

Incidencias: Non hai
Axustes/Novas tarefas: a acción reabrírase no curso seguinte

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 58 de 166

2.1.5. COORDINACIÓN TITULACIÓNS INTERUNIVERSITARIAA E INTERCENTROS

Con respecto aos títulos que se imparten en varios centros da universidade, é preciso valorar se as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

Os títulos do Grao de Primaria e Infantil e o Mestrado MPES impártense en dous centros da USC: a Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP-Lugo) e a Facultade de Ciencias da Educación de Santiago (FCE-Santiago). Estes centros procuran a maior coordinación posible das accións realizadas como consecuencia da implantación do SGC. O seguimento e revisión dos títulos (igual que o seu deseño e, no seu caso, extinción), desenvólvense conforme aos procesos do SGC da Facultade coordinadora (FCE-Santiago no caso do MPES, e no caso dos Graos a titulación está adscrita aos dous centros); a xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízase consonte ás mecánicas establecidas en cada un dos centros que, pertencendo ambos á mesma Universidade, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se desexan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos aplicanse nos dous centros.

As accións concretas levadas a cabo dentro da coordinación intercentros menciónanse na [Directriz 2](#), Revisión periódica e mellora dos programas formativos, no apartado de Guías Docentes e Coordinación ([2.2.2.2](#) e [2.2.2.3](#)).

2.1.6. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE (SGC)

Polo que respecta ao **Sistema de Garantía de Calidade**, a implantación do SGC no ano 2011 posibilitou o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Dende esta perspectiva, o SGC revisase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que en setembro do 2018 aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos clave e 6 procesos de soporte. O [Manual do Sistema de Garantía de Calidade](#) está dispoñible na páxina web da facultade, visible para calquera persoa interesada.

Cómpre salientar que no curso 2023-24 se avanzou na acción de mellora **AM-18**, encamiñada a fomentar e aumentar a representación do alumnado nas diferentes comisións e órganos colexiados. Para promover a participación do alumnado, a través do correo do decanato e das diferentes coordinacións de título e curso informouse a todo o alumnado matriculado nos Graos e Mestrados da Facultade sobre o proceso electoral que se iniciaba co fin de elixir representantes nos órganos colexiados da Facultade, e organizouse unha sesión informativa. Acadáronse resultados moi satisfactorios, cubríndose todas as prazas de representantes do alumnado en órganos e comisións. Consonte as recomendacións realizadas no SGC, e como parte dos obxectivos estratéxicos establecidos no PEC 2024-26, propónse a reapertura desta acción de mellora para o curso 2024-2025 (**AM-19**) para continuar a progresar nesta liña de traballo.

2.1.7. ANÁLISE DA SATISFACCIÓN: MECANISMOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (SATISFACCIÓN, QUEIXAS, NECESIDADES, ETC).

Finalmente, cómpre valorar a adecuación e eficacia dos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. O proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, establece o procedemento de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, completa esta información recollida a nivel institucional por medio de reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, coordinadores de curso, titores de Prácticum), ou, de ser o caso, mediante a elaboración de comunicacións escritas enviadas polos delegados do alumnado aos coordinadores dos diferentes cursos ou do título no caso dos Graos dando conta de posibles incidencias, queixas, suxestións ou necesidades. Esta información, xunto coa procedente dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a derivada de queixas, reclamacións e suxestións formais dirixidas ao Decanato ou á OAR, conforma a base sobre a que se fai o seguimento anual do SGC e dos programas formativos. Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recolle información mediante enquisas son suficientes.

Os índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese é en xeral positivo, e a participación nas enquisas de docencia impartida e recibida por parte de profesorado e alumnado atópase en xeral en niveis aceptables, malia que noutras enquisas cómpre tomar medidas para aumentar a participación. Nos **Graos de Infantil e de Primaria**, con respecto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF13), a participación na enquisa na FFP foi do 40,67% no Grao de Infantil (descende lixeiramente dende o 46,84% do curso anterior). No caso de Primaria, a participación sobe ata o 50,42%, e no Dobre Grao acada un 55,81%. No **MPES** sobe do 16,92% ao 36,51% e no **MDAEN** sobe do 48,15% ao 59,09%.

A acción de mellora **AM-06** desenvolvida no curso 23-24 tiña como obxectivo aumentar a participación nas enquisas, particularmente nas de titulación e egresados. Como acción inmediata, xa que as enquisas non son xestionadas directamente polo centro, no curso 23-24, e mediante as coordinacións de curso e título, aumentouse a publicidade daquelas enquisas das que foi informada a Facultade, e solicitouse a colaboración dos docentes para ceder tempo das súas sesións para cubrir as enquisas presencialmente. Cómpre sinalar que o traballo desenvolvido foi recoñecido na V CONVOCATORIA (2023) PARA O RECOÑECIMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE CALIDADE NOS CENTROS DOCENTES DA USC, concedéndoselle á FFP unha dotación económica pola participación do alumnado nas enquisas de calidade. Tamén cómpre ter en conta que, para paliar o problema da participación do alumnado nas enquisas xestionadas pola Área de Calidade, o centro administra enquisas propias nos Graos (concretamente referidas a aspectos de coordinación de curso e ás prácticas), que proporcionan información complementaria.

Tendo en conta os obxectivos globais establecidos no PEC (AC2.3.3.), conseguiuase aumentar en xeral a participación no caso da enquisa de satisfacción coa titulación (INF22), que é unha enquisa que se administra a alumnado que todavía se atopa cursando estudos. No GMEP a participación continúa a subir, dende o 4,1% ao 5,79%. No GMEI mantense na contorna do 5% (5,43%), no Dobre Grao sobe do 8,91% ao 14,57% e no MPES a participación acada o 12,21%. As enquisas non desglosan resultados por Campus. No MDAEN (título propio) a participación acadou o 10%. Na enquisa a egresados (INF9), a participación nos mestrados supera o 10% marcado como meta no PEC (MPES 16,67%; MDAEN 17,24%), malia que nos Graos aínda se mantén na contorna do 6% (DG 5,88%; GMEI 5,41%; GMEP 6,78%). Cómpre polo tanto continuar o traballo nesta liña, particularmente nos Graos, no curso 24-25, coa correspondente accións de mellora (**AM-04** 24-25), malia que é preciso sinalar que o contacto cos egresados faise dende a Área de Calidade, que é quen xestiona estas enquisas, e que non resulta sinxelo contactar co alumnado dende o centro unha vez que este remata os seus estudos e, polo tanto, deixa de estar vencellado á USC. Dentro da **AM-06** 23-24 desenvolveuse asimesmo unha tarefa para crear unha listaxe de distribución co alumnado egresado dos Graos que permita enviarlles enquisas e ofertas de traballo, e que terá continuidade no curso seguinte. No MDAEN porase en marcha unha acción de mellora no curso 2024-2025 para recompilar datos de satisfacción dos egresados (**AM-16** 2024-2025).

O **grao de satisfacción coa titulación manifestado na enquisa a egresados** (INF09) foi de 3 puntos sobre 5 no GMEI, 4 puntos no GMEP e no DG, 2,52 no MPES e 2,80 no MDAEN. Para aumentar a puntuación nos diferentes ítems no caso dos mestrados abríranse accións de mellora no curso 24-25.

Polo que concirne á **enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida** (INF14), as porcentaxes de resposta no curso 23-24 mantéñense na contorna do 60%: no GMEI baixa do 67,35% ao 58,82%; no GMEP sobe do 60,38% ao 63,64%; no DG sobe do 61,54% ao 64,62%; no MPES baixa do 68,18% ao 54,55%, e no MDAEN sobe do 50% ao 56,52%. Verifícase en xeral a implicación do PDI da Facultade nos procesos relacionados coa calidade. O grao de satisfacción xeral do profesorado mantense en valores positivos: 4,30 sobre 5 no Grao de Primaria, 4,31 no Grao de Infantil, 4,31 no Dobre Grao, 4,40 no MPES e 4,58 no MDAEN.

Con respecto ao grao de **satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolvido**, na enquisa da FFP-Lugo a taxa de participación aumentou visiblemente, pasando do 63% ao 81,82%, e obtívose unha valoración media de 4,67 sobre 5 (superior á valoración global no resto dos títulos da USC, que foi de 4,04), o que reflicte un nivel de satisfacción igualmente elevado.

En canto ao apartado de **queixas, suxestións e reclamacións** presentadas perante o Decanato, cómpre indicar que o centro recibe un reducido número de queixas e reclamacións formais, e que estas adóitanse solucionar satisfactoriamente. De acordo co proceso PS-05 sobre xestión de incidencias, os datos son analizados pola Comisión de Calidade do Centro e rexístranse nos informes de seguimento dos títulos correspondentes e na Memoria de Calidade. Sintetízanse a continuación as queixas e reclamacións recibidas correspondentes á FFP-Lugo, tanto no Decanato como as rexistradas na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR).

No Decanato da Facultade presentáronse dúas reclamacións no curso 2023-24 correspondentes a alumnado dos Graos. Rexistrouse unha reclamación dunha alumna do GMEI contra a Resolución Decanal da súa solicitude de dispensa de asistencia a clases. A alumna solicitaba a dispensa para todas as materias das que estaba matriculada e o decanato non lle autorizou a dispensa en 4 materias (sí nas outras 6) dado que o horario das ditas materias non se solapaba co seu horario de traballo. A alumna fixo alegacións relativas ao seu horario de traballo (a tempo completo), prexuízo económico por ter que xantar 3 días en Lugo e outras. O decanato ratifícase na Resolución inicial, desestimando, polo tanto, a súa reclamación. A alumna non presentou recurso. Tamén se rexistrou unha reclamación dunha alumna do GMEP polo mesmo motivo. A alumna solicitaba a dispensa para todas as materias das que estaba matriculada e o decanato non lle autorizou a dispensa en 2 materias (sí nas outras 8) dado que o horario das ditas materias non se solapaba co seu horario de traballo. A alumna fixo alegacións relativas aos horarios de transporte público. O decanato ratifícase na Resolución inicial, desestimando, polo tanto, a súa reclamación. A alumna non presentou recurso.

No curso 23-24, na Oficina de Análise de Reclamacións non constaron recursos, queixas ou suxestións rexistradas por alumnado da Facultade.

Á marxe dos recursos e queixas que constan na OAR ou se presentan directamente no Decanato, a Facultade dispón doutros mecanismos para coñecer a satisfacción dos grupos de interese, nomeadamente, no caso do alumnado, a través das coordinacións de curso e título para os Graos, que contan coa intervención dos delegados de curso. Estes contactan coas coordinacións de título ou curso para canalizar queixas, necesidades e suxestións do alumnado.

Asemade, na FFP-Lugo, durante o curso 2020-2021 procedeuse á posta en marcha das directrices establecidas [no Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#) (cuxa segunda edición foi aprobada na reunión da Comisión de Calidade en xullo de 2023) e os seus documentos complementarios, sendo un deles as enquisas propias de satisfacción do alumnado con diferentes aspectos relacionados coa coordinación dos cursos dos Graos. Na segunda edición do documento fixéronse algúns axustes no texto, como a referencia aos calendarios de tarefas, e introducíronse novas versións dalgúns anexos, tales como as enquisas de coordinación de curso, a ficha de revisión de programas ou o modelo de informe das coordinacións dos títulos.

Polo que concirne ás enquisas de coordinación de curso, estas proporcionan datos sobre cuestións relativas á marcha do semestre ou curso, tales como a coordinación entre docentes que comparten materias, posibles solapamentos de contidos entre materias, horarios lectivos, número de traballos do semestre ou curso, carga de traballo autónomo do alumnado, etc. As coordinacións de curso xestionan a realización desta enquisa de coordinación para o alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do Campus Virtual, e inclúen os resultados das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, que son trasladados á coordinación de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 61 de 166

problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Asímismo, as coordinacións de título informan en Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

En liñas xerais, e segundo consta no informes das coordinacións de curso e de título (anexados na [acta da Reunión da Comisión de Calidade do 9 de xullo de 2024](#)), no curso 2023-2024 o alumnado atópase satisfeito con respecto aos diferentes ítems da enquisa, e as cuestións problemáticas sinaladas con maior frecuencia fan referencia aos horarios e á carga de traballo dos semestres. A primeira cuestión deriva das limitacións de espazos da facultade con relación ao número de alumnado (cuestión que se agarda teña solución co futuro traslado da facultade ao Campus de Fingoi) e aos requirimentos horarios do profesorado asociado, e para a segunda desenvolveuse unha acción de mellora **AM-04** (2022-2023) consistente en informar ao profesorado sobre a existencia dos calendarios de tarefas de edición conxunta e a conveniencia de cubrilos, e solicitando a súa cooperación, xa que esta ferramenta permite visionar as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que se estimen oportunos. O profesorado aumentou a súa participación nesta tarefa con respecto ao curso anterior, e a ferramenta considérase de utilidade, polo que continúa a empregarse de xeito protocolizado.

Tanto no **MDAEN** como no **MPES** a recollida de datos referentes á satisfacción, queixas e necesidades dos grupos de interese realízase mediante a Área de Calidade da USC, e eses datos reflíctense posteriormente na Memoria de seguimento do Título. No caso do MDAEN, no curso 23-24 púxose en marcha unha acción de mellora para recompilar datos sobre a satisfacción de alumnado e titores profesionais coas prácticas (**AM-17** 2023-2024), procedéndose ao deseño dunha enquisa que se empregará en vindeiros cursos.

Nos diferentes apartados desta memoria, dependendo da súa temática, analízanse pormenorizadamente as queixas, suxestións ou reclamacións presentadas durante o curso 2023-2024 por diferentes membros dos grupos de interese perante as coordinacións de curso e título, así como as procedentes das enquisas realizadas dende a Área de Calidade.

2.2.Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- 2.2.1. Adecuación dos procedementos. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- 2.2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - 2.2.2.1. MVT. Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - 2.2.2.2. Guías docentes. Cumprimento de guías docentes;
 - 2.2.2.3. Coordinación. Procedementos de coordinación,
 - 2.2.2.4. Análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - 2.2.2.5. Aprendizaxe dos titulados. Análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - 2.2.2.6. Satisfacción coa Titulación. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.2.1. ADECUACIÓN DOS PROCEDEMENTOS

A Facultade de Formación do Profesorado ten implantados procedementos para o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Estes procedementos sistematízanse no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#), que establece as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos, e no proceso *PE-02, Revisión e mellora*, do [SGC](#) da Facultade, que guía o seguimento anual dos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. O proceso PE-02 está desenvolvido no [Manual de Procesos da FFP](#).

Anualmente, seguindo este proceso *PE-02*, as Comisións de Título analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Faise un seguimento do cumprimento da memoria verificada do título (MVT), considéranse posibles modificacións ou actualizacións, e analízanse o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. No SGC concréntanse os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación*; *PC-02, Planificación das ensinanzas*; *PC- 04, Desenvolvemento das ensinanzas*, e *PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Os informes destes seguimentos trasládanse á Comisión de Calidade do Centro, que os revisa e analiza, aprobando as accións de mellora derivadas.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme a estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (Comisións de Título e Comisión de Calidade).

2.2.2. ANÁLISE DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS SOBRE O DESEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORA DOS PROGRAMAS FORMATIVOS

2.2.2.1. CUMPRIMENTO DAS MEMORIAS VERIFICADAS

Con respecto ao cumprimento das memorias verificadas, a actividade docente orientada á consecución das competencias previstas estase a desenvolver en liñas xerais consonte o indicado nas Memorias Verificadas dos Títulos (MVTs). A acción de mellora **AM-06** 2021-2022 mediante a cal se

reformulara o proceso de revisión de programas e se creaba un rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias dos títulos de Grao nas MVTs foi executada con éxito e protocolizase para cursos vindeiros. Durante o curso 22-23 as coordinacións dos títulos empregaron unha plantilla de revisión de programas que se facilitou ao profesorado das titulacións para que a cubrise de xeito telemático. As coordinacións de curso recompilaron os datos para elaborar os seus informes de revisión de programas, os cales foron remitidos á coordinación de título correspondente, reflectíndose os resultados nos informes das coordinacións de título, dispoñibles na [Acta do 9 de xullo de 2024 da reunión da Comisión de Calidade do Centro](#). As incidencias e desaxustes detectados foron trasladados ao profesorado ou aos departamentos correspondentes e solucionados satisfactoriamente.

Por outra banda, as coordinacións dos títulos deseñaron para o curso 21-22 un formulario coas materias dos títulos para rexistrar as necesidades de axustes das fichas das materias na MVT. O profesorado enviou os datos pertinentes para cubrir ese rexistro por medio do formulario de revisión de programas, que inclúe campos específicos para detectar necesidades de axustes. Os coordinadores dos títulos recompilaron os datos e emborcáronos no rexistro, que se continuou empregando no curso 22-23 e que se manterá aberto durante varios cursos para que poida ser completado se o profesorado detecta novas necesidades. O rexistro está dispoñible para a súa consulta e actualización no [cartafol de ferramentas](#) para as coordinacións de curso e título na intranet da facultade. A tarefa continuará a desenvolverse en vindeiros cursos de xeito protocolizado, co fin de recoller máis datos sobre necesidades de axustes.

Cómpre engadir, con respecto ás Memorias Verificadas dos Títulos de Grao, que no proceso de renovación da acreditación o comité avaliador sinalou a existencia de certos desaxustes entre as mencións cualificadoras incluídas nas Memorias e as que se imparten na actualidade, de feito que se abriu unha acción de mellora con continuidade no curso 2023-2024 (**AM-05**) para corrixir eses desaxustes, e outra acción (**AM-08**) co fin de adecuar os dous títulos ao Real Decreto 822/2021. Dese xeito, foron elaborados e aprobados a declaración de intencións e o informe razoado para proceder ás modificacións dos títulos de Grao, pero non se puido continuar co proceso ao estar condicionadas as modificacións á publicación das ordes ECI, e atoparse ese proceso paralizado. As tarefas pendentes adíanse para o curso seguinte unificadas nunha única acción (**AM-05** 2024-2025). Unha situación similar deuse no MPES, que tamén adía as tarefas de axuste da MVT para o curso seguinte (**AM-11** 2024-2025).

Polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, a través das coordinacións de curso dos Graos dase conta dos desaxustes que se detecten nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. Os coordinadores de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes ao coordinador de título, o cal fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso *PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas*, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións importantes. Como xa se comentou anteriormente, os datos sobre as revisións dos programas inclúense no informe anual que elaboran as coordinacións de título. Son analizados pola Comisión de Título á hora de preparar o informe de seguimento, e son tamén presentados perante a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

Tendo en conta os bos resultados obtidos nos Graos, no MDAEN propúxose como acción de mellora para o curso 2023-24 (**AM-15**) importar o procedemento de revisión de programas mediante o deseño dun formulario de autocomprobación similar ao empregado nos Graos, acción que se executou de xeito satisfactorio.

2.2.2.2 E 2.2.2.3. GUÍAS DOCENTES E COORDINACIÓN

GMEI e GMEP

No caso dos Graos, e como xa se comentou anteriormente, as coordinacións de curso encárganse anualmente da revisión dos programas-guías docentes, e de detectar problemas de coordinación e solapamento entre materias e de coordinación entre profesorado que imparte a mesma materia, en colaboración coas coordinacións de título e contando coa participación dos delegados de curso. Como xa se mencionou tamén na sección anterior, o proceso de revisión de programas foi reaxustado consonte a acción de mellora **AM-06** executada no curso 2021-2022. Os problemas de coordinación detectados trasládanse directamente ao profesorado implicado, ou ben ao Decanato para que este tome as decisións oportunas (por exemplo, informar aos correspondentes departamentos). Este proceso de revisión e detección de problemas de coordinación a distintos niveis (desenvolvido nas accións de mellora **AM-02** e **AM-09** executadas no curso 2020-2021), atópase xa protocolizado grazas á implementación do [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#) e os seus documentos complementarios. Estes inclúen as enquisas de coordinación de curso destinadas ao alumnado, as cales conteñen ítems específicos para detectar incidencias no que concirne á coordinación entre docentes que imparten a mesma materia e solapamentos de contidos entre materias. A información recollida nas enquisas envíase ao profesorado do curso, que pode facer alegacións ou comentarios, e de ser o

caso, estas observacións trasládanse ao alumnado mediante o foro de novas do Campus Virtual. Na terceira edición do Documento Marco contéplase a inclusión de tarefas realizadas polas coordinacións dos mestrados na FFP, así como a inclusión doutros documentos de axuda ás coordinacións para mellorar as tarefas organizativas das titulacións, e esta iniciativa inclúese como acción de mellora para o curso 2024-25 nos mestrados (**AM-12** 2024-2025)

MPES

O mecanismo de coordinación no caso do MPES é a Comisión Académica, da que forma parte profesorado, alumnado e PTXAS de ambos Campus. Dado que nalgúñas guías docentes publicadas poden producirse desaxustes coa memoria do título, por exemplo no que se refire a metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, no curso 2020-21 a comisión de título deseñou unha estratexia para revisar as guías docentes e comprobar a súa adecuación á memoria do título, coa finalidade de detectar posibles desaxustes ou carencias que poideran ser corrixidos polo profesorado responsable das materias. Posteriormente a Comisión do Título (Santiago-Lugo) acorda informar favorablemente á xunta do centro sobre os programas das materias para o seguinte curso académico, que son previamente aprobados polos departamentos con encargo docente na titulación.

No curso 2023-24 a comunicación da coordinación do mestrado co profesorado seguiu mantendo a través de canles virtuais. A coordinación do mestrado comunicouse co alumnado a través do campus virtual para trasladar avisos do Decanato e das coordinacións, axudas dispoñibles para o alumnado, peticións de participación en enquisas, anuncios de actividades programadas (orientación laboral, orientación sobre o Prácticum), etc.

MDAEN

En relación coas guías docentes, no curso 23-24 examinouse se as distintas partes estaban cubertas e se respondían aos requerimentos da memoria do título. Non se detectou ningunha disonancia salientable na metodoloxía, a avaliación e a cualificación dos estudantes. En todo caso, o nivel de consecución das competencias é razoablemente alto, e abriuse unha acción de mellora para o curso 23-24 (**AM-15**) co fin de asegurar o axuste entre as programacións e a memoria do título, a cal se executou satisfactoriamente e continuará a desenvolverse en vindeiros cursos de xeito protocolizado.

A coordinación entre o profesorado fai que non existan problemas de duplicidade nos contidos impartidos. Nas Guías das materias tampouco se observan duplicidades, e non se rexistran queixas por estes motivos. Non se observan desviacións en relación coa memoria do título, e existe unha importante actualización bibliográfica e metodolóxica, que debe salientarse. Compróbase que as guías son actualizadas curso a curso.

COORDINACIÓN INTERCENTROS

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas prácticas e mecanismos de funcionamento entre os Campus de Santiago e Lugo; esta coordinación garántese mediante a celebración de reunións periódicas que melloren o intercambio de información sobre asuntos como incorporación do alumnado, profesorado, Prácticum, coordinación de materias e seguimento do título.

No curso 2023-24 a Comisión Intercentros reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- Na reunión do 21 de novembro de 2023 procedeuse á aprobación da declaración de intencións para a modificación non substancial e modificación substancial (condicionada á publicación da orde Ministerial que regula as titulacións de Meste) das memorias dos títulos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, para a súa adaptación ao RD 822/2021 e ao *Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela* (*Diario Oficial de Galicia*, 22 de decembro de 2022).
- Na reunión do 7 de marzo de 2024 proceceuse á aprobación do Anexo V para a modificación non substancial das memorias dos títulos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, para a súa adaptación ao RD 822/2021 e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do

procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (Diario Oficial de Galicia, 22 de decembro de 2022).

- Na reunión do 29 de abril de 2024 aprobáronse os Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, o do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria e analizouse o desenvolvemento do Dobre Grao.

É conveniente salientar que a xeneralización do uso de ferramentas virtuais para a comunicación (concretamente Teams) por mor da situación de confinamento derivada da Covid-19 favoreceu a convocatoria de reunións informais de traballo intercentros para abordar temas relativos á calidade (elaboración dos informes de seguimento, debate sobre asuntos relacionados coa memoria de calidade etc.), o cal contribúe a unha mellor coordinación entre os centros de Lugo e Santiago e repercute positivamente nos propios procesos de calidade.

Con relación a este punto, a acción de mellora **AM-20** para o curso 2021-2022 perseguía precisamente continuar co uso de ferramentas virtuais para favorecer a celebración e a asistencia a reunións intercentros, así como ás reunións dos diferentes órganos e comisións da FFP. Esa acción foi executada con éxito no curso 2021-2022 e protocolizouse para ser levada a cabo con continuidade en vindeiros cursos. Durante o curso 2023-2024 procedeuse a organizar e celebrar reunións de diferentes comisións (Comisión permanente, Comisión de Calidade, Comisión Intercentros, Comisións de Título, e outras reunións de comisións delegadas, como por exemplo as da Comisión de Intercambios) de xeito telemático e empregando a ferramenta do correo electrónico institucional, sempre que fose posible tendo en conta os temas a tratar, tal e como consta nas actas das respectivas reunións das comisións.

O uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións de comisións e outros órganos contribuíu, sen lugar a dúbida, a fomentar unha maior asistencia e participación de PTXAS e PDI sexan membros ou non delas (convidase a todo o PTXAS e PDI ás Xuntas de Facultade).

2.2.2.4. PERFIL INGRESO/EGRESO

GMEI e GMEP

Para os Graos de Infantil e Primaria, as memorias verificadas indican que a selección dos alumnos de novo ingreso rexeráse pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, pola que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á universidade. Sinálase, así mesmo, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais. Non se observan disonancias remarcables entre o perfil real do alumnado matriculado nos títulos e o perfil de ingreso establecido nas memorias verificadas.

En relación co perfil de ingreso e as ensinanzas de acceso, no caso da FFP-Lugo e de acordo cos datos da CiUG, no curso 2023-2024 o 23% do alumnado matriculado no Grao de Infantil provén da Formación Profesional (no curso anterior fora do 25%) e o 77% do Bacharelato (75% no curso anterior), mentres que no Grao de Primaria aumenta o alumnado procedente do Bacharelato con respecto ao curso anterior: o 90% do alumnado provén do Bacharelato (82% no curso anterior) e o 10% da Formación Profesional (18% no curso anterior). A nota media de acceso no Grao de Infantil foi de 9,196 en Bacharelato (9,291 no curso anterior) e 9,270 en FP (subindo do 8,931 no curso anterior), mentres que no Grao de Primaria aumenta en xeral, sendo de 10,464 en Bacharelato (10,141 no curso anterior) e 10,381 en FP (9,948 no curso anterior). Polo que respecta ao Dobre Grao, no curso 2023-2024 o 94% do alumnado de nova matrícula provén do Bacharelato e soamente o 6% da Formación Profesional, e a nota media de acceso no curso 23-24 descende con respecto ao curso anterior: 11,896 en Bacharelato (12,132 no curso anterior) e 11,380 en FP (12,180 no curso anterior), malia que a media continúa a ser alta, un feito que se explica polo límite de prazas existente e a elevada demanda desta dobre titulación.

O perfil formativo/egreso dos títulos conserva a súa relevancia e interese no noso contexto social. No curso 2016-2017 implantouse a 2ª edición dos plans de estudos. Esta modificación académica responde ás necesidades e condicións da profesión regulada. Polo que respecta ao índice de inserción laboral, os datos dispoñibles sobre este apartado para os Graos de Primaria e Infantil corresponden á cohorte de egresados 2013-2014 ata a do 2017-2018, e amosan en termos xerais un ascenso na taxa de afiliación á Seguridade Social dende o primeiro ano

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 66 de 166

despois de egresar (entre o 30% e o 40% en primaria, entre o 20% e o 30% en infantil) ata o cuarto ano (preto do 80% en primaria e preto do 70% en infantil), aumentando asimesmo as porcentaxes do grupo de cotización de titulados (acadando entre o 70% e o 80% en primaria no cuarto ano, e ao redor do 40% en infantil). A porcentaxe de autónomos mantense en cifras baixas no terceiro e cuarto ano despois de egresar, tanto en infantil (ao redor do 5% nos últimos anos rexistrados) como en primaria (ao redor do 3%), e a porcentaxe de indefinidos no cuarto ano despois de egresar atópase entre o 15% e o 20% en primaria e chega ao redor do 40% no cuarto ano despois de egresar en infantil.

MPES

No MPES, o 62,20% dos estudantes matriculados no máster na FFP-Lugo foron egresados de diferentes titulacións da USC (66,25% no curso anterior). No curso 2023-24 rexistrouse ao redor do 1% de alumnado estranxeiro e a porcentaxe dos nacionais de fóra de Galicia descende do 10% ao 4,88%. A nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que iniciaron estudos na FFP-Lugo foi de 7,26, semellante á da edición anterior (7,32).

No tocante ao perfil de egreso, a taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso) experimenta un ascenso con respecto ao curso anterior, do 77,36% ao 87,5% en Lugo (superior á media da USC, que é do 81,83%). A duración media dos estudos (que amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica) pasa de 1,24 anos a 1,48 anos, pero mantense inferior á media da USC (1,50)

MDAEN

No MDAEN, o número de alumnado matriculado de novo ingreso procedente de titulacións da USC foi de 8 estudantes sobre 19. A nota media de entrada dos estudantes segue a estar por enriba dos sete puntos, e neste caso foi a puntuación media máis alta de entrada dende a primeira promoción do título (8,24). A demanda continúa a ser alta: 66 solicitudes de matrícula na convocatoria xeral. Ofertáronse 25 prazas, a matrícula de novo ingreso por preinscrición foi de 19 e a matrícula global de 24. A porcentaxe de estudantes estranxeiros acada o 20,83%, e os estudantes nacionais de fóra de Galicia foron o 16,67% (cifra moi superior ao 5,41% do curso anterior). Con respecto á captación de alumnado, no curso 24-25 poñerase en marcha unha acción de mellora (**AM-18** 2024-2025) para fomentar a matrícula de alumnado estranxeiro.

Polo que concirne ao perfil de egreso, a taxa de graduación no curso 23-24 mantense no 87,5%, moi superior á media da USC (81,83%) e a duración media dos estudos diminúe de 1,4 a 1,27 anos (tamén inferior á media da USC: 1,5). A taxa de éxito dos egresados foi do 99,17%

2.2.2.5. RESULTADOS DE APRENDIZAXE DOS TITULADOS

Os valores analizados a continuación proceden dos respectivos Autoinformes de Seguimento dos títulos, así como dos datos subministrados pola Área de Calidade.

GMEI e GMEP

A demanda estable dos estudantes polos títulos de Grao ofertados ven refrendada tanto pola traxectoria da Facultade na formación de mestres como polos resultados obtidos polos egresados. No Grao de Primaria na FFP-Lugo, a taxa de graduación no curso 2023-24 sitúase no 83,15% (un valor inferior ao 92,45% do curso anterior pero moi positivo e significativamente superior á media da USC do 60,57%) e no 85,37% no Grao de Infantil (similar ao 88,37% do curso anterior), sendo a duración media dos estudos de 4,24 anos en Primaria (similar aos 4,15 anos do curso anterior) e 4,14 en Infantil (diminuindo dende o 4,23 do curso anterior), os dous datos inferiores á media da USC de 4,80. Os datos amosan unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian o proceso formativo destes Títulos. As taxas de rendemento dos egresados mantéñense en valores positivos: 94,53% en Infantil e 93,78% en Primaria. No caso do Dobre Grao, os datos son igualmente positivos e similares aos do curso anterior. A taxa de graduación foi do 88,24% e a duración media dos estudos de 5 anos. A taxa de éxito foi do 99,07% e a taxa de avaliación do 98,81%.

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 67 de 166

MPES

Como xa se mencionou anteriormente, no MPES no curso 2023-24 a taxa de graduación sobe ata o 87,5% en Lugo, e a duración media dos estudos aumenta a 1,48 anos. A taxa de éxito dos egresados mantense en valores moi positivos (98,89%), ao igual que a taxa de rendemento (91,66%), e a taxa de avaliación (92,69%), subindo en conxunto todos os indicadores con respecto aos do curso anterior, e sendo superiores á media da USC.

MDAEN

No caso do MDAEN, como xa se comentou tamén con anterioridade, no curso 2023- a taxa de graduación mantense no 87,5%, moi superior á media da USC, e a duración media dos estudos diminúe de 1,4 anos a 1,27. A taxa de éxito dos egresados foi do 99,17%, a taxa de avaliación do 91,65% e a taxa de rendemento do 90,89%, valores todos eles superiores á media da USC. Os valores positivos rexistrados dan conta do bo desenvolvemento do título.

2.2.2.6.. SATISFACCIÓN COA TITULACIÓN: SATISFACCIÓN, NECESIDADES, QUEIXAS E SUXESTIÓNS RELACIONADAS COAS TITULACIÓNS

GMEI e GMEP

Con respecto aos índices de **satisfacción** dos grupos de interese **coa titulación (INF22 e INF23)**, valóranse os indicadores dispoñibles a nivel de título (isto é, conxuntos para a FFP-Lugo e a FCE-Santiago). No seu conxunto, as valoracións de alumnado e profesorado soben en xeral.

No **Grao de Infantil** a satisfacción xeral do alumnado foi de 3,46 puntos sobre 5, cun significativo ascenso dende o 2,82 do curso anterior, e a satisfacción do PDI foi de 3,96 puntos sobre 5 (4,04 no curso anterior)

No caso do **Grao de Primaria**, a valoración do alumnado foi de 3,39 sobre 5 puntos, tamén subindo con respecto á do curso anterior (2,86) e a do PDI foi de 4,12 sobre 5 (4,08 no curso anterior)

Polo que concirne á **satisfacción xeral coa titulación da enquisa de egresados (INF09)**, esta mantense en valores positivos. O ítem da satisfacción xeral coa titulación acada 4 puntos sobre 5 no Grao de Primaria en Lugo, e un 4,25 sobre 5 no Grao de Infantil.

Co fin de mellorar tanto as enquisas dos egresados como as enquisas de satisfacción coa titulación, cuxos datos de participación son aínda baixos, púxose en marcha unha acción de mellora para o curso 2023-24 (**AM-06**) xa comentada anteriormente na sección [2.1.7](#), e que terá continuidade no curso 2024-2025 (**AM-04**).

Na **enquisa de satisfacción do profesorado coas titulacións (INF23)**, non desglosado por Campus), os ítems peor valorados no curso 2023-24 nos dous Graos foron a implicación do alumnado (3,67 en Primaria e 3,53 en Infantil) e as aulas e equipamentos (3,55 en Primaria e 3,56 en Infantil), malia que non son valores excesivamente baixos. Os ítems mellor valorados nos dous Graos fan referencia á atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,60 en Primaria e 4,58 en Infantil) así como a utilidade do Campus Virtual (4,39 en Infantil) e a información dispoñible sobre a titulación (4,36 en Primaria)

Pola súa parte, na **enquisa de satisfacción do alumnado** do Grao de Primaria e Infantil **coa titulación (INF22)**, non desglosado por Campus), o ítem peor valorado no Grao de Infantil é o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos (2,86, malia que sobe dende o 2,59 do curso anterior). A valoración da orientación profesional e laboral sobe de 2,55 a 3,07, e tamén a valoración da carga de traballo (de 2,36 a 3,07). Os ítems mellor valorados son os trámites de matriculación (3,93) e o Campus Virtual (3,85). No Grao de Primaria o ítem peor valorado é o referente á carga de traballo (2,46, malia que sobe dende o 2,36 do curso anterior), e os ítems mellor valorados son tamén os trámites de matriculación (4,13) e o Campus Virtual (3,95). No caso do Dobre Grao, na enquisa de satisfacción coa titulación o alumnado outorga unha valoración xeral de 3,73 sobre 5 (superior ao 2,89 do curso anterior), a maior puntuación outorgada corresponde aos trámites de matriculación (3,95) e ao Campus Virtual (4,18), e o ítem peor valorado foi a organización da titulación (2,09, malia que sobe dende o 1,67 do curso anterior). Cómpre ter en conta neste aspecto que, no caso do alumnado do Dobre Grao, este está a cursar simultaneamente dous graos, polo que a organización é máis complexa que nos Graos.

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO Páxina 68 de 166
---	--

Atendendo a estes datos e polo que concirne á carga de traballo, executouse a acción de mellora **AM-04** 2022-2023 relativa aos calendarios de tarefas de edición conxunta para o profesorado dos Graos e do Dobre Grao, xa comentada na sección [2.1.7.](#), a cal ten continuidade de xeito protocolizado en vindeiros cursos.

MPES

No MPES, en canto á satisfacción xeral do **alumnado coa titulación (INF22)**, os datos son asimesmo globais para os dous Campus. A porcentaxe de resposta no curso 2023-24 aumentou lixeiramente do 11,9% ao 12,21%, e acadouse unha puntuación media de 2,87 sobre 5 (aumentando dende o 2,57 do curso anterior). En xeral aprécianse subidas nas valoracións, especialmente naquelas que no curso anterior non chegaban aos 2 puntos sobre 5 (equilibrio entre contidos teóricos e prácticos, organización da titulación e oferta de TFM). As puntuacións na orientación laboral e profesional suben de 2,40 a 2,61, o cal amosa que as accións de mellora realizadas no curso 23-24 para atender ás demandas formativas do alumnado (**AM-10** e **AM-11** 2023-2024), están a dar froitos. Os valores máis positivos refírense aos trámites de matriculación (3,81) e ao calendario de probas de avaliación (3,84 puntos sobre 5). As accións formativas desenvolvidas no curso 23-24 terán continuidade no curso seguinte (**AM-07** e **AM-08** 2024-2025), e formarán asimesmo parte do Plan de Formación, Orientación e Tutorización do Estudantado da Facultade (Plan FORTE-FFP).

Atendendo ao **profesorado e á súa satisfacción coa titulación (INF23)**, datos non desglosados por Campus), a porcentaxe de resposta sitúase na contorna do 44% (similar á do curso anterior) acadando unha puntuación media de 4,12 sobre 5 no curso 2023-2024 (lixeiramente superior ao 4 do curso anterior). Os aspectos mellor valorados fan referencia á atención do persoal de xestión e administración e o calendario de probas de avaliación (4,42 puntos sobre 5) así como á utilidade do campus virtual (4,47), e os aspectos mellorables concirnen á percepción da satisfacción do alumnado coa titulación (3,66), malia non ser unha puntuación baixa e subir dende o 3,57 do curso anterior.

En canto ao índice de **satisfacción dos egresados coa titulación (INF09)**, no curso 2023-24 o ítem referido á satisfacción xeral coa titulación acada 2,52 puntos, malia que non se dispón de datos desglosados por campus que permitan realizar unha análise máis detallada. En calquera caso, abríranse no curso 24-25 diferentes accións para a mellora da titulación no seu conxunto.

MDAEN

A valoración xeral da titulación, tanto por parte dos estudantes como do profesorado, acada valores positivos, consonte ás enquisas de satisfacción co título cubertas por alumnado e profesorado.

Neste mestrado, a **satisfacción do alumnado coa titulación (INF22)** acada no curso 2023-24 valores que roldan os 4 puntos sobre 5, cunha notable subida dende o 2,67 do curso anterior, e cunha participación similar (10% fronte ao 11,11% do curso anterior). O aspecto mellor valorado refírese aos trámites de matriculación (5 puntos). En canto ao aspecto co que amosan menor satisfacción, este correspóndese cos horarios, carga de traballo e calendario de probas de avaliación (3,50, malia non ser unha puntuación baixa). Ao igual que no MPES, as puntuacións máis baixas, que roldaban o 1,6 no curso anterior, soben notablemente ata acadar valores cercanos ou superiores aos 4 puntos, o cal amosa a efectividade das accións desenvolvidas para a mellora da titulación (**AM-15** a **AM-17** 2023-2024 sobre procedemento de revisión de programas, rúbrica para propostas de TFM e enquisa para a avaliación do Prácticum). Por exemplo, o ítem referido á organización do TFM subiu de 1,33 a 4,5, e o ítem sobre á organización da titulación subiu de 1,67 a 4. Na enquisa de **satisfacción dos egresados coa titulación (INF09)**, o ítem referido á satisfacción xeral coa titulación acada 2,80 puntos sobre 5, e tamén se abrirán accións no curso 24-25 para a mellora da titulación no seu conxunto.

Polo que concirne á **satisfacción do PDI coa titulación (INF23)**, a valoración global foi no curso 23-24 de 4,31 puntos sobre 5 (positiva malia que lixeiramente inferior aos 4,51 puntos do curso anterior), cunha participación que aumenta considerablemente do 30,43% ao 54,17%. As puntuacións superan os 4 puntos sobre 5 na maior parte dos ítems. Os mellor valorados no curso 2023-24 foron a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,62), o calendario de probas de avaliación (4,38) e a asistencia regular do alumnado ás clases (4,66). No polo oposto, a menor satisfacción tería que ver coa coordinación dos docentes do título (3,85 puntos sobre 5), malia que a puntuación outorgada non é baixa.

2.3.Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

Garantía de aprendizaxe. Evidencias claras e continuas da **adequación dos procedementos** relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

- 2.3.1. **Normativas.** Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
- 2.3.2. **Admisión** do alumnado (acción de captación).
- 2.3.3. **Complementos formativos**, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
- 2.3.4. **Orientación** académica (plan de acción tutorial) e profesional.
- 2.3.5. **Mobilidade.**
- 2.3.6. **Metodoloxía** de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
- 2.3.7. **Avaliación** da aprendizaxe
- 2.3.8. **Prácticas** externas.
- 2.3.9. **Traballos fin de grao/máster** (asignación, supervisión, avaliación).
- 2.3.10. **Resultados** da aprendizaxe nas materias do título.
- 2.3.11. Indicadores de **satisfacción**, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procedementos que rexen o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no Manual do [SGC](#) da Facultade e os procesos chave especifícanse no [Manual de Procesos da FFP](#). Este apartado concirne en particular a cinco procesos chave (PC-01, *Análise do perfil de ingreso e captación*; PC-02, *Planificación das ensinanzas*; PC-03, *Apoio aos estudantes*; PC-04, *Desenvolvemento das ensinanzas*, e PC-05, *Análise de resultados e mellora dos programas*), e a través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

2.3.1. APLICACIÓN DE NORMATIVAS

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de Grao e Mestrado; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias, e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

A aplicación destas normativas estase a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estanse a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. En aplicación da **Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións**, na USC existe un apoio tutorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-titor e o alumno. A súa finalidade consiste en axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos, quedando excluídas as materias do Traballo Fin de Grao e das Prácticas externas tuteladas.

Con respecto ao **Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM**, cómpre sinalar que o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de tutorización e avaliación esixiron un cambio da

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 70 de 166

normativa da USC, que se materializou nun novo [“Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela”](#), aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 e modificado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024. Ao abeiro deste regulamento os TFG dos centros cunha elevada ratio de alumnado por docente poden solicitar unha avaliación alternativa. Para as titulacións do GMEI e GMEP concedeuse, por parte da vicerreitoría correspondente, que os TFG poidan ser defendidos ben ante un tribunal ou ben ante o PDI que o titoriza. Esta medida iniciouse no curso 2016-2017 e continúa na actualidade, sen supoñer unha merma nos niveis de calidade e esixencia.

No curso 2023-2024 desenvóléronse segundo o establecido os Regulamentos do Traballo Fin de Grao das titulacións de Grao en Mestre de Educación Primaria e Infantil.. Asimesmo, tanto no MDAEN como no MPES, as defensas dos TFM se levaron a cabo consonte á normativa vixente e con total normalidade.

En canto á **Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos** para os Graos, as Memorias verificadas especifican que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanza superior oficial non universitaria é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36. Esta normativa aplicouse no curso 2023-24, e tamén se desenvolveu segundo o establecido o **Regulamento das prácticas académicas externas**.

Finalmente, polo que concirne á instrución sobre dispensa de asistencia, esta ten en conta que, segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e desexo das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”.

Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes eidos da vida do estudiantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito, a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias (existe un novo [Regulamento de asistencia a clase](#) nas ensanzas oficiais de Grao e Máster da USC, aprobado en Consello de Goberno do 25 de novembro de 2024, que entrou en vigor no curso 24-25 e con plenos efectos a partir do curso 25-26, o cal regula tamén a dispensa de asistencia). Para poder atender debidamente ao alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes contemplan de xeito explícito a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada e no regulamento posterior, para situacións excepcionais debidamente documentadas valorárase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén indican os procedementos necesarios para que o alumnado con dispensa de asistir a clase poida acadar as mesmas competencias que se recibise docencia presencial. As persoas que coordinan os diferentes cursos, no proceso de revisión de programas, supervisan anualmente que as programacións das materias contemplan explicitamente o tratamento do alumnado con dispensa.

Con carácter xeral, a concesión da dispensa da asistencia pode verse limitada para materias cun contido fundamentalmente práctico, como son as materias de Prácticum. A dispensa a clase concédese só para aquelas actividades ou sesións para as que o programa da materia non establece explicitamente a obrigabilidade de asistencia. Para solicitar a dispensa, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrución, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa para cursar os estudos.

No curso 2023-24 foron concedidas na FFP-Lugo as seguintes dispensas nos Graos: GMEI (13), GMEP (15), DG (2). No caso do MDAEN, non constan solicitudes de dispensa. Finalmente, polo que respecta ao MPES, estase concedendo un número importante, principalmente por motivos laborais. A situación é preocupante, e conduce á reflexión sobre a posibilidade de limitar a súa concesión tendo en conta que: a) se trata dunha titulación profesionalizante, b) na convocatoria xeral de matrícula establécese unha cota máxima de 15% de prazas con matrícula a tempo parcial, en cada unha das especialidades docentes ofertadas na titulación. O número total de dispensas solicitadas na FFP-Lugo nese mestrado foi de 27 no primeiro semestre e 21 no segundo.

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 71 de 166

2.3.2. ADMISIÓN DO ALUMNADO (ACCIÓNS DE CAPTACIÓN)

GMEI e GMEP

Polo que concirne ás titulacións de Grao, malia que non existen problemas de captación de alumnado, xa que o número de solicitudes de matrícula supera todos os anos amplamente o número de prazas ofertadas, continúaase coa participación do centro no Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC, así como no Campus XuvenCiencia sempre que as circunstancias o permiten, e participase en todas as iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC. Esta actividade constitúe unha acción de mellora desenvolvida con éxito no curso 2023-2024 (**AM-01**) e que terá continuidade no seguinte curso (**AM-01** 2024-2025), en liña co Obxectivo Estratéxico OE12. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela.

Polo que concirne ao Programa A Ponte, as actividades realizadas dentro desta acción de mellora no curso 2023-24 foron as seguintes:

Visitas a centros

- Lugo, BARALLA, CPI Luís Díaz Moreno
- Lugo, Viveiro, IES Vilar Ponte
- Lugo, Sarria, CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción
- Lugo, Sarria, IES Gregorio Fernández
- Lugo, CPR Plurilingüe San José
- Lugo, CPR Plurilingüe Divina Pastora Salesianos
- Lugo, IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes
- Lugo, Castro de Rei, IES da Terra Chá, José Trapero Pardo

En canto á participación da Facultade en XuvenCiencia, no curso 2023-24 tivo lugar do 30 de xuño ao 6 de xullo unha nova edición do [Campus de Verán XuvenCiencia](#), no que se realizaron diferentes actividades en diversas áreas de coñecemento para que o alumnado puidese afondar, de xeito lúdico e práctico, no mundo científico. Ofertáronse 95 prazas para os estudantes, con proxectos, obradoiros e outras actividades. Nesta edición de XuvenCiencia, a FFP participou do seguinte xeito:

- O primeiro día (luns), o alumnado realizou unha xincana polo campus. Hai unha estación por cada Facultade, nas que deben resolver un pequeno reto. Na nosa formulamos un pequeno problema xeométrico para que resolvesen con material manipulable.
- Proxecto en grupos reducidos. A Facultade contribuíu co [proxecto Supera este reto: Educando con ciencia!](#) no que participaron varios docentes do centro pertencentes ao Departamento de Didácticas Aplicadas. O obxectivo era experimentar con distintos recursos e metodoloxías empregadas na didáctica da expresión corporal, da matemática e das ciencias experimentais.

O interese que despertan os estudos de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria conséntanse atendendo aos datos estatísticos aportados pola CiUG (2023-24), que reflicten un total de 644 solicitudes (635 no curso anterior) para 82 prazas ofertadas en Infantil na FFP-Lugo, e 718 (771 solicitudes no curso anterior) para 82 prazas en Primaria. En Infantil, o número de alumnado admitido foi de 106, dos que finalmente se matricularon 88, e en Primaria admitíronse 103 e matriculáronse 92. Os datos confirman que a demanda de prazas nas titulacións é unha constante. Con relación a este aspecto, o comité avaliador sinalou no proceso de renovación da acreditación dos títulos que a admisión de máis alumnado que prazas ofertadas en primeiro curso complica a ratio profesor-alumno dos títulos, o cal repercute negativamente na calidade da docencia impartida. Consecuentemente, no curso 2022-23 abriuse unha acción de mellora (**AM-09** 2022-2023) co fin de solicitar á Vicerreitoría correspondente que se respecte o número de prazas de novo ingreso que se recollen nas Memorias dos títulos. A tarefa non puido ser executada de xeito conxunto por dificultades para cadrar as axendas de traballos dos Decanatos. Porén, dende o Decanato da FFP-Lugo remitiuse o escrito mencionado á instancia correspondente, recibíndose como resposta que na CiUG tratarán de axustarse aos límites establecidos, malia que por cuestións alleas á Universidade están obrigados a ter matriculados por exceso.

A dobre titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria tamén desperta grande interese, con 168 solicitudes na FFP-Lugo para unha oferta de 16 prazas no curso 2023-24. Admitíronse 21 alumnos e matriculáronse 17. Ademais, a nota media de acceso

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO Páxina 72 de 166
---	---

continúa a ser elevada, dada a limitación de prazas, situándose en 11,896 para o alumnado procedente do Bacharelato e 11,38 para o alumnado porcedente da Formación Profesional).

MPES

Atendendo ao Mestrado en Profesorado, e como xa se comentou anteriormente, a nota media de acceso por preinscripción foi de 7,26 na FFP-Lugo, similar á do curso anterior (7,32). Para a FFP ofertáronse 60 prazas, a matrícula de novo ingreso por preinscripción foi de 57 alumnos e a matrícula global de 82. Do conxunto de matriculados, houbo 1 estranxeiro e 4 nacionais de fóra de Galicia, diminuindo con respecto aos 8 do curso anterior.

MDAEN

No caso do MDAEN, ofertáronse 25 prazas, e a matrícula final foi de 24 estudantes, incluíndo 5 estranxeiros e 4 nacionais de fóra de Galicia. A porcentaxe de matriculados que titularon na USC foi do 50%. A nota media de acceso aumentou (8,24), sendo a máis alta da serie histórica.

2.3.3. COMPLEMENTOS FORMATIVOS (CURSO DE ADAPTACIÓN OU CURSO PONTE)

Nos Graos de Infantil e Primaria, a modificación da memoria de verificación do título tramitada en 2012-13 afectou ao deseño do curso complementario ou “curso ponte”, precisamente coa intención de mellorar a adquisición de competencias e coñecementos profesionais dos diplomados que os cursen, reforzando a formación referida ao primeiro ciclo de Educación infantil e posibilitando a adquisición dunha mención. O curso de adaptación para titulados consta, tal e como recolle a Memoria verificada, dun total de 39 créditos e ofertouse ata o curso 2021-22 coas mesmas condicións e recursos que o grao. Actualmente xa non se admite alumnado matriculado de novo ingreso, tomando en consideración que aqueles diplomados interesados dispuxeron dunha ampla marxe de tempo para facer o curso de adaptación. Porén, pode finalizar estudos aquel alumnado a quen lle reste algunha materia par rematar. Dese xeito, no curso 23-24 houbo 3 estudantes no curso ponte do Grao de Infantil e 8 no Grao de Primaria.

2.3.4. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL DO ALUMNADO

Na Facultade organízase ao remate do curso previo ao da elección de optativas por parte do alumnado unha sesión informativa sobre as mencións cualificadoras que se ofertan nos Graos, co fin de orientar ao alumnado na elección de materias optativas. A esta acción súmanse outras iniciativas desenvolvidas nos diferentes cursos dos graos e que contribúen á orientación académica e profesional do alumnado, tales como as xornadas organizadas en colaboración co Servizo de Formación e Orientación Laboral do Campus de Lugo, as actividades desenvolvidas coa participación de profesionais externos, os cursos sobre competencias en información que organiza a Biblioteca da Facultade para o alumnado de primeiro (nivel básico) e cuarto (nivel avanzado), ou o proxecto CompetenteS, unha iniciativa interdisciplinar destinada a promover o bilingüismo no transcurso dos Graos en mestre de Educación Infantil e Primaria a fin de capacitar ao alumnado para impartir profesionalmente a súa docencia en galego e en castelán.

Tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na FFP para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único [Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP](#), [Plan FORTE-FFP](#), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos a este respecto. Dese xeito, na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2019-20 estableceuse unha acción de mellora no Plan de Melloras para o curso 2020-2021 (**AM-01**) na que se creou o devandito Plan, e que foi executada con éxito. Consonte a esta proposta de integración, certas accións de mellora desenvolvidas de xeito independente durante o curso 2019-2020 e en cursos anteriores, tales como as actividades formativas con profesionais externos ou a xornada de acollida, continuarán a desenvolverse en vindeiros cursos xa protocolizadas dentro do Plan. Asemade, a partir do curso 23-24 incorporáronse as actividades desenvolvidas nos dous mestrados.

O Plan FORTE-FFP responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).

4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estas liñas de actuación concrétnanse para os estudos de Grao e Mestrado impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

Todas as actividades realizadas no curso 2023-24 dentro do Plan FORTE-FFP recóllense no [informe anual de execución do Plan FORTE-FFP do curso 23-24](#), elaborado polas persoas que coordinan os títulos cos datos achegados polos membros das súas respectivas Comisións de Título, e foi analizado e avaliado positivamente na reunión da Comisión de Calidade celebrada o 9 de xullo de 2024, tal e como consta na [Acta](#) correspondente. No informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acolida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas etc. O informe contén así mesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro, a cal propón as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.

Detállanse a continuación as actividades incluídas en cada liña de actuación no curso 2023-24 en Graos e Mestrados. Cómpre aclarar que todas as actividades do Plan que concirnen aos Graos dirixense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

PLAN FORTE-FFP GRAOS

LIÑA 1: ACTIVIDADES

1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

Os contidos da xornada de acollida foron debatidos e reorganizados nunha sesión de traballo previa ao inicio do curso na que participaron o Vicedecano, a Vicedecana e as dúas coordinadoras dos títulos. A xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso de Educación Primaria celebrouse o luns día 11 de setembro de 2023 ás 12:30, no salón de actos, nunha sesión conxunta para a titulación do Grao en Mestre/a en Educación Primaria (GMEP) e o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria (DG), a cargo do Sr. Vicedecano Santiago López Gómez, onde tamén asistiu a Coordinadora de ambas titulacións María Campos Magdaleno.

Neste acto, dunha hora aproximada de duración, informouse principalmente sobre o funcionamento da Facultade, a distribución dos espazos, o persoal, os horarios e agrupamentos, así como outras cuestións relativas á tarxeta universitaria, programa CompetenteS, etc. Por outra banda, facilitouse información sobre o funcionamento da Universidade, Facultade, plan de estudos, oferta académica, normativa, etc. a través de presentacións interactivas elaboradas dende o Vicedecanato en colaboración coas Coordinacións de Título. As presentacións (1), con información de carácter máis básico, puxéronse a disposición do estudantado na aula de coordinación do primeiro curso, e as presentacións (2), con información adicional sobre o título (mencións, mobilidade, normativa de interese, etc.) colgáronse na aula de coordinación do

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 74 de 166

título (e da dobre titulación) para todo o alumnado do Grao. As ligazóns son as seguintes:

GMEP:

<https://view.genial.ly/6293a11c990fee0018ac2fa8/presentation-acollida1primaria>

<https://view.genial.ly/6293a1ef7c4a850018676104/presentation-acollida2primaria>

DG:

<https://view.genial.ly/6293a6a0adcbfc001829eab3/presentation-acollida1dobregao>

<https://view.genial.ly/6293a7d88793420011a890b3/presentation-acollida2dobregao>

Pola súa banda, a xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Mestre/a en Educación Infantil (GMEI) tivo lugar o luns día 11 de setembro de 2023 ás 10:30h, no salón de actos, a cargo do Sr. Vicedecano Santiago López Gómez, e desenvóléronse contidos similares. Tamén se facilitou información adicional mediante as dúas presentacións interactivas que se puxeron a disposición do estudiantado por medio da aula virtual da coordinación do primeiro curso e da aula virtual da coordinación do título. As ligazóns son as seguintes:

GMEI:

<https://view.genial.ly/6293a3187c4a850018676483/presentation-acollida1infantil>

<https://view.genial.ly/6293a3cfadcbfc001829e2e6/presentation-acollida2infantil>

As presentacións (1) incorporan asimismo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos, que o alumnado de primeiro curso tiña que valorar nunha escala de 1 a 4 (1: nada satisfeito; 4: moi satisfeito). Informouse ao alumnado da necesidade de cubrir esta enquisa a través de mensaxes no Campus Virtual, e a profesora Alba María Souto Seijo cedeu uns minutos dunha sesión expositiva para que o alumnado puidese cubrir a enquisa na aula.

Os resultados detállanse a continuación:

RESULTADOS PRIMARIA

Registáronse 75 respostas (un incremento significativo con respecto ás 21 respostas do curso anterior). O alumnado continúa a manifestarse en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferentes ítems, os cales en xeral aumentan as puntuacións recibidas con respecto ao curso anterior (a excepción do ítem referido á duración da sesión):

Contidos útiles: media 3,61 sobre 4 (curso anterior: 3,29)

Duración da sesión: media 3,37 sobre 4 (curso anterior: 3,52)

Estrutura da sesión: media 3,57 sobre 4 (curso anterior: 3,52)

A sesión de acollida foi positiva: media 3,75 sobre 4 (curso anterior: 3,62)

Á pregunta “*Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?*” rexistráronse 17 respostas, a maioría solicitando **explicacións sobre o funcionamento do Campus Virtual e da páxina web** institucional, así como facer un **percorrido guiado polas instalacións da Facultade**. Unha minoría solicita detallar os servizos da Universidade, saídas profesionais e outras cuestións que son abordadas na presentación interactiva (colgada no Campus Virtual) ou noutras actividades prantexadas polo conxunto do Campus Terra e incluídas nas Xornadas de Benvida organizadas pola Universidade. Á pregunta “*Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?*” rexistráronse 13 respostas, todas indicando que **non eliminarían nada**.

RESULTADOS DOBRE GRAO

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 75 de 166

Rexistráronse 13 respostas (un número superior ás 7 respostas do curso anterior). O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito, malia que neste caso as puntuacións son lixeiramente inferiores ás do curso anterior:

Contidos útiles: media 3,69 sobre 4 (curso anterior: 4)
Duración da sesión: 3,54 sobre 4 (curso anterior: 3,57)
Estrutura da sesión: 3,46 sobre 4 (curso anterior: 3,86)
A sesión foi positiva: 3,77 sobre 4 (curso anterior: 3,86)

Á pregunta “*Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?*” rexistráronse 3 respostas, unha suxerindo que o **profesorado acudise á xornada**, outra solicitando contidos máis centrados na Dobre Titulación, e outro pedindo maior información sobre actividades vinculadas ao Campus e á Universidade. Á pregunta “*Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?*” rexistráronse 2 respostas indicando que **non eliminarían nada**.

RESULTADOS INFANTIL

Rexistráronse 66 respostas (superando tamén as 38 respostas do curso anterior). O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferente ítems. De xeito similar ao que aconteceu no Dobre Grao, as puntuacións son positivas malia que lixeiramente inferiores ás do curso anterior:

Contidos útiles: media 3,36 sobre 4 (3,61 no curso anterior)
Duración da sesión: 3,33 sobre 4 (3,79 no curso anterior)
Estrutura da sesión: 3,41 sobre 4 (3,66 no curso anterior)
A sesión foi positiva: 3,56 sobre 4 (3,76 no curso anterior)

Á pregunta “*Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?*” responderon 19 estudantes. As cuestións que máis se repiten fan referencia a unha maior información sobre **movilidade, funcionamento dos créditos ou visita das aulas da Facultade**. Á pregunta “*Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?*” rexistráronse 18 respostas. O alumnado agradece a información recibida e indica que **non eliminaría ningún contido**.

Con relación ás actividades de benvida da USC, que se desenvolveron **entre o 18 e o 29 de setembro**, o alumnado dos Graos foi tamén informado mediante as aulas de coordinación dos títulos no Campus Virtual.

Os resultados das enquisas son en xeral moi positivos, e apuntan á conveniencia de continuar realizando esta actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.

1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUCTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓNS CAMPUS TERRA

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas en orixe a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

Mestre/a Primaria: [Presentación Primaria](#)

Mestre/a Infantil: [Presentación Infantil](#)

Dobre Grao: [Presentación Dobre Grao](#)

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 76 de 166

As presentacións, que estaban orixinalmente dispoñibles na web do Campus Terra, trasladáronse á web da Facultade, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da FFP. Considéranse recursos útiles para proporcionar datos de interese sobre as titulacións, tanto para futuros estudantes como para alumnado da facultade. Así, por exemplo, pódese atopar nelas información sobre saídas laborais, inserción laboral, plan de estudos, mobilidade, etc. Resulta conveniente, polo tanto, manter activa esta actividade.

1.3. SESIÓN INFORMATIVA MENCIÓNS (SEGUNDO CURSO)

Unha vez rematadas as clases do segundo semestre, a coordinadora do segundo curso de Primaria e Dobre Grao informou ao alumnado o día 1 de xuño mediante o foro de novas da aula de coordinación que xa estaba dispoñible nesa aula a información sobre as mencións cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencións con datos relevantes sobre cada unha delas. Asimesmo, o día 5 informou pola mesma canle da celebración da sesión informativa sobre as mencións de Primaria, programada para o 10 de xuño ás 12:00h na plataforma Teams. Nesa sesión virtual, o Vicedecano informou de xeito xeral sobre as mencións dispoñibles e a oferta de materias optativas, e solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencións. Contabilizáronse un total de 26 estudantes asistentes.

Proporcionar orientación do alumnado sobre este aspecto dos plans de estudos considérase importante para que poidan configurar o seu perfil profesional de acordo coas súas preferencias e capacidades, polo que cómpre continuar desenvolvendo este tipo de actividades.

1.4. SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM: PRE-PRÁCTICUM (SEGUNDO E TERCEIRO CURSO)

A primeira sesión informativa pre-prácticum ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria, Infantil e Dobre Grao, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadía fóra de Lugo, incompatibilidades, etc.). A sesión conta todos os anos cunha alta taxa de participación por parte do alumnado.

A sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Infantil e Dobre Grao que pasa para terceiro tivo lugar o 15 de maio, de 15:00 a 16:30 horas, no salón de actos da Facultade. O alumnado foi informado da reunión e os procedementos para o seguinte curso (presentación informativa e documento para solicitude de prácticas en centros colaboradores temporais). De xeito similar, a sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Primaria celebrouse o 16 de maio, de 13:30 a 15:00 horas.

Na mesma liña, organizábase unha segunda sesión para o alumnado de terceiro (e cuarto do Dobre Grao), e nela proporciónase información básica para afrontar o segundo Prácticum da titulación: datas e estruturación concreta do Prácticum II, particularidades deste prácticum en relación co Grao de Primaria (mencións), etc. No curso 2023-2024, esta sesión celebrouse tamén presencialmente no salón de actos da Facultade. A sesión Pre-Prácticum II para o alumnado de terceiro curso do Grao de Infantil e cuarto curso do Dobre Grao tivo lugar o 13 de maio de 13:30 a 15:00 horas, e para o alumnado de terceiro do Grao de Primaria celebrouse o mesmo día de 12:00 a 13:30 horas.

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 77 de 166

As sesións considéranse esenciais para orientar e preparar ao alumnado para as tarefas que desenvolverá en cursos posteriores nas dúas materias centrais da titulación (Prácticum I e II), cada unha das cales conta coas súas propias sesións organizativas, polo que é sumamente recomendable a súa continuidade.

1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)

En febreiro de 2023, dende as coordinacións de título informárase por medio do foro de novas do Campus Virtual ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha dunha nova convocatoria do programa de titores, dirixida ao alumnado de segundo curso e en diante para orientar ao alumnado de primeiro. Na convocatoria do curso 21-22 houbo interese por parte dunha alumna da Facultade, pero non puido finalmente apuntarse por mor dos horarios de formación e a imposibilidade de facer esa formación online.

A escasa participación do alumnado neste programa e as posibles razóns xa se analizaron polo miúdo na memoria de calidade do curso 2019-2020 que se elaborou, como é costume, á metade do segundo semestre do curso 2020-2021, establecéndose como acción de mellora para o curso 20-21 contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

Dese xeito, o 11 de maio de 2021 enviouse dende o Decanato da Facultade un correo electrónico aos responsables explicando a problemática e achegando suxestións de mellora. Non se recibiu resposta, e decidiuse contactar de novo para expoñer a problemática. Desde o Decanato volveuse contactar cos responsables do programa o 4 de abril de 2022, e nesta ocasión si se recibiu resposta, agradecendo as suxestións e emprazando aos responsables dos centros a unha reunión ao comezo do curso 22-23 para debater solucións. Porén, non foi posible levar a cabo esa reunión por problemas de axenda.

Con todo, na convocatoria do curso 22-23 apreciáronse algúns cambios, xa que se recoñece a posibilidade de realizar actividades non presenciais, aínda que os horarios de formación seguen a ser pouco compatibles coas clases na Facultade e todo o programa continúa a extenderse en dous anos académicos, un deles unicamente para formación, limitando o alumnado que pode participar a segundo e terceiro curso. Malia eses inconvenientes, as melloras semellaron dar resultado, xa que existindo oito prazas dispoñibles para os dous grados presentáronse na convocatoria do curso 22-23 cinco solicitudes por parte do alumnado para participar no programa, e dous estudantes completaron a formación previa. Porén, no curso 23-24 non se rexistrou ningunha solicitude, malia que pode tratarse dunha situación puntual.

O programa considérase unha ferramenta útil para a orientación e apoio do alumnado que inicia estudos. A iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, e farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos e as solicitudes recibidas para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

1.6. SESIÓN INFORMATIVA SOBRE PROGRAMAS DE MOBILIDADE

No curso 23-24, para dar resposta ás demandas de información do alumnado e contribuír a aumentar a participación do mesmo en programas de mobilidade, desenvolveuse o 9 de outubro de 16 a 17:30h unha sesión informativa presencial a cargo da RAM (Responsable Académica de Mobilidade) do centro sobre os programas de mobilidade da USC aplicables á FFP (Erasmus+, SICUE, Convenio Bilateral, International Credit Mobility e Erasmus+ Prácticas).

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 78 de 166

Nesa sesión proporcionouse información xeral sobre os diferentes programas de mobilidade da USC (convocatorias, características, requisitos, prazas, etc.) nos que pode participar o alumnado da Facultade. Malia que a información é de especial interese para o alumnado de segundo e terceiro de Primaria e Infantil, e segundo, terceiro e cuarto do Dobre Grao, a sesión publicitouse a todos os cursos dos Graos, xa que no programa Erasmus+ Prácticas pode participar tamén alumnado dos últimos cursos antes de depositar o seu título. Por outra banda, é importante que o alumnado de primeiro estea familiarizado con estes programas, xa que os requisitos lingüísticos deben cumprirse nas datas nas que saen as convocatorias, e sendo os prazos en ocasións bastante axustados, é conveniente dispor de tempo suficiente para facer as probas de nivel ou obter os correspondentes certificados.

A presentación realizada na sesión púxose a disposición do alumnado proporcionando unha ligazón á mesma que se colgou nas aulas de coordinación dos títulos (Primaria, Infantil e Dobre Grao) no Campus Virtual. Ligazón á [Presentación](#).

A resposta do alumnado foi moi positiva, asistindo á sesión ao redor de 30 persoas. Unha vez rematada, solicitouse ao alumnado participante que cubrise unha breve enquisa de satisfacción sobre os contidos, estrutura e duración da sesión, valorando os diferentes ítems nunha escala de 1 (nada satisfeito) a 4 (moi satisfeito). Un total de 21 persoas cubriron a enquisa, valorando os contidos cun 3,57 sobre 4, a duración con 3,90, e a estrutura con 3,86. Sobre os aspectos que engadirían, soamente unha persoa solicitou máis información sobre destinos Erasmus (malia que xa estaba contida na presentación), e ningunha persoa eliminaría ningún contido.

Tendo en conta os resultados obtidos, considérase pertinente incorporar esta actividade de xeito permanente dentro do Plan FORTE.

LIÑA 2: ACTIVIDADES

2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)

As coordinacións de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual. Publicitar esta información considérase de utilidade para o alumnado, en tanto que estas axudas e actividades contribúen á completar a súa formación e mellorar o seu perfil profesional.

Dende as coordinacións de título ou curso (Primaria, Infantil e Dobre Grao) difundíuse diversa información de interese para o alumnado a este respecto durante o curso 2023-24, a cal se resume a continuación:

- Curso de **Innovación AKADEMIA** para alumnado da USC
- Cursos de orientación académica-profesional para xestión de tempos e e-twinning.
- **I Xornadas Internacionais sobre Formación e Innovación Educativa: Metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas nos proxectos eTwinning (Forinnova Lite).**
- Novas **actividades de voluntariado** para o curso 23-24.
- Actividades desenvolvidas na Facultade por mor do centenario do **Seminario de Estudos Galegos**
- V Encontro **“Redes rurais, educación e cooperación para outro desenvolvemento”**
- Terceira edición do **Terra Creative Jam “Reinvento o rural”**
- Propostas da Comisión de Xénero da Facultade para conmemorar o 25N
- Convite para participar no **acto conmemorativo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.**

- Exposición da mostra **A ESCOLA NOVA... tamén entre nós (1921-2021)**
- Presentación da **Asociación Intelecto** (Asociación de familias con fillos/as con altas capacidades, habilidades e outras neurodiverxencias asociadas)
- Conferencia e documental co gallo do centenario da creación das **"Escolas do Insiño Galego"** en 1923 na Coruña
- Sesión-conferencia da misioneira mercedaria M^a José López Cabezón dentro da **Campaña contra a fame no mundo de Mans Unidas 2024 "O efecto ser humano"**
- Convocatoria de **bolsas para a iniciación á investigación do Campus Terra 2024**.
- I Xornadas de Convivencia e Formación Universitaria da USC.
- Actividades conmemorativas do 8 de marzo, Día Internacional da Muller,
- Celebración da **conferencia "Contos, libros e cantos"**, co financiamento e apoio do SNL-USC
- Presentación dun **monográfico sobre saúde mental e educación**
- Impartición da charla **"Diversidade sexual e de xénero na educación: a realidade LGBTIQ+ nas aulas de Educación Primaria"** a cargo de Ana Ojea e Lara Boubeta, da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ.
- Celebración dun **OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL** na Aula de Música da Facultade, impartido por Ana Belén Fernández García.
- Celebración do acto de **investidura como Honoris Causa do profesor Francesco Tonucci**, e o **relatorio "Cos ollos de Frato. Conversa-coloquio con Francesco Tonucci"** que puido seguirse EN DIRECTO desde o salón de actos da Facultade de Formación do Profesorado,
- Convocatoria de **prácticas académicas externas do programa Campus Rural 2024**.

Por outra banda, os servizos que ofrece Área de Orientación Laboral publicítanse tamén a todos os cursos da titulación mediante o foro de novas do Campus Virtual: nese sentido, o BIP (Boletín de Información Profesional) elaborado periódicamente desde esta área publicítase a todo o alumnado cando se recibe notificación da súa publicación, xa que contén información sobre axudas, prácticas, voluntariado, cursos, etc. que pode resultar de interese.

2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)

O día 23 de maio de 2024 dirixíuse un escrito á Área de Orientación Laboral do Campus de Lugo para solicitar a realización dalgunha actividade con relación á formación e orientación laboral do alumnado, en liña co que se viña facendo en curso anteriores. Recibíuse resposta na que se informaba da celebración dunhas xornadas formativas presenciais e online o 8 e o 9 de abril, nas que se proporcionaba orientación sobre a elaboración do Curriculum Vitae, información sobre LinkedIn como ferramenta para a busca de emprego, e oportunidades de prácticas a nivel autonómico, nacional e internacional. Dita actividade non puido ser publicitada mediante a aula virtual de coordinación, dado que non se recibiu a tempo a información. Enviouse resposta indicando que o noso alumnado pode ter dificultades para asistir se se fai en días lectivos, nun espazo alonxado da nosa facultade, e con actividades presenciais. Dende a Área de Orientación Laboral argumentaron que este curso decidiron facer as xornadas en días lectivos para aumentar a asistencia, e incluír actividades presenciais porque así llo solicitou algún alumnado e profesorado. Solicitouse que no sucesivo se envíe información de interese desta Área directamente á responsable de calidade do noso centro, para garantir que esta se difunde entre o noso alumnado cunha marxe razoable de tempo.

Malia que a participación neste tipo de actividades adoita ser baixa, tendo en conta as características das xornadas e o momento do curso no que se fan (antes o alumnado adoitaba estar preparando exames e defensas de TFG, e agora farase en horario lectivo), é conveniente seguir publicitando este tipo de iniciativas e facelas extensivas ao alumnado de todos os cursos, xa que contribúen á súa orientación polo que respecta a saídas profesionais e á busca de traballo.

2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓN (ÚLTIMOS CURSOS DAS TITULACIÓNS)

Continuando coa actividade realizada no curso 20-21 en resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do Dobre Grao, fixéronse as xestións oportunas a través do Decanato da Facultade para organizar unha xornada informativa sobre as oposicións, destinada especialmente ao alumnado dos últimos cursos de Primaria, Infantil e Dobre Grao. Dese xeito, no mes de novembro, o alumnado dos Graos e o Dobre Grao foi informado por medio do foro de novas das coordinacións de título da celebración, o día 4 de decembro en horario de mañá, das **I Xornadas "Falando de ensino coas organizacións sindicais"**, nas que catro organizacións sindicais (UXT, CSIF, CCOO e STEG) trataron diversos aspectos sobre a función docente e o acceso a ela (é dicir, as oposicións), recoñecendo a asistencia cunha certificación emitida pola Facultade. Entre as cuestións desenvolvidas atopábase o tema do acceso ao ensino privado/concertado, ao público, a normativa, temarios, o propio proceso de oposición, a formación e os méritos vinculados a ela, as listas de agarda, etc.

A actividade foi anunciada na Facultade e na USC, así como en diferentes xornais, e contou cunha boa cifra de participación, inscribíndose 135 estudantes.

USC

<https://www.usc.gal/gl/xornal/eventos/xornadas-falando-ensino-organizacions-sindicais>

LUGOXA

<https://galiciaxa.com/2023/12/lxa/zonas-lxa/luqo-lxa/242290/>

Este tipo de sesións informativas considérase unha iniciativa de interese para o futuro profesional do alumnado, polo que se recomenda a súa continuidade.

LIÑA 3: ACTIVIDADES

3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)

Primeiro de Primaria:

- Entre o 28 de setembro e o 26 de outubro de 2023 tivo lugar, dentro da materia "Teoría e historia da educación escolar", unha actividade transversal co título **"Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica"**. Esta actividade detállase no apartado destinado ás actividades de primeiro curso de infantil, xa que se desenvolveu nos dous Graos.
- Entre o 11 de setembro e o 22 de decembro de 2023 desenvolveuse un proxecto de Aprendizaxe-Servizo vencellado ás materias "Didáctica e Tarefas Docentes" e "Socioloxía da Educación" denominada **"Aprendizaxe-Servizo con entidades socioeducativas para a formación de futur@s maestr@s"**. Durante o primeiro semestre o alumnado tivo a oportunidade de participar nun proxecto interdisciplinario no que se combinan as metodoloxías de ApS e ABPx. A finalidade do proxecto en relación co alumnado é a adquisición e a mellora de competencias profesionais propias da profesión, a través de experiencias de participación social. Os estudantes valoraron o proxecto de maneira moi positiva.

- O 17 de outubro de 2023 desenvolveuse unha actividade con profesionais externos tamén vencellada ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, titulada “**A aprendizaxe por proxectos no CPI Plurilingüe Virxe da Cela(Monfero, A Coruña)**”. Nesa data acudiron á Facultade dúas mestras do CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña) e o seu alumnado co obxectivo de presentar os proxectos que os nenos/as estaban a realizar. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
- Entre o 25 de outubro e o 8 de novembro de 2023 desenvóléronse dúas **sesión formativas sobre ciberseguridade e acoso escolar** vencelladas ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, similares ás organizadas en primeiro curso de infantil e cos mesmos responsables, Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo e responsables do Plan Director). Na sesión do 25 de outubro abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo. Na sesión do 8 de novembro abordouse a temática do acoso escolar e delitos de odio. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
- Entre o 20 de novembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024, como actividade transversal vencellada á materia “Teoría e historia da educación escolar”, o alumnado da materia organizou e desenvolveu diferentes **actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres**
- O 22 de novembro desenvolveuse outra actividade transversal vencellada ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, denominada “**Taller de prensa – Down Lugo**”. O 22 de novembro a asociación Down Lugo presentou (no salón de actos) o taller de prensa que levou a cabo na Facultade de Formación do Profesorado. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario (PI) ao ser Down Lugo unha entidade colaboradora no PI. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi igualmente positiva, e na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados tamén eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
- O 24 de novembro tivo lugar unha actividade transversal formativa vencellada ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, titulada “**Situación educativa do alumnado xitano**”, que foi levada a cabo pola Fundación Secretariado Xitano. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario e contou asimismo cunha activa participación do alumnado e con valoracións positivas.
- **Toromelos en clave lingüístico-literaria (xaneiro-marzo 2024)**: a proposta “Toromelos en clave lingüístico-literaria” consiste na realización e publicación de recursos en galego, concebidos como infografías e pílulas lingüístico-literarias en diversos formatos (videopodcast, podcast, kahoot e semellantes). Esta proposta artéllase ao redor destas seis palabras chave referidas á lingua galega (lexislación lingüística, planificación lingüística, instrumentos de planificación lingüística escolar, Marco Europeo Común de Referencia, Portfolio Europeos das Linguas e Tratamento Integrado das Linguas) e a representacións artístico-literarias (viñetas, textos literarios e álbumes) en lingua galega. A versión final revisada destes toromelos lingüístico-literarios ofrecerase como recursos en acceso aberto a través dunha páxina en liña creada para esta proposta (Wix ou semellantes) e como infografías que se presentarán impresas en lonas de rolo plegable. As infografías presentaranse impresas como lonas en rolo plegable (*RollUp con estrutura metálica*), pois poden transportarse e expoñerse con facilidade nos distintos centros da Universidade de Santiago de Compostela, nos dous campus universitarios.
- Na sesión expositiva da materia de TIC do Grao impartiuse un **seminario** o día 12 de marzo co título “**Teenager Internet Addiction: Protecting Young Minds (6-12 Years Old)**”. Esta actividade estivo a

cargo dunha docente invitada (a Dra Monica Turtorean, da Universidade Stefan cel Mare en Romanía) dentro do programa de mobilidade Erasmus+.

- Do 7 de febreiro ao 6 de marzo de 2023 tivo lugar unha nova edición de **“Educación en feminino: un paseo pola historia”**, exposición dos pósters sobre educadoras da historia, realizados polo alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar” como proxecto de Aprendizaxe-Servizo. A VII colección foi elaborada polo alumnado do curso 2023-24, e despois do mes de presenza na Facultade, a colección de pósters estivo exposta en IES de Vilalba, Foz e As Pontes, con inauguración e actividades realizadas por alumnas da materia. Para o alumnado implicado, é unha actividade moi importante para a materia en cuestión. Para a sociedade tamén, pois pon en valor o labor, moitas veces minorizado ou directamente ocultado, das mulleres educadoras ao longo da historia, e en calquera contexto xeográfico ou cultural. O éxito da iniciativa, que celebrou este curso a súa séptima edición, e o interese que desperta fóra da Facultade, apuntan á conveniencia de continuar promovendo o seu desenvolvemento.
- O 30 de abril desenvolveuse unha charla con profesionais expertos vencellada á materia “Psicoloxía do desenvolvemento 6-12”, titulada **“Diversidade sexual e de xénero na educación: a realidade LGBTIQA+ nas aulas de Educación Primaria”**. Esta actividade leva o formato de charla de expertas, contando coa participación de Lara Boubeta e Ana Ojea, representantes da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ e profesoras na etapa de Educación Primaria e Secundaria. Abordouse a diversidade sexual e de xénero no alumnado de Educación Primaria; os tipos, características e consecuencias da LGBTIfobia nos centros educativos; déronse pautas para promover unha educación inclusiva; abordouse a normativa educativa e lexislación sobre a educación en diversidade sexual, de xénero e familiar; e presentouse o libro infantil Xe (Boubeta, 2023) sobre intersexe sexualidade. A posta en marcha da actividade valórase como positiva. A asistencia foi elevada, acudindo alumnado doutros cursos e tamén profesorado da Facultade. O alumnado da materia valorou favorablemente esta actividade a través dun documento resumo que se lles solicitou, indicando que constituiu unha formación necesaria con implicacións prácticas para o seu futuro labor docente.

Segundo de Primaria

- “Camiñando xuntxs” (2 abril 2024). Actividade de campo interdisciplinar**, vencellada ás materias “Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética”, “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I”, e “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I”. Realizouse un tramo do Camiño Francés (Barbadelo-Portomarín). O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Preparouse e abordouse o percorrido dende unha óptica matemática facendo paradas en lugares distinguidos para interpretalos en clave socio-científica. Na actividade participou practicamente todo o alumnado de 2º curso.
Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar.
O alumnado manifesta interese nesta actividade, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Non se realizaron enquisas de satisfacción; porén, nas conclusións de traballos académicos relacionados coa análise e deseño de propostas docentes que se encargan nas materias de Didácticas Aplicadas, conséntase que é recorrente a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto.

Terceiro de Primaria

- “Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)” (19-20 setembro 2023).** Actividade de campo vencellada á materia “Ensinanza e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”. Saída para observación de

especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.

Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinalas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.

A actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 89 alumnos e alumnas dun total de 92 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

- O 27 de setembro de 2023 realizouse unha **saída de campo** vencellada ás materias “Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II” e “Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”, que consistiu nunha visita á **ARMH (Campus Ponferrada. Universidade de León) e a Las Médulas**. Trátase dunha actividade interdisciplinaria, centrada en traballar distintos aspectos didácticos da paisaxe. Atenderase á dimensión subxectiva, caso da relación paisaxe-memoria-procesos educativos de apropiación patrimonial, e tamén á dimensión obxectiva, traballando a integración de distintos elementos da paisaxe para dende á cognición pasar á emoción e, polo tanto á subxectividade. Con este obxectivo, traballárase ás singulares paisaxes das foxas herdadas da barbarie institucionalizada co golpe de 1936 e a Guerra Civil, o que permitirá ao alumnado pasar do coñecemento e valoración do espazo ao das prácticas no laboratorio, nos que se traballa, dende diferentes disciplinas no tratamento dos corpos de persoas “desaparecidas”. Nesta práctica o racional e o emocional configuran un todo configurando un potente e necesario instrumento didáctico. Debido ás posibilidades do entorno onde se desenvolve esta primeira práctica, nunha segunda sesión abórdase unha práctica centrada na evolución da paisaxe, mediante un itinerario percorrido a pe, tendo en conta a dimensión natural e a socio-histórica, debendo detectar en contacto co medio os elementos que indican os cambios na paisaxe a distintas escalas temporais, analizados dende as ciencias naturais, a xeografía física e a historia.

Con estas actividades, enfocadas ao ensino-aprendizaxe no medio para a formación docente, búscase unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un claro entendemento mediante a praxe, da educación interdisciplinaria. Á saída acudiu case a práctica totalidade do alumnado matriculado, mostra da interese por participar en experiencias didácticas que rompan as rutinas cotiás da aula. Levouse a cabo segundo o programado.

A valoración posterior feita polo alumnado foi moi positiva. Oralmente, na aula, sinalaron aqueles aspectos que lles chamaron máis a atención e reflexionaron en torno ás dúas partes da visita. En relación á ARMH, puxeron o foco no valor de acceder a contidos “pouco visibilizados nas aulas”, vencellados á memoria e o pasado, pero fortemente unidos ao presente. Nesa liña, moitos estudantes expresaron o seu desexo de, no momento de exercer coma docentes, levar ese tipo de contidos á aula, como unha forma de achegar, desde a emoción, temáticas socialmente relevantes a alumnado de Primaria. En relación á visita ás Médulas, fixeron fincapé no excepcional do espazo, descoñecido para moitas delas, e a interese de traballar *in situ* aspectos relacionados coa natureza e a evolución dun espazo ao longo dos séculos.

Á finalización da materia o alumnado deberá entregar unha reflexión crítica sobre a mesma onde explique, máis de vagar, que aspectos do visto lles pareceron interesantes, que valor didáctico teñen a futuro, así coma na súa formación coma mestres e mestras.

- O 7 de febreiro de 2023 impartíuse a conferencia a cargo da misioneira mercedaria María José López Cabezón, titulada **"Campaña Mans Unidas 2024: "O efecto ser humano"**, vencellada á materia Teoloxía católica e a súa pedagogía". A actividade foi proposta á Facultade e a todo o alumnado da materia optativa de Teoloxía católica durante unha das sesións interactivas-seminario desa semana, de 17:30 a 19:00 h. A participación foi moi numerosa, e ademais do testemuño de María José López Cabezón, a ONG Mans Unidas Lugo presentou algunhas das actividades, incluíndo unha proposta de voluntariado ao alumnado da Facultade. A valoración é moi positiva, tanto dende o punto de vista dos contidos como dende o punto de vista do alumnado, e no resto de sesións interactivas desa semana retomáronse cos non presentes na actividade (por incompatibilidades horarias) os temas e os contidos presentados.

Cuarto de Primaria

- **Actividade de campo** vencellada á materia "Educación en Contextos Rurais", realizada o 22 de setembro de 2023. Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia "Educación en Contextos Rurais". Fíxose polos arredores da cidade de Lugo (**sistema hidrográfico dos regatos Rato e Chanca**) un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a sesión desenvólvese ao aire libre e o alumnado precisa ir apuntando sobre o que íamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade e da posta en valor do medio. O descubrimento in situ das funcións que desempeñan as árbores, a identificación de numerosas especies arbóreas, o seu aproveitamento didáctico, e o aumento da cultura sobre as árbores, son tamén obxectivos importantes da actividade. Polo que concirne á valoración, e unha das actividades máis valoradas polo alumnado, e cumpre obxectivos previstos polo profesor para a materia.
- **Actividade de campo** vencellada ás materias "Deseño e elaboración de materiais didácticos" e "Identidade de xénero e educación", realizada o 29 de setembro de 2023. A práctica de campo consistiu nunha **visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA**, complementada nas aulas cunha actividade de preparación da visita e unha actividade de peche. A través da mirada retrospectiva, o obxectivo foi a reflexión crítica sobre as implicacións do emprego de materiais didácticos en materia de roles de xénero. Trátase dunha actividade de interese para o alumnado que cursou as dúas materias ao permitirlle achegarse ás exposicións do MUPEGA e á reflexión sobre xénero e materiais didácticos.
- Actividade transversal celebrada o 25 e o 26 de outubro de 2023 a cargo da docente Anastasiia Ogneva. Tivo lugar a **xornada denominada "Como facer un TFG/TFM en educación"**, centrada na elaboración dun TFG/TFM. Incluía cinco charlas, dous obradoiros e unha mesa redonda. A actividade, que se publicitou a alumnado de cuarto dos dous Graos e do MPES, detállase na sección 4.2.
- **Actividade con profesionais externos** vencellada á materia "Educación Vocal para Docentes", realizada o 6 de novembro de 2023. Desenvolveuse **unha charla titulada "Patoloxías vocais na docencia"**. Invitouse un profesional do ámbito de Logopedia, David Posada Fernández, que impartiu un seminario sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como funciona o aparello fonador, cales son as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como a hixiene vocal para intentar previr estas patoloxías. Ademais douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonía. Trátase dunha actividade de interese, tanto para o alumnado da materia

como para todo o alumnado dos Graos en xeral, por ofrecerlles unha visión actualizada das patoloxías da voz e como se traballan cos profesionais da logopedia.

Primeiro de Infantil

- Do 19 de setembro ao 11 de outubro desenvolveuse, dentro da materia “Infancia, Familia e Escola” un curso denominado **“Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica”**, na que se traballaron os seguintes contidos:
 - A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.
 - Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.
 - Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.
 - Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.
 - Os traballos académicos: apartados constituintes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.
 - Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.
 - Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público.
 - Preparación de intervencións orais.

O docente responsable valorou esta actividade transversal de xeito positivo. Por experiencia doutros anos, enténdese que unha mínima formación e esixencia docente nestes aspectos repercute positivamente nas producións escritas e nas exposicións orais que o alumnado presenta a posteriori. Trátase dunha actividade obrigatoria na materia, polo que participa nela todo o alumnado asistente habitual.
- O 11 de outubro, de 10 h. a 11 h. no Salón de Actos da Facultade, tivo lugar unha **sesión informativa sobre actividades de voluntariado no Campus de Lugo**. Trátase dunha sesión aberta para alumnas e alumnos que tiñan interese en coñecer as actividades de voluntariado no Campus, cales son as vantaxes da aprendizaxe a través da experiencia, e toda a información relativa a proxectos educativos nos que poder participar tanto con opción de recoñecemento académico coma de recoñecemento curricular. A sesión foi impartida por Fátima Teixeira (SEPIU). Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva. Trátase dunha actividade transversal vencellada ás materias “Didáctica e Profesión Docente” e “Socioloxía da Educación”.
- Vencellada ás materias anteriores, desenvolveuse o 23 de outubro unha actividade con profesionais externos denominada **“Nenea, medrar creando. Educando nos bosques de Lugo”**. Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes:
 - Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa.
 - Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo.

Na tarefa posterior que se solicitou ao alumnado reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla.
- O 30 de outubro, novamente vencelladas ás materias “Didáctica e Profesión Docente” e “Socioloxía da Educación” tiveron lugar, no salón de actos, dúas **sesións formativas** (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo e responsables do Plan Director). Na primeira sesión abordáronse contidos relacionados coa **ciberseguridade no ámbito educativo** e, na segunda, abordouse a temática do **acoso escolar**, a

convivencia, etc. O alumnado valorou a actividade de maneira moi positiva.

- O 20 de novembro de 2023 desenvolveuse unha actividade con profesionais externos vencellada tamén ás materias “Didáctica e Profesión Docente” e “Socioloxía da Educación”. David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla **“Os contos que contamos e como os contamos”**. Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:

- Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.
- Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.
- Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.

Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese repetila no próximo curso.

- Entre o 29 de xaneiro e o 13 de maio de 2024 desenvolveuse un **proxecto ApS** vencellado á materia “Psicoloxía da Educación”, titulado **“Trabajando la inclusión”**. Os obxectivos do proxecto de ApS realizado coa delegación provincial da ONCE en Lugo poden resumirse en tres:

- Estimular a reflexión sobre a inclusión.
- Aprender a elaborar materiais desde a mirada inclusiva, desenvolvendo a imaxinación e a creatividade.
- Iniciarse na aprendizaxe da lectura e a escritura utilizando o código Braille.

Os materiais deseñados polo alumnado universitario, tras recibir a formación das mestras especialistas en discapacidade sensorial da Xunta de Galicia e da ONCE, atópanse distribuídos polos centros educativos da provincia de Lugo e, mesmo, son recibidos en préstamo noutras provincias galegas. Entre eses materiais, que presentan un carácter lúdico-educativo, poden citarse, entre outros, contos de personaxes infantís clásicos e actuais, quebracabezas, xogos de parellas, de diferenciación de tamaños, formas, xogos de tres en raia, dameros, etc. Polo que concirne á valoración da actividade, por tratarse dun proxecto moi consolidado, dado que hai máis de 10 anos que se realizou por primeira vez, pode afirmarse que os obxectivos perseguidos son unha realidade. O alumnado universitario responde con entusiasmo ante a oferta de poder realizar materiais que serán utilizados polos nenos e nenas que están nas aulas, utilizados por todos, sen distincións porque están pensados para todos, non só para nenos con discapacidade visual ou cegueira. Valoran a experiencia como unha oportunidade de aprender facendo algo que terá un uso máis aló de servir para recibir unha cualificación.

- Entre o 3 de febreiro e o 30 de maio de 2024 desenvolveuse asimesmo un **proxecto de ApS** de carácter transversal, vencellado a materias de primeiro curso, pero tamén doutros cursos (“Procesos de mellora e uso das TIC”; “Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais”; “Organización e Xestión do Centro Escolar”; “Traballo Fin de Grao”). O título do proxecto é **“Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais”**. Cómpre salientar que os contos son unha excelente ferramenta educativa para a transmisión de saberes e valores, configurándose tamén como un importante recurso mediante o cal traballar cos mais cativos aspectos que atinxen á intelixencia emocional. Diversos estudos (Fernández Berrocal, 2021) evidencian a necesidade de inculcar dende a primeira infancia conceptos clave relacionados coa convivencia, a empatía, o respecto cara os demais, etc. Neste senso, a promoción dunha educación emocional temperá resulta esencial no desenvolvemento e socialización dos nenos e nenas, xa que os capacita para recoñecer os seus propios sentimentos e os alleos, e posibilita que sexan competentes

na xestión das súas propias emocións nun clima de relacións humanas positivas. Polo tanto, compre deseñar accións educativas e materiais (adaptados á realidade tecnolóxica actual) que permitan o desenvolvemento dunha educación emocional entre os menores, e tamén contribuír a que o profesorado de infantil teña a oportunidade de autorreflexionar sobre a súa práctica educativa, analizando as súas propias concepcións, prácticas e emocións, de cara ao desenvolvemento procesos de mellora docente. Neste contexto xurde este proxecto de Aprendizaxe-Servizo, onde coa colaboración de diferentes centros Educativos, o alumnado do Grao de Mestre/a de Educación Infantil elabora contos interactivos que teñen como obxectivo traballar as emocións entre os mais cativos. A valoración da actividade, tras realizar unha enquisa aos estudantes en diferentes dimensións, pódese dicir que foi altamente positiva.

- Na sesión expositiva da materia de TIC do Grao impartíuse un seminario o día 13 de marzo co título **“Building Young Minds: Exploring ICT in Early Childhood Education”**. Esta actividade estivo a cargo dunha docente invitada (a Dra Monica Turturean, da Universidade Stefan cel Mare en Romanía) dentro do programa de mobilidade Erasmus+.

Segundo de Infantil

- En segundo curso tivo lugar, o 15 de marzo de 2024, a actividade con profesionais externos xa detallada en primeiro de Infantil e de Primaria, vencellada neste caso á materia “Escola inclusiva e necesidades educativas especiais”. Desenvolveuse unha **sesión sobre o acoso escolar** a cargo de Héctor Méndez, garda civil da Comandancia de Lugo e un dos responsables do Plan Director. A actividade foi valorada positivamente polo alumnado.

Terceiro de Infantil

- Dentro da materia “Literatura Infantil e dramatización” tivo lugar o 1 de abril de 2024 unha **conferencia-coloquio** a cargo de Doris Paz (Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy”) co título **“Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy”**. A actividade pretende que o estudantado da materia “Literatura Infantil e dramatización” (obrigatoria do Grao de Educación Infantil e do Dobre Grao en Educación Infantil e Primaria) poda achegarse á posta en práctica dos contidos traballados nas sesións expositivas e interactivas a partir dunha experiencia real en Educación infantil por parte dunha educadora experimentada. Algunhas das cuestións que pretenden ser tratadas son: como introducen a lectura de obras literarias nas súas aulas; que lugar teñen os libros no deseño do espazo; cales son os seus recursos á hora de ler/contar; como fan a selección de obras; que obras son as que máis recomendan, etc. Máis información: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/normalizacion-linguistica/eventos/conferencia-contos-libros-cantos>. A actividade abriuse a todo o alumnado da Facultade e intégrase nas iniciativas desenvolvidas na sección 4.3.
- Dentro da mesma materia desenvolveuse o 22 de abril outra **conferencia-coloquio** a cargo dunha persoa integrante da compañía de teatro infantil e familiar Caramuxo Teatro (<https://www.caramuxoteatro.com/>) e que ten un amplo catálogo de espectáculos para bebés e primeira infancia. O título da conferencia foi **“O teatro para a primeira infancia: a experiencia de Caramuxo Teatro”**. Tendo en conta a natureza da materia “Literatura Infantil e dramatización” (obrigatoria do Grao de Educación Infantil e do Dobre Grao en Educación Infantil e Primaria) e o feito de que o teatro para a infancia continúa a ser un grande descoñecido, esta acción pretende que o estudantado poda coñecer as características e recursos do teatro destinado a idades temperás. Isto é especialmente relevante para futuros docentes da etapa de infantil, dado o teatro constituír unha expresión artística globalizadora e altamente atractiva para as crianzas mais que simultaneamente é pouco traballada desde os títulos universitarios para a formación de mestras/es. Mediante esta actividade poderán

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 88 de 166

coñecer diferentes técnicas teatrais, así como aproveitar a experiencia dunha persoa profesional deste ámbito.

- Neste curso desenvolveuse asimesmo a **conferencia “Campaña Mans Unidas 2024: o efecto ser humano”**, vencellada á materia de “Teoloxía católica e a súa pedagogía” e xa detallada nas actividades de terceiro curso de Primaria, ao tratarse dunha materia común aos dous Graos.

Cuarto de Infantil

- O 3 de novembro desenvolveuse unha actividade con profesionais externos vencellada á materia “Xogo infantil” (común a Infantil e Primaria), consistente nunha **conferencia titulada “O xogo popular galego”** impartida por Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT). Nesta conferencia trasladou o valor do xogo popular galego como axente transmisor de cultura, á vez que presentou recursos para que o alumnado -futuras mestras e mestres- sexa quen de ensinar xogos populares nas aulas de educación infantil e educación primaria. Esta actividade levouse a cabo tamén co alumnado de cuarto de Primaria matriculado na materia, ao tratarse, como xa se mencionou, dunha materia optativa común aos dous Graos.
- Por outra banda, no cuarto curso de Infantil desenvolvéronse tamén a **actividade de campo** vencellada á materia “Educación en Contextos Rurais”, realizada o 22 de setembro de 2023, e a **charla con profesional externo sobre patoloxías vocais** do 6 de novembro vencellada á materia “Educación vocal para docentes”, ámbalas dúas xa detalladas na sección de cuarto de Primaria, en tanto que se trata de materias optativas xerais, e por tanto comúns aos Graos de Primaria e Infantil. Do mesmo xeito, o 29 de setembro levouse a cabo a **actividade de campo** vencellada ás materias “Deseño e elaboración de materiais didácticos” e “Identidade de xénero e educación”, tamén detallada xa nas actividades de cuarto de Primaria, que consistiu nunha **visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA**
- Asimesmo, o alumnado deste curso tivo a oportunidade de participar na actividade transversal celebrada o 25 e 26 de outubro de 2023 a cargo da docente Anastasiia Ogneva, a **xornada denominada “Como facer un TFG/TFM en educación”**, centrada na elaboración dun TFG/TFM, con cinco charlas, dous obradoiros e unha mesa redonda. A actividade, que se publicitou a alumnado de cuarto dos dous Graos e do MPES, detállase na sección 4.2.

Todos os cursos das titulacións

Na Facultade desenvolvéronse durante o curso 2023-2024 outros eventos transversais de interese para a formación do alumnado. Cómpre destacar os seguintes:

FORINNOVA LITE

O 16 de outubro desenvolvéronse na Facultade, en horario de 8:45 a 19:35h, as [Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa \(Forinnova Lite\)](#), unha iniciativa gratuita promovida pola Facultade de Formación do Profesorado, así como polos Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da Universidade de Santiago de Compostela. Contouse co apoio organizativo de diversas institucións colaboradoras nacionais e internacionais, entre as que destacan como co-organizadoras a Universidad Nacional (Costa Rica) e a Escola Superior de Educação Paula Frassinetti (Portugal), que desenvolveron accións de consultoría e difusión do evento.

As Xornadas, que pretenderon ter un carácter eminentemente práctico, concebíronse como un espazo para a creación de ideas, o establecemento de sinerxías, o intercambio construtivo de opinións e, por

suposto, como un foro para adquirir, mellorar e/ou ampliar competencias a través do coñecemento dos proxectos socioeducativos eTwinning baseados en metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas. O detalle do programa con todas as actividades realizadas (mesas redondas, sesión de boas prácticas, obradoiros...) pode visualizarse dende a seguinte web: <https://forinnova-lite.grupomestura.net/programa/>.

As Xornadas Forinnova Lite estiveron en plena consonancia co entorno social e orientación do Campus Terra, así como aliñados co cuarto Obxectivo de Desenvolvemento Sostible, centrado nunha educación de calidade (aprobado pola ONU na Axenda 2030). Máis especificamente, contou cun total de 14 relatores e especialistas (<https://forinnova-lite.grupomestura.net/relatores>) de máximo nivel, todos eles expertos e expertas en proxectos eTwinning, pertencentes a centros educativos con selos de calidade, embaixadores eTwinning, responsables de servizos de formación e innovación autonómicos e nacionais, e con gran experiencia; que afondaron nas mencionadas xornadas (con carácter práctico, formativo e investigador), en diversos aspectos como: que é eTwinning, cales son as características e oportunidades vinculadas a este proxecto europeo, de que xeito se pode crear un proxecto ou participar como socio, que requisitos supón a participación en eTwinning, que tipo de metodoloxías activas se desenvolven e como levalas a cabo, que exemplos de boas prácticas existen (ESPECIALMENTE NO QUE ATINXE AS VANTAXES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CENTROS EDUCATIVOS RURAIS) e cal foi o seu impacto a nivel educativo e social, en que medida eTwinning contribúe ao desenvolvemento da competencia profesional docente, cal é o poder transformador do programa no sistema educativo e na realidade do alumnado participante, como establecer sinerxias entre a Universidade e os centros educativos para desenvolver proxectos eTwinning con impacto positivo para a sociedade e a comunidade, etc.

Polo que respecta á participación, o número de inscritos PRESENCIAIS foi dun total de 142 persoas (cifra moi superior ás 100 personas iniciais estimadas). Asemade, a estas 142 persoas hai que sumar 7 estudantes colaboradores que tamén asistiron ás xornadas, e tamén hai que contemplar a aquelas persoas do Comité Organizador, do Comité Científico e invitados que asistiron presencialmente. En total, estimase unha asistencia PRESENCIAL arredor de **170 personas**. Por outra banda, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de 34 persoas de diferentes zonas de España e doutros países como Portugal, Colombia, etc.

O perfil dos asistentes (presenciais e virtuais) foi o esperado, a saber:

- Alumnado do Grao de Mestre/a en Educación Infantil
- Alumnado de Grao de Mestre/a en Educación Primaria
- Alumnado de Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria
- Alumnado de programas de Doutoramento en Educación
- Profesorado universitario de formación do profesorado e ciencias da educación
- Profesorado de etapas educativas non universitarias

- CHARLA SOBRE PATOLOXÍAS VOCAIS NA DOCENCIA

Como xa se mencionou anteriormente, o día 6 de novembro desenvolveuse a charla “Patoloxías vocais na docencia”, impartida polo logopeda David Posada, especialmente dirixida ao alumnado da materia “Educación vocal para docentes” (cuarto curso), pero que se publicitou a todo o alumnado dos Graos de Educación Infantil e Primaria, e na que se fixo un achegamento ás patoloxías da voz e á hixiene vocal.

- SEMINARIOS E CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR PROFESORADO INVITADO NO PROGRAMA ERASMUS+

Durante este curso académico celebráronse **seminarios e conferencias impartidas por docentes invitados dentro do programa de mobilidade Erasmus+**. Dese xeito, o profesor Francisco José Rodrigues Sousa, da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade das Azoires (Portugal) visitou a nosa facultade entre o 27 de novembro e o 1 de decembro, impartindo seminarios sobre deseño

de ambientes virtuais de aprendizaxe, política curricular (con especial incidencia en cuestións de relevancia do currículo), e política curricular nunha perspectiva internacional. Asimesmo, a *Dra Monica Turturean, da Universidade Stefan cel Mare (Romania) estivo na facultade entre o 11 e o 15 de marzo impartindo seminarios sobre psicoloxía da educación, adiccións a internet e ciberacoso nos dous Graos e no MPES. Nalgúns casos as actividades tiveron lugar en materias concretas do Grao de Primaria ou Infantil, e noutros invitouse a participar a alumnado e profesorado de toda a Facultade, como na conferencia sobre ciberacoso prevista para o 14 de marzo a cargo da Dra Monica Turturean.*

- SEMINARIO “HISTORICAL CONSCIOUSNESS”

O 25 de abril tivo lugar un **seminario a cargo do profesor Nick Mead, da Oxford Brookes University**, no salón de Actos da Facultade e dirixida a todo o alumnado e profesorado, co título *Historical consciousness and the development of a values-based Gramscian dialectic within current neo-liberal narratives of teacher education*/A conciencia histórica e o desenvolvemento dunha dialéctica Gramsciana baseada en valores dentro das narrativas neoliberais actuais na formación docente.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da Liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan no seu conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

LIÑA 4: ACTIVIDADES

4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro de Primaria, Infantil e Dobre Grao, e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto de Primaria, Infantil e Dobre Grao. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicitouse por medio do Campus Virtual, e docentes de primeiro curso cederon uns minutos das súas sesións para que o Director da Biblioteca fixese unha presentación dos mesmos nas aulas. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (outubro 2023) e contou con datos de matrícula similares aos do curso anterior:

Táboa 4. Comparativa de matrícula e aptos no curso básico de competencias informacionais nos

cursos 22-23 e 23-24

	MATRÍCULA 22-23	APTOS 22-23	MATRÍCULA 23-24	APTOS 23-24
INFANTIL	53	41	45	36
PRIMARIA	76	51	75	62
DOBRE GRAO	19	15	16	16
TOTAIS	148	107	136	114

O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (novembro 2023) pero, do mesmo xeito que no curso anterior, cunha cifra xeral máis baixa de matriculados e aptos que no curso básico, malia que a matrícula aumentou considerablemente no Dobre Grao:

Táboa 5. Comparativa de matrícula e aptos no curso avanzado de competencias informacionais nos cursos 22-23 e 23-24

	MATRÍCULA 22-23	APTOS 22-23	MATRÍCULA 23-24	APTOS 23-24
INFANTIL	29	9	20	12
PRIMARIA	16	9	18	4
DOBRE GRAO	6	4	16	9
TOTAIS	51	22	54	25

Con respecto á diferenza nos datos de matrícula entre os cursos, cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademáis conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística.

Tendo en conta a súa importancia para orientar e formar ao alumnado na realización de traballos académicos, e polo tanto para a súa formación en competencias transversais, propónse manter estas accións formativas.

4.2. XORNADA FORMATIVA: “COMO FACER UN TFG /TFM EN EDUCACIÓN” (CUARTO CURSO)

No mes de outubro de 2023 publicitouse ao alumnado de cuarto curso dos Graos a xornada formativa “Como facer un TFG/TFM en Educación”, celebrada na FFP os días 25 e 26 de outubro. Esta actividade foi realizada coa axuda para a realización de actividades de verán 2023 da USC dende o Campus de Lugo (financiada pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do Convenio canalizador da subvención directa nominativa para a realización da actividade, Convenio interadministrativo, anualidade 2023).

Despois de levar a cabo a xornada, pasouse unha enquisa de satisfacción ao alumnado. A valoración xeral foi positiva. Antes da xornada, o alumnado valoraba os seus coñecementos sobre a realización do TFG cun 3,6 sobre 10, mentres que despois da xornada a valoración aumentou até un 7,3 sobre 10. A actividade considérase de interese para alumnado de Graos e Mestrados, e valórase positivamente a súa continuidade.

4.3. PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetenteS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferenes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, mellorando as cifras do curso anterior e contando no curso 2023-24 con 93 materias participantes (84 no curso 22-23). Dese xeito, participaron 25 materias en Infantil, 27 en Primaria e 41 no Dobre Grao). A distribución de materias en función do perfil lingüístico foi a seguinte: 74 en galego (21+20+33; 79,5% do total de materias de CompetenteS; en 5 destas materias só hai participación parcial, isto é, faino unha/un dos docentes da materia, pero non o resto), 13 en castelán (3+4+6; 14% do total de materias de CompetenteS), e 6 mixtas galego-castelán (1+3+2; 6,5% do total de materias de CompetenteS).

Co fin de obter datos concretos sobre o desenvolvemento das competencias lingüísticas en galego e en castelán por parte do alumnado ao longo dos catro anos da súa formación na Facultade, durante os días 15 e 16 de maio do curso 22-23 puxéronse en marcha unha batería de probas en galego e castelán dirixidas ao alumnado dos últimos cursos dos Graos, que foron publicitadas mediante o foro de novas do Campus Virtual e para as cales se solicitou a colaboración do alumnado. Participou aproximadamente a metade do alumnado convocado, e os resultados das probas estanse a analizar.

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

4.4. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CNL) DA FACULDADE (TODOS OS CURSOS)

A Comisión de Normalización Lingüística da facultade, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística, organizou no curso 2021-22, o 29 de marzo e o 5 de abril, o "Obradoiro de apoderamento lingüístico" co obxectivo principal de promover a **responsabilidade na normalización social do galego como parte do ámbito competencial dos mestres e mestras**. No curso 22-23 o obradoiro non se levou a cabo por motivos económicos, e no curso 23-24 a CNL presentou outros **tres proxectos para optar ás axudas que ofrece o Servizo de Normalización Lingüística, e que foron aceptados e financiados**, concretamente dúas conferencias desenvolvidas en terceiro curso de Infantil e a actividade "Toromelos" realizada en primeiro curso de Primaria, todas elas detalladas na liña 3. No mes de abril enviouse asimesmo información a través das aulas virtuais de coordinación da convocatoria da segunda edición do **concurso "Vémolo Nós"**, un concurso de vídeos aberto toda a comunidade da USC, que reparte máis de 5.000 euros en premios, e que busca promover o emprego do vídeo curto (ata 5 minutos) como ferramenta divulgativa, tanto do coñecemento científico como da propia Universidade, así como o emprego do galego como a lingua de uso neste tipo de ferramentas. As tres categorías do concurso ("Divulgación do coñecemento", "Descubrinto a USC" e "Protagonista: o galego") permiten un abano moi amplo de enfoques e perspectivas.

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 93 de 166

Estas actividades considéranse unha iniciativa de interese, na medida en que fornecen competencias centrais e tamén transversais dos títulos, especialmente de carácter lingüístico, polo que se recomenda a súa continuidade se as circunstancias o permiten.

4.4. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO /TODOS OS CURSOS)

Ao inicio dos dous semestres do curso, o Servizo de Normalización Lingüística abre a convocatoria desta actividade formativa que está estruturada en tres módulos, os cales abordan a redacción científica, falar en público e como desenvolver presentacións dixitais eficientes (a primeira convocatoria desenvólvese no primeiro semestre, nos meses de setembro a novembro, e a segunda entre febreiro e abril).

Os módulos poden cursarse de xeito independente. Cada un deles consta de 25 horas e será recoñecido con 1 ECTS por competencias transversais (lingua) para todas as titulacións. No curso 2023-24 impartíronse por medio de teledocencia na plataforma corporativa Teams. As coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos desta iniciativa, dado o interese destes módulos para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos, especialmente no seu derradeiro curso.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

4.5. CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUAS: CLM E OUTROS

Ao inicio do curso 23-24, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual dos prazos para a inscrición *nas probas oficiais para a obtención dos certificados Celga 2, 3 e 4 de lingua galega*. Asimesmo, remitiuse información das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade.

4.6. OUTRAS ACTIVIDADES

No mes de maio informouse ao alumnado dos Graos mediante as aulas virtuais de coordinación da apertura da convocatoria dos **premios á Calidade Lingüística da USC**, dirixidos tanto a TFG como a traballos académicos das materias dos cursos elaborados en idioma galego.

Tendo en conta a utilidade das actividades desenvolvidas na Liña 4 para a formación transversal do alumnado, considérase oportuno continuar proporcionando información e publicitando este tipo de iniciativas.

PLAN FORTE-FFP MESTRADOS

Nos Mestrados desenvóléronse as actividades que seguen, tamén recollidas no informe do Plan FORTE. Cómpre indicar que a xornada de acollida no MPES será obxecto dunha acción de mellora no curso 24-25 (**AM-10** 2024-2025) co fin de aumentar a información proporcionada ao alumnado e incorporar unha enquisa de satisfacción.

LIÑA 1: ACTIVIDADES

1.1. MPES e MDAEN: Xornadas de benvida

Ao comezo do curso 23-24 desenvóléronse nos dous Mestrados cadansúas xornadas de benvida para o alumnado. No caso do MPES, o xoves día 14 de setembro ás 16:00 horas tivo lugar, no salón de actos da Facultade o acto de inauguración do Mestrado, presidido pola Decana da Facultade, e no que participou cunha charla magistral o profesor Xoan Carlos Rodríguez García, Xefe de Estudos, Coordinador “Erasmus+” e Coordinador STEMBach no IES LUCUS AGUSTI. No MDAEN, a acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día, nun acto oficial no que se presenta o centro e as súas instalacións, así como os obxectivos do Mestrado e a tipoloxía de actividades que se van desenvolver. Nunha segunda parte un dos profesores do Mestrado imparte unha conferencia e logo todos os estudantes se reúnen co coordinador e unha parte do profesorado que quere asistir para facer as presentacións e darlles informacións sobre as características e desenvolvemento do título. Esta sesión no curso 2022-23 tivo lugar o 16 de setembro de 2022. Nese acto de presentación tivo lugar unha conferencia a cargo da docente Beatriz Fernández Herrero, titular de “Elas me ensinaron”.

LIÑA 2: ACTIVIDADES

Do mesmo xeito que nos graos, no mes de febreiro anunciouse ao alumnado dos dous Mestrados a apertura da **convocatoria de bolsas da USC para a iniciación á investigación**, e enviouse información sobre a celebración, o 3 de maio, do **acto de investidura como Honoris Causa do profesor Francesco Tonucci**. Publicitáronse asimismo ao longo do curso as seguintes actividades:

MPES

Xornada Hackathon Lugo

No mes de novembro enviouse información ao alumnado sobre unha actividade celebrada o 23 de novembro e recoñecida cun crédito ECTS. [Senior Innovation Lab](#) é unha experiencia educativa que se leva desenvolvendo os tres últimos cursos na Universidade de Santiago de Compostela para promover as capacidades de emprendemento e innovación arredor da lonxevidade da nosa poboación, xerando novas ideas que dan resposta aos retos deste sector, incluíndo as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías: IA, ML, robótica, Blockchain, etc.

MPES

Invitación á participación no proxecto ALL WE are STEAM

No mes de marzo o alumnado foi informado sobre o proxecto **All WE are STEAM**. Trátase dun proxecto que busca contribuír á igualdade entre home e mulleres a través de experiencias de aprendizaxe que eliminan estereotipos na aula no ámbito científico. Os obxectivos deste proxecto son:

- Xerar recursos coeducativos que faciliten o proceso de aprendizaxe cooperativa respectando a diversidade e a igualdade, especialmente a de xénero.
- Visibilizar o talento feminino no ámbito amplo das ciencias, propoñendo desafíos STEAM que sensibilicen á comunidade educativa na necesidade de desenvolver a competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Aumentar as vocacións científicas e tecnolóxicas, a través da participación en actividades que busquen a aplicación do coñecemento científico á vida cotiá.

A actividade á que o alumnado foi convidado a participar é o II Certame de RETOS WE. Os RETOS WE

son desafíos que pretenden desenvolver as competencias STEAM e abarcan diferentes temas relacionados coa vida diaria do alumnado de diferentes niveis educativos, vendo a utilidade dos contidos traballados de maneira contextualizada en situacións da vida real. Cada reto conta cunha guía docente con orientacións metodolóxicas e unha ficha con toda a información necesaria para desenvolvelo. Pódese participar nun ou en varios retos. Ligazóns con información sobre o proxecto e o II Certame de RETOS WE:

<https://ingenieraszamora.usal.es/all-we-are-steam-retos-2024/>

<https://ingenieraszamora.usal.es/all-we-are-steam-retos-2024/retos-we-2024/>

MDAEN

Retorna ao Rural con Campus Terra

No mes de febreiro enviouse convocatoria para realización de prácticas extracurriculares remuneradas (Retorna ao Rural con Campus Terra).

MPES e MDAEN

Finalmente, do mesmo xeito que nos Graos, informouse nos dous Mestrados da celebración, os martes 23 e 30 de abril (de 10 h. a 12 h.) e os luns 6 e 13 de maio (de 16 h. a 18 h.), do **OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL** na FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO, impartido por Ana Belén Fernández García (máis información na sección 2.1 dos Graos).

LIÑA 3: ACTIVIDADES

MPES

Conferencia con profesional externo: “Intelixencia Artificial e Educación”

O 2 de outubro de 2023 tivo lugar unha charla con profesional externo organizada polas Facultades de Formación do Profesorado (Lugo) e Ciencias da Educación (Santiago), dirixida ao alumnado do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, á que asistiron ao redor de 30 persoas:

Programa:

1. Definición de IA e conceptos relacionados.
2. Historia e aplicacións da IA.
3. Aplicacións basadas na IA para a práctica docente: que esperan os docentes da IA? que ofrece na actualidade a IA no ámbito docente? retos e desafíos da IA para acadar os ODS.
4. Aspectos éticos na aplicación da IA.
5. Obradoiro práctico (30').

Ponente: Prof. Sonia Valladares Rodríguez, profesora no Grao en Robótica da Universidade de Santiago de Compostela.

Data: 2 de outubro de 2023

Hora: 10:00h

Duración: 2h.

Destinatarios: alumnado e profesorado do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

Modalidade: Online MS Teams.

MPES

Seminario sobre adiccións a internet

Dentro das actividades desenvolvidas pola docente invitada no Programa Erasmus+ (Dra Monica Turturean) inclúese un seminario impartido o día 13 de marzo ao alumnado do Mestrado da especialidade de FP, co título “Internet Addiction in Adolescents and Young Adults: Implications for Vocational Training and Educational Practices”

MPES e MDAEN

Conferencia plenaria sobre ciberacoso

No mes de marzo informouse ao alumnado dos Mestrados da celebración da conferencia plenaria sobre o ciberacoso xa comentada no apartado dos Graos, a cargo dunha docente invitada dentro do programa Erasmus+ (a Doutora Monica Turturean, da Universidade Stefan cel Mare en Suceava, Romanía).

MPES e MDAEN

Seminario “Historical Consciousness”

Do mesmo xeito que nos graos, informouse ao alumnado da celebración, o 25 de abril, do seminario a cargo do profesor Nick Mead, da Oxford Brookes University, co título *Historical consciousness and the development of a values-based Gramscian dialectic within current neo-liberal narratives of teacher education*/A conciencia histórica e o desenvolvemento dunha dialéctica Gramsciana baseada en valores dentro das narrativas neoliberais actuais na formación docente.

MDAEN

Saídas formativas (prácticas de campo)

No MDAEN desenvolvéronse as seguintes prácticas de campo:

Táboa 6. MDAEN: Prácticas de campo 23-24

DESTINO	DOCENTE/S RESPONSABLE/S	DATA DE REALIZACIÓN
Lugo-Cangas do Morrazo-Donón-Lugo	Miguel Cons	29/09/2023
Lugo-Barbanza- Lugo	Miguel Cons	20/10/2023
Lugo-Lago das Pontes-Castelo San Felipe (Ferrol)- Cabo Prior-Club Náutico de Ares- Lugo	Miguel Cons	27/10/2023
Lugo-Ponte Vilar-Rábade- Penas de Rodas- Lugo	Laura García Docampo	16/10/2023
Lugo-Quindós(Cervantes)- Lugo	Laura García Docampo	29/11/2023
Lugo- Pantón (Casa da Fonte)- Belesar- Lugo	Laura García Docampo	09/11/2023
Lugo-Castro de Rei- Cospeito-Lugo	Ana Cabana	07/11/2023
Lugo-Ribeira-P.N. Corrubedo-Castro de Baroña- Noia-Lugo	Pablo Ramil/F. Lestegás	09/10/2023
Lugo-Mazo de Santa Comba- Lugo	M.A.R Guitián	23/09/2023
Lugo-Rábade-Cospeito-Castro de Rei- Lugo	M.A.R Guitián	24/09/2023
Lugo-O Cebreiro- Alto de San Roque - Lugo	M.A.R Guitián	25/09/2023
Lugo- A Pontenova-Viavélez- Lugo	A. Merino/F. Lestegás	31/10/2023
Lugo- Guitiriz	Salvador Cidrás /Vicente Blanco	22/11/2023
Lugo – A Fonsagrada	Laura García Docampo	do 15/02/2024 ao 17/02/2024
Lugo – Mondoñedo	Laura García Docampo	29/02/2024
Lugo - Serra do Xistral	Oscar Chao Penabad	02/02/2024
Lugo - Parque Eólico de Sotavento (Xermade) - Lugo	Virginia Aznar	08/02/2024
Lugo - Terras do Mandeo (Área Natural de Chelo) e Betanzos	Miguel Cons / Virginia Aznar	01/03/2024

MDAEN

Conferencias con profesionais externos

No MDAEN desenvolvéronse as seguintes conferencias a cargo de profesionais externos:

Título: "Introdución ao Coaching Ontolóxico"

Ponente: Juan Manuel Tejeda Alonso

Data: 11 de outubro de 2023

Título: "As asociacións de custodia do territorio"

Ponente: Asociación Galega de Custodia do Territorio

Data: 16 de outubro de 2023

Título: "Natureza e ruínas industriais"

Ponente: Asociación Illa dos Ratos

Data: 20 de outubro de 2023

Título: "A natureza educadora"

Ponente: Bibiana Marful Castañal

Data: 3 de novembro de 2023

Título: "O fenómeno da colonización na Terra Chá"

Ponente: Zaida Villanueva García.

Data: 7 de novembro de 2023

Título: "Pintar a natureza"

Ponente: Mariana Roura Sánchez.

Data: 22 de novembro de 2023

Asimesmo, na visita á comarca de Ferrol Terra, Lago das Pontes, Castelo de San Felipe (Ares) do alumnado do Mestrado DAEN, impartíuse a Conferencia "Las Instalaciones náutico-deportivas en los pueblos costeros", a cargo, igualmente, dun profesional externo.

LIÑA 4: ACTIVIDADES

MPES

Xornada formativa "Como facer o TFG e o TFM en Educación"

No mes de outubro publicitouse tamén ao alumnado dos Mestrados a xornada formativa "Como facer o TFG e o TFM en Educación", celebrada na FFP os días 25 e 26 de outubro. Os detalles sobre esta actividade proporciónanse na liña 4 da sección dedicada aos Graos.

MPES

Curso de competencias en información na contorna dixital (orientación e apoio para a elaboración de TFM)

No mes de febreiro, o alumnado foi informado da realización dunha acción formativa sobre **XESTIÓN DA INFORMACIÓN CARA A ELABORACIÓN DO TFM. BUSCA E CITACIÓN**, que tería lugar o día **20 de febreiro de 2024**, en horario de **10:00 a 12:00 horas**. Dita acción foi impartida por **César Gómez**, Director da biblioteca da Facultade de Formación de Profesorado de Lugo, e destinada ao alumnado do Mestrado de Secundaria do Campus de Lugo e ao do Campus de Santiago.

CONTIDOS:

1. Fontes de información científica:
 - 1.1 Catálogos de Biblioteca: Iacobus (USC)
 - 1.2 Bases de datos: xeneralistas (Dialnet, WOS, Scopus) e especializadas (Redined, ERIC)

- 1.3 Portais de revistas científicas (Wiley..)
- 1.4 Buscadores académicos (Google Scholar / Académico)
2. Citación bibliográfica en APA (7ª ED.):
 - 2.1 Cando debemos citar.
 - 2.2 Aclarando conceptos: cita, referencia bibliográfica e bibliografía.
 - 2.3 Normas APA (7ª ED.).
 - 2.4 Xestores bibliográficos.

MPES e MDAEN

Premios á calidade lingüística

Do mesmo xeito que nos Graos, nos dous Mestrados informouse ao alumnado no mes de maio da convocatoria de **premios á calidade lingüística da USC**, posto que tamén se aplica a TFM elaborados en galego.

No caso dos Mestrados, e de xeito xeral, considérase que as iniciativas desenvolvidas nas diferentes liñas son adecuadas para a formación do alumnado, polo que se recomenda continuar e, de ser posible, incrementar este tipo de actividades.

2.3.5. MOBILIDADE DO ALUMNADO

GMEI e GMEP

As convocatorias SICUE e Erasmus son as que atraen á meirande parte do alumnado participante, e os datos do curso 23-24 amosan que o alumnado se atopa satisfeito con estes programas (INF4). No Grao de Primaria, o ítem referente á valoración global da experiencia recibe 4,5 puntos sobre 5, sendo o valor de 4 no Grao de Infantil e de 5 no Dobre Grao. Non se proporcionan datos desagregados por Campus.

Con respecto á procedencia ou destino específicos do alumnado participante en programas de mobilidade, os datos do alumnado que participou nestes programas no curso 23-24 amosan que na FFP-Lugo participaron en programas de mobilidade saínte no Grao de Infantil 4 estudantes (1 erasmus Austria, 1 erasmus Finlandia, 2 SICUE), no Grao de Primaria 11 estudantes (3 erasmus Austria, 1 erasmus Finlandia, 4 erasmus Portugal, 2 erasmus Romanía, 1 SICUE), e no Dobre Grao 2 estudantes (1 erasmus Bélxica, 1 SICUE).). En mobilidade entrante recibíuse 1 estudante SICUE no Dobre Grao da Universidade de Granada. A mobilidade saínte é a mesma que no curso anterior, pero a entrante experimentou un notable incremento, pasando de 9 estudantes a 17, co que se acadan as metas establecidas no PEC para o curso, executándose satisfactoriamente a acción de mellora **AM-02** 2023-2024. Tal e como consta nos sucesivos informes de seguimento e Memorias de Calidade, nos últimos cursos véñense desenvolvendo accións de mellora relativas á mobilidade de estudantes, e encamiñadas cara a fomentar a participación do alumnado nestes programas, tanto no Grao de Infantil coma no de Primaria e no Dobre Grao/Simultaneidade.

Dese xeito, dentro da Acción de Mellora **AM-02** (2023-2024), na FFP-Lugo, ao longo do curso 2023-2024, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos Coordinacións dos títulos e os Coordinacións de curso informaron cumpridamente ao alumnado por medio do Campus Virtual sobre convocatorias de mobilidade, solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos Coordinacións de mobilidade correspondentes. As posibilidades de mobilidade publicítáronse tamén na xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación, así como nunha sesión específica sobre programas de mobilidade impartida pola RAM do centro que foi avaliada positivamente polo alumnado, cunha media de 3,77 puntos sobre 4. Como consecuencia, a mobilidade saínte total do alumnado da facultade aumentou de 9 a 17 estudantes. A necesidade de continuar fomentando a participación motiva a reapertura da acción de mellora para o curso 2024-2025 (**AM-02**), co fin de facer un seguimento específico da mobilidade saínte do alumnado, en liña coas observacións realizadas polo comité avaliador no proceso de renovación da acreditación das titulacións de Primaria e Infantil.

A participación xeral do alumnado en programas de mobilidade continúa a ser relativamente baixa, malia que cómpre matizar que na persistencia de prazas vacantes en destinos Erasmus inflúen cuestións económicas, de competencia lingüística do alumnado (por exemplo, na FFP-Lugo non se adoitan cubrir as prazas de Erasmus que requiren portugués, e non se cubren todas as prazas de francés), e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos, os cales preparan ao alumnado para o exercicio dunha profesión regulada cuxa normativa varía dependendo do país. Unha razón específica para a baixa participación no programa SICUE pode ser de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, non ter asegurada unha bolsa e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos, así como a compatibilidade dos plans de estudos. Por outra banda, o aumento da oferta académica de destinos é complicada, tendo en conta as limitacións dos nosos planos de estudos, que non contan con suficientes materias impartidas noutras linguas aparte da castelá e a galega, o que supón unha dificultade á hora de atopar universidades de destino que accedan a intercambios na contorna europea.

MPES e MDAEN

No caso dos Mestrados, ao ser dun ano de duración, non se produce mobilidade sainte, xa que os Erasmus nos Mestrados teñen lugar no segundo ano.

2.3.6. METODOLOXÍA DA ENSINANZA E A AVALIACIÓN, E ADAPTACIÓN A NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

No referente á metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe, os programas das materias de Graos e Mestrados, dispoñibles na [web da Facultade](#), permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que figuran nas memorias das titulacións.

No caso dos **Graos**, os programas das materias dos cursos son revisados e actualizados periódicamente polo profesorado das propias materias, e revisados tamén posteriormente polas coordinacións de curso, as cales elaboran informes nos que se presta especial atención á adecuación dos programas ás competencias previstas, á cumprimentación de todos os apartados dos programas, e á atención ás diversas casuísticas de avaliación. Estes informes son posteriormente elevados ás coordinacións de Título e incluídos nos informes xerais da marcha dos cursos que estas presentan perante as Comisións de Título nas súas reunións periódicas.

Antes de rematar o curso académico 2023-2024 procedeuse, como é costume, á revisión dos programas do curso seguinte (2024-2025) por parte das coordinacións de título e curso. O profesorado recibiu información e recomendacións do Decanato e as Coordinacións de Título para a elaboración dos programas. Co fin de atender á necesidade de poñer en marcha mecanismos para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias nas Memorias Verificadas dos Títulos (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que fora preciso abordar actualizando as propias fichas, tiñase deseñada a acción de mellora **AM-06** (2021-2022), procedente dos Informes de Seguimento dos títulos de Primaria e Infantil, que atendía precisamente á reformulación do proceso de revisión de programas e á creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT. Esta acción protocolizouse para ser realizada de xeito automático en vindeiros cursos. Dese xeito, no curso 23-24 as coordinacións dos títulos facilitaron ao profesorado das titulacións a plantilla de revisión de programas para que a cubrise de xeito telemático, de feito que puideran ser detectados erros ou omisións antes da aprobación dos programas polos correspondentes departamentos e pola Xunta de Facultade. As coordinacións de curso empregaron os datos recollidos para elaborar os seus informes de revisión de programas, que remitiron á coordinación de título correspondente. As incidencias e desaxustes detectados foron trasladados ao profesorado ou aos departamentos correspondentes e solucionados satisfactoriamente.

Nas seguintes ligazóns pódese acceder aos programas das materias dos dous graos:

Grao en Mestre/a de Educación Infantil: <https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-mestre-educacion-infantil-0>

Grao en Mestre/a de Educación Primaria: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-maestro-educacion-primaria>

No caso do **MPES**, o principal instrumento que vela pola xestión do Mestrado é a comisión de título, que está constituída coa presenza e participación de representantes dos centros de impartición e ten sede no centro responsable da titulación (Facultade De Ciencias da Educación). Funciona como unha comisión intercentros. Este é un punto forte na coordinación do Mestrado, porque a súa fragmentación en dúas comisións perxudicaría ás dinámicas de traballo conxuntas, e moita da labor que se realiza en cada centro non resultaría operativa. De feito, a elaboración de programas, calendarios e guías docentes de Prácticum e Traballo Fin de Mestrado comúns a ambos centros ven sendo unha boa práctica para a organización e funcionamento da titulación

No caso do **MDAEN** existe un coordinador por cada módulo de materias, o que promove que non se produzan solapamentos de contidos e que os programas respondan ás competencias previstas, e que vela por que a carga de traballos dentro de cada módulo non exceda ás horas das que dispón o alumnado para tal fin. Con todo, programouse unha acción de mellora (**AM-15** 2023-2024) co fin de deseñar e implementar un procedemento para a revisión de programas que permita asegurar que estes se axustan á normativa de programación e ao especificado nas fichas das materias na Memoria do título, a cal se desenvolveu exitosamente.

Polo que respecta aos **Graos de Primaria e Infantil**, a adecuación da metodoloxía de ensino e de avaliación vese avalada polos indicadores dos resultados da aprendizaxe e os do grao de satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado e impartida por parte do profesorado. Isto mesmo acontece en relación ao MDAEN e no MPES, (ver apartados correspondentes nesta mesma sección: [2.3.10](#) e [2.3.11](#)).

Dende as coordinacións dos Títulos instase ás coordinacións de curso a trasladar información sobre a normativa de avaliación ao profesorado de materias compartidas e aos seus coordinadores, de xeito que o sistema de avaliación de cada unha desas materia sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa e na normativa. No [Documento Marco de Funcións](#) (2ª edición) establécese asimismo a responsabilidade dos coordinadores de materia a este respecto, e as enquisas de coordinación de curso contidas no documento recollen ítems específicos para detectar problemas de coordinación entre docentes que comparten materias. A información recollida nas enquisas envíase ao profesorado do curso, que pode facer alegacións ou comentarios, e de ser o caso, estas observacións trasládanse ao alumnado mediante o foro de novas do Campus Virtual.

Pola súa banda, cómpre destacar que no curso 2023-2024 desenvolveuse a acción de mellora **AM-03** para continuar apoiando e animando aos docentes das titulacións a que participen en convocatorias de proxectos de innovación en ApS e en MOOC e de apoio ás TIC, así como en actividades que supoñan a aplicación de metodoloxías docentes innovadoras (en resposta ás suxerencias de mellora do comité avaliador no proceso de renovación da acreditación dos títulos). Con respecto ás tarefas realizadas, non consta convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC, pero polo que concirne a proxectos de aprendizaxe-servizo, na FFP-Lugo informouse desde o Decanato da convocatoria que se organiza a este respecto, Varios membros do PDI presentaron propostas de proxectos de ApS e as solicitudes resolvéronse favorablemente, polo que se cumpriron os obxectivos establecidos no PEC.

Por outra banda, e de acordo coas directrices do [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#), as coordinacións de curso poñen a disposición do profesorado de todos os cursos e graos por medio do Campus Virtual unha ferramenta de recollida de información (táboa de actividades), na que o profesorado é convidado a rexistrar actividades de innovación docente, ApS, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc., de xeito que se visibilice o seu traballo. As coordinacións de curso recompilan esas actividades nos seus informes anuais, e estos quedan á súa vez reflectidos nos informes finais de

curso das coordinacións dos títulos, os cales son empregados como fontes de datos para os Autoinformes de Seguimento e a Memoria de Calidade. Asemade, a descrición completa desas actividades consta no informe de execución anual do Plan FORTE-FFP, posto que unha das súas liñas de acción ten como obxectivo enriquecer a formación do alumnado mediante este tipo de actividades. No informe do Plan correspondente ao curso 23-24 consta terse superado o número de 3 actividades anuais relacionadas con metodoloxías innovadoras, a meta marcada no PEC. A acción de mellora reabírase para o curso seguinte (**AM-03** 2024-2025) para continuar apoiando e animando aos docentes das titulacións a que participen neste tipo de convocatorias, así como en actividades que supoñan a aplicación de metodoloxías docentes innovadoras (en resposta ás suxerencias de mellora do comité avaliador no proceso de renovación da acreditación dos títulos).

Asemade, abriuse unha acción de mellora para executar no curso 2023-2024 (**AM-04**) co fin de fomentar o traballo con metodoloxías docentes innovadoras, neste caso mediante a organización do Simposio Forinnova Lite na FFP, a cal foi executada satisfactoriamente.

Finalmente, cómpre lembrar que o traballo desenvolvido na Facultade no eido da innovación docente foi recoñecido no curso 2022-23, no que a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de goberno, acordou seleccionar á FFP-Lugo dentro da convocatoria para o recoñecemento da innovación docente nos centros da USC (<https://www.usc.gal/gl/xornal/eventos/entrega-premios-innovacion-docente-boas-practicas>).

No caso do **MPES**, a acción de mellora **AM-12** (sobre a introdución de estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Mestrado) non se puido executar no curso 23-24, e non se considera polo momento a súa reapertura.

En canto á adaptación a necesidades específicas, da detección de necesidades específicas ou adaptacións curriculares encárgase o Servizo de Participación e Integración Universitaria (**SEPIU**), que comunica ao profesorado as demandas formuladas polos/as estudantes neste sentido e recomenda liñas de actuación. De acordo coa información subministrada polo SEPIU, no curso 2023-2024 solicitaron apoio 10 **estudantes da FFP-Lugo con neae**: 4 estudantes no Grao de Primaria, 4 no Grao de Infantil, 1 no Dobre Grao e 1 no MPES. Por outra banda, o SEPIU rexistrou tamén a participación de 61 estudantes dos Graos en **programas de voluntariado** (46 de Ed. Primaria, 7 de Ed. Infantil e 8 do Dobre Grao) e 120 en **proxectos de ApS** (Aprendizaxe-Servizo): 74 de Ed. Primaria, 11 do Dobre Grao, 18 do MDAEN e 17 do MPES.

2.3.8. PRÁCTICAS EXTERNAS (PRÁCTICUM)

GMEI e GMEP

Un dos compoñentes máis importantes do título para a capacitación profesional dos estudantes dos Graos de Infantil e Primaria é o Prácticum (prácticas externas) cunha asignación de 42 créditos de carácter obrigatorio na Memoria verificada. Na 1ª edición do título as prácticas distribúense en tres períodos (12 créditos. 2º curso, 3ºcuadrimestre; 18 créditos. 3º Curso 6º cuadrimestre; 12 créditos. 4º curso, 7º cuadrimestre), e na 2ª edición (implementada a partir do curso 2016/2017) en dous períodos (18 créditos. 3º curso, 5º cuadrimestre; 24 créditos. 4º Curso 8º cuadrimestre). Cada centro conta cun Coordinador Xeral do Prácticum, co que colaboran os coordinadores de cada unha das materias que o compoñen. Este organigrama responde á complexidade que supón a organización das prácticas e a súa importancia formativa. Para facilitar o seu desenvolvemento asínanse convenios coa Administración educativa correspondente, coa finalidade de regular a presenza do alumnado en centros escolares e favorecer a colaboración entre a Universidade e as institucións educativas.

No curso anterior á primeira materia de prácticas e antes de comezar cada Prácticum organízanse reunións informativas co alumnado por parte da coordinación xeral de prácticas para explicar o proceso de elección dos centros e o desenvolvemento das mesmas. Como xa se comentou no parágrafo anterior, ademais da coordinación

xeral do Prácticum, cada Prácticum dos dous títulos conta cun coordinador específico, que se reúne co profesorado supervisor dese período de prácticas para deseñar os programas e guías docentes das materias e debater e resolver calquera incidencia. A este respecto propúxose realizar unha actividade de orientación de xeito máis sistemático para o curso 2021-22, organizando unha xornada formativa para supervisores (**AM-07** 2021-22), que foi executada con éxito e que se protocoliza para os vindeiros cursos. Os supervisores do alumnado na Facultade levan a cabo asimesmo reunións de preparación, seguimento e reflexión co seu alumnado, manténdose en contacto permanente á súa vez cos titores externos nos centros de prácticas.

Na FFP-Lugo, nas guías docentes dos Prácticums da titulación déixase constancia dos contactos que deben establecer os supervisores da Facultade e os titores externos do Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Os contactos establécense así mesmo no [Plan Xeral do Prácticum](#) e no [Protocolo Intercentros do Prácticum](#). Por outra banda, entre a documentación que o alumnado leva ao centro nos dous Prácticums está unha carta dos supervisores aos titores na que se lles proporciona orientación sobre as tarefas que o alumnado debería realizar durante a súa estadia e mais os datos de contacto de cada supervisor. A entrega desta carta ao profesorado titor está tamén establecida no Plan Xeral do Prácticum. Cómpre ter en conta que a escasa asignación de horas por estudante supervisado dificulta as visitas aos centros de prácticas. Os contactos cos titores do Prácticum están polo tanto protocolizados no Plan Xeral do Prácticum, que foi renovado no curso 2020-2021.

Co fin de mellorar aspectos organizativos do Prácticum, prográbase unha acción de mellora (**AM-06** 2024-2025) cunha serie de tarefas asociadas (Incorporación das sesións de organización no calendario oficial da FFP; Creación dunha Web sobre o Prácticum na FFP; Elaboración de rúbricas de avaliación dos informes de prácticas no Prácticum I; Creación de píulas formativas agrupadas por temáticas para o profesorado supervisor; Desenvolvemento de actividades formativas para o alumnado previas á realización do Prácticum).

No curso 2023-2024, os datos continúan a amosar un nivel de satisfacción elevado coas prácticas externas, tanto por parte do alumnado como dos titores profesionais e académicos. Así, no GMEI na FFP-Lugo, a satisfacción dos estudantes (IN19G) foi de 4,06 puntos sobre 5, a dos titores profesionais (IN20G) de 4,43, e a dos titores académicos (IN21G) de 4,44. No GMEP, a satisfacción do alumnado foi de 4,23 puntos, a dos titores profesionais de 4,36, e a dos titores académicos 4,25. No caso do Dobre Grao, a satisfacción do alumnado coas prácticas externas no curso 2023-24 acadou na FFP-Lugo 4,57 puntos sobre 5, a dos titores profesionais 4,59 e a dos titores académicos 4,47.

Asemade, na FFP-Lugo, tendo constatado que a Área de Calidade non proporciona datos concretos sobre a satisfacción coa coordinación do Prácticum, dende a coordinación xeral do Prácticum adminístranse enquisas propias ao alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción, tanto coa coordinación xeral coma co traballo das persoas que exercen a supervisión académica e o persoal titor dos centros.

- [Resultados enquisa Prácticum I \(23-24\)](#)
- [Resultados enquisa Prácticum II \(23-24\)](#)

No curso 2023-24, polo que concirne ao Prácticum I, o alumnado dos dous graos (Primaria e Infantil) amosouse bastante ou moi satisfeito coa coordinación xeral nun 84%, coas supervisións da Facultade nun 89%, e coas titorizacións nos centros nun 97%. No Prácticum II as porcentaxes foron, respectivamente, do 91%, 88% e 91%, e o alumnado manifestouse bastante ou moi satisfeito coas persoas coordinadoras da materia nun 92%. Porén, o alumnado realizou suxestións de mellora con respecto a aspectos organizativos do Prácticum, o cal motiva a apertura dunha acción de mellora específica para o Prácticum dos graos (**AM-06** 2024-2025), con tarefas relativas ao calendario de sesións organizativas, formación do profesorado supervisor, rúbricas de avaliación, información sobre o Prácticum nunha web específica, e actividades formativas previas ao Prácticum para o alumnado.

MPES

No caso do Mestrado en Profesorado de Secundaria, o Prácticum ten asignado un total de 12 créditos: 4 no primeiro semestre (Prácticum I), e 8 no segundo (Prácticum II). A xestión do mesmo realízase dende o vicedecanato do Mestrado de Profesorado (FCE-Santiago de Compostela) e a Coordinación do Mestrado (FFP-Lugo).

No que respecta á satisfacción dos diferentes grupos de interese, esta continúa en valores positivos. Así, no curso 2023-2024 a Área de Calidade facilitou datos da FFP-Lugo correspondentes ao alumnado, o cal outorga 4,48 puntos sobre 5. Con respecto á dos titores profesionais, non hai información dispoñible, e a satisfacción dos titores académicos é de 4,75 puntos sobre 5.

MDAEN

Pola súa parte, o MDAEN ten un só Prácticum, de 6 créditos, que se desenvolve no segundo semestre; a asignación de titor faise dende a coordinación de prácticum, sendo o alumnado o que elixe a institución de destino ou procedéndose a asinar un convenio no caso de que este non exista. No que respecta ao curso 2023-2024, a satisfacción do estudantado acada 4 puntos sobre 5, e a dos titores académicos foi de 5 puntos. O dato máis recente dispoñible sobre a satisfacción dos titores profesionais é a do curso 2022-2023, sendo de 4,24 puntos.

Con respecto ás prácticas, propúxose como acción de mellora para o curso 2023-2024 (**AM-17**) o deseño e implementación dunha enquisa propia do centro dirixida a alumnado e titores/as profesionais, co fin de recoller datos máis específicos sobre a satisfacción dos dous grupos de interese, os cales permitirán mellorar a calidade da formación impartida. A acción levouse a cabo e a enquisa empregárase de xeito protocolizado en vindeiros cursos. Para o curso 2024-2025 propónse unha acción de mellora consistente no deseño e implementación dunha enquisa dirixida aos centros de prácticas, co fin de recompilar información sobre o seu grao de satisfacción (**AM-17** 2024-2025)

2.3.9. TFG E TFM (ASIGNACIÓN, SUPERVISIÓN E AVALIACIÓN)

GMEI e GMEP

Na FFP-Lugo existe a figura do coordinador ou coordinadora dos TFG da titulación, tanto de Primaria como de Infantil. Tendo en conta o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require un esforzo ímprobo que, ademais, goza dun escaso recoñecemento académico (20 HDE). A asignación de titorizacións realízase tendo en conta as preferencias do alumnado e o seu expediente académico. Polo que respecta aos procesos de supervisión e avaliación, por mor do elevado número de alumnado e o escaso número de docentes que poden asumir esas tarefas, solicitouse un cambio do regulamento que afecta á avaliación e que se puxo en marcha a partir do curso 2016-17, do que se da conta nun parágrafo anterior, dentro do apartado dedicado ao desenvolvemento das distintas normativas ([2.3.1.](#)).

No curso 2023-24, na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF14) o grao de satisfacción dos docentes coa titorización dos TFGs na FFP-Lugo acada un 4,35 sobre 5 en Primaria e un 4,10 en Infantil. Se ben non son valoracións baixas, os valores son inferiores aos doutros ítems, o cal pode explicarse pola carga de traballo e a escaseza de docentes dispoñibles para asumir estas tarefas, o cal obriga ocasionalmente aos docentes a asumir titorizacións de traballos fóra das súas liñas de investigación.

Cómpre sinalar que a Biblioteca da Facultade organiza un curso de formación en competencias informacionais a nivel avanzado para orientar ao alumnado de cuarto curso dos Graos de Primaria e Infantil na realización do TFG. A información xeral sobre os cursos da Biblioteca proporciónase no apartado de orientación académica e profesional ([2.3.4.](#)). O curso encádrase no Plan FORTE-FFP, e o desenvolvemento do mesmo explícase no apartado [2.3.4.](#) como actividade pertencente ao Plan.

Os resultados acadados polos estudantes dos Graos nesta materia continúan a ser satisfactorios. No curso 2023-24 no Grao de Primaria defendéronse un total de 107 traballos na FFP-Lugo, 12 deles por alumnado do Dobre Grao, outros 4 pertencentes ao Curso Ponte do Grao en Mestre de Educación Primaria (2ªed), e,

 FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 104 de 166

finalmente, 91 TFGs elaborados por alumnado da segunda edición do Grao de Mestre/a de Educación Primaria. A cualificación máis frecuente acadada polos 111 estudantes (xa que houbo traballos grupais) foi de Notable (72 estudantes, 64,86%), seguida de Aprobado (23 estudantes, 20,72%), Sobresaliente (9 estudantes, 8,10%), e Matrícula de Honra, con 6 estudantes (5,40%). A puntuación máis frecuente foi un 7,5 (42 estudantes, 37,83%).

Pola súa banda, no Grao de Infantil defendéronse un total de 86 traballos na FFP-Lugo, 12 deles por alumnado do Dobre Grao, 1 pertencente ao Curso Ponte do Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª ed) e, finalmente, 73 TFGs elaborados por alumnado da segunda edición do Grao en Mestre de Educación Infantil. A cualificación máis frecuente acadada polos 89 estudantes (tendo en conta que houbo tamén traballos grupais) foi de Notable (69 estudantes, 77,52%), seguida de Aprobado (10 estudantes, 11,23%), a continuación Sobresaliente, (9 estudantes, 10,11%) e finalmente Suspenso (1 estudante, 1,12%). A puntuación máis frecuente foi tamén un 7,5 (50 estudantes, 56,17%).

MPES

No que respecta ao Mestrado en Profesorado, tamén se realiza dende a biblioteca un curso en competencias dixitais (**AM-11** 2023-24), co mesmo obxectivo que nos graos, e que terá continuidade no curso seguinte (**AM-09** 2024-2025) dentro no Plan FORTE-FFP. Así mesmo, no proceso de asignación de titorización, séguese o criterio de expediente académico, que se ven amosando como positivo. A satisfacción do profesorado coa titorización de TFMs no Mestrado (INF14) acada en Lugo un 4,43 sobre 5, sendo un valor positivo.

No que concirne aos resultados dos TFMs, no curso 2023-24 defendéronse 51 traballos na FFP-Lugo, con resultados similares aos do curso anterior. A cualificación máis frecuente foi a de Notable, con 28 traballos (54,90%), seguida de Aprobado, con 16 traballos (31,37%), Sobresaliente, con 3 traballos (5,88%), Suspenso, con 2 traballos (3,92%), e Matrícula de Honra, con 2 traballos (3,92%). Asemade, dous estudantes foron cualificados como Non presentado.

MDAEN

No MDAEN, cada alumno dispón dun titor ou titora que o orientará na elección e realización do seu proxecto fin de mestrado, sendo estes os que propoñerán unha oferta ampla de posibles traballos a desenvolver que, con independencia dos seus obxectivos, metodoloxías e contidos concretos, deberán axustarse formalmente ao modelo xeral de proxecto fin de mestrado. O procedemento é o seguinte: a comezos de decembro ofértase ao alumnado unha listaxe de profesorado coas liñas de traballo e investigación e, nunha reunión conxunta, cada estudante elixe titor conforme a nota de corte ata completar a cota de cada titor.

Por outra banda, e coa finalidade de harmonizar criterios para a aprobación de propostas de TFM, tamén se deseñou para o MDAEN unha lista de control (**AM-16**, finalizada no curso 2023-2024) que se continuará a empregar de xeito protocolizado en vindeiros cursos. O grao de satisfacción do profesorado que titoriza TFMs (INF14) acadou no curso 2023-24 un 4,37 sobre 5.

No curso 2023-24 presentáronse un total de 15 TFMs (a metade dos defendidos no curso anterior), volvendo a cifras similares ás do curso 21-22. cualificación máis frecuente foi a de Notable, cun 53,33% (8 traballos), seguida de Sobresaliente, cun 20% (3 traballos), e Aprobado, cun 20% (3 traballos), e finalmente Matrícula de Honra, cun 6,66 % (1 traballo).

2.3.10.RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Os indicadores de resultados para o curso 2023-2024 en todas as titulacións impartidas na Facultade mantéñense en valores moi positivos en xeral, en comparación coa media da USC, tal e como se desprende da táboa seguinte:

Táboa 4. Resultados da aprendizaxe curso 2023-2024 (FFP-Lugo) e comparativa coa media da USC

(G: Graos; M: Mestrados)

INDICADORES DE RESULTADOS	GMEI	GMEP	Dobre Grao en MEI e MEP	MPES	MDAEN	Media USC
Taxa de rendemento	94,53%	93,78%	97,89%	91,66%	90,89%	G: 81,65% M: 89,31%
Taxa de éxito	96,92%	96,88%	99,07%	98,89%	99,17%	G: 88,09% M: 98,68%
Taxa de avaliación	97,54%	96,80%	98,81%	92,69%	91,65%	G: 92,69% M: 90,51%
Taxa de graduación	85,37%	83,15%	88,24%	87,5%	87,5%	G: 60,57% M: 81,83%
Duración media dos estudos	4,14	4,24	5	1,4898	1,2667	G: 4,8 M: 1,5
Taxa de abandono durante o primeiro curso	14,29%	3,03%	5,88%	---	---	G: 17,52%
Taxa de abandono RD 1393/2007	7,32%	10,11%	11,76%	7,14%	8,33%	G: 20,13% M: 8,50%

Como se pode apreciar na táboa, as taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación nos Graos e no Dobre Grao da FFP-Lugo son consistentemente superiores ás medias da USC, e a duración media dos estudos e a taxa de abandono no primeiro curso son inferiores. Polo que respecta aos Mestrados, os valores de rendemento, éxito, e avaliación son superiores á media da USC, así como a taxa de graduación. A duración media dos estudos e a taxa de abandono son inferiores á media da USC. Nos Graos, as taxas de abandono no primeiro curso poden explicarse porque unha certa porcentaxe de alumnado decide continuar os seus estudos no Campus de Santiago e solicita o traslado, fundamentalmente por cuestións económicas e de proximidade á súa residencia, xa que moitos destes estudantes viven na área de Santiago ou en zonas máis próximas a Santiago que a Lugo.

Polo que respecta aos resultados obtidos do **desenvolvemento e avaliación das diferentes materias da titulación** (incluíndo o Prácticum e o TFG), estes evidencian a consecución dun progreso axeitado, tal e como se desprende das análises por títulos que se detallan a continuación.

GMEI e GMEP

Nos dous graos amósanse tendencias positivas estables, de xeito que os resultados da aprendizaxe por materias continúan a superar tanto os previstos nas memorias verificadas dos títulos como a media da USC. Polo que concirne ao Título de Educación Infantil, cómpre sinalar que, nas diferentes materias que compoñen o título e dende o curso 2018-2019, os índices de suspensos identificados son, en liñas xerais, escasos na FFP-Lugo (INF15_2023-2024), co que se manteñen en niveis aceptables. Tamén resulta preciso comentar a existencia de taxas satisfactorias para as distintas materias (incluíndo Practicum e TFG) que compoñen o plan de estudos, na medida en que a taxa de éxito abrangue no curso 2023/24 un rango comprendido, aproximadamente, entre o 80% e o 100% na FFP-Lugo (INF17_2022-2023). Agás casos puntuais, a taxa media de éxito das materias rolda o 90%.

No Título de Educación Primaria, dende o curso 2018-2019 ven sendo asimesmo moi reducido o número

de materias con índices de suspensos que puideran considerarse elevados (os niveis son igualmente aceptables), o que se relaciona con taxas de éxito moi superiores á media da USC. Os resultados obtidos durante o curso 2023/2024 xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. Neste senso, nas diferentes materias que compoñen o título, os índices de suspensos identificados no curso 23-24 son, en liñas xerais, tamén escasos (INF-15), con taxas satisfactorias de éxito para as distintas materias que compoñen o plan de estudos: dese xeito, a taxa de éxito abrangue no curso 2022/23 un rango comprendido entre o 80% e o 100% na FFP-Lugo. Agás casos puntuais, a taxa media de éxito das materias rolda o 90%.

MPES e MDAEN

Nos dous mestrados os resultados por materias son igualmente satisfactorios. Tanto no MPES como no MDAEN o número de suspensos é moi reducido (INF15), e a taxa de éxito por materia, agás casos puntuais, rolda de media o 100% na FFP-Lugo. O desenvolvemento do programa formativo das titulacións continúa a ser satisfactorio na súa totalidade. Os resultados de aprendizaxe por materias acadados no curso 2023-24 (INF17) volven a superar tanto os previstos nas memorias dos títulos como a media da USC.

2.3.11. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS SOBRE O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

GMEI e GMEP

O índice de **satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado (INF13) e coa docencia impartida por parte do profesorado (INF14)** na FFP-Lugo mantéñense en valores elevados nos Graos de Infantil e Primaria, superando os 4 puntos sobre 5. Así, no curso 2023-2024 a satisfacción global do alumnado acadou un 4,38 de 5 en Infantil (4,37 no curso anterior), un 4,19 en Primaria (4,31 no curso anterior) e un 4,05 no Dobre Grao (4,17 no curso anterior), mentres que a do profesorado chegou ao 4,31 en Infantil (4,21 no curso anterior) e ao 4,30 en Primaria (a mesma puntuación no curso anterior) e 4,31 no Dobre Grao (4,29 no curso anterior).

Con respecto aos ítems mellor e peor valorados polo alumnado da FFP-Lugo na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF13), no caso do alumnado de Infantil valórase máis positivamente a explicación do programa e os criterios de avaliación (4,51), o cumprimento do programa e o plan de traballo establecidos (4,57), o desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma das materias (4,53), e a resolución de dúbidas (4,56), e o ítem peor valorado é o feito de que o/a docente faga proveitosa a asistencia para a comprensión dos contidos (4,21). Pola súa banda, o alumnado de Primaria valora tamén positivamente o cumprimento do programa e o plan de traballo previstos (4,45), a resolución de dúbidas (4,37), e a axuda recibida en titorías (4,40), e o ítems peor valorado refírese a que o/a docente consegue facer ver a relevancia da materia (4,15) e ao feito de que o/a docente faga proveitosa a asistencia para a comprensión dos contidos (4,13). Pola súa banda, o alumnado do Dobre Grao valora positivamente a explicación da programación e os criterios de avaliación (4,34) e o desenvolvemento dos contidos consonte ao cronograma (4,39), mentras que o ítem peor valorados é o feito de que o/a docente faga proveitosa a asistencia para a comprensión dos contidos (3,72). En liñas xerais, pódese observar que os ítems peor valorados acadan, non obstante, valores elevados.

Polo que concirne ao profesorado e á súa satisfacción coa docencia impartida, os ítems mellor valorados no Grao de Primaria, son o trato correcto co alumnado (4,98), a accesibilidade dos docentes para o alumnado (5) e a información proporcionada sobre os criterios de avaliación (4,91), os mesmos ítems que no curso anterior. No caso do Grao de Infantil, os ítems mellor valorados foron os mesmos, e tamén coinciden cos do curso anterior: o trato correcto co alumnado (4,98), a accesibilidade (4,95) e a información sobre os criterios de avaliación (4,93). Entre os ítems peor valorados polos docentes atópanse, no caso de Infantil, a participación activa e crítica do alumnado (3,80) e o nivel de partida do alumnado (3,51), e no caso de Primaria, o nivel de partida de alumnado (3,49) e a participación activa e crítica do alumnado (3,77). Novamente, cómpre destacar que as puntuacións outorgadas aos ítems peor valorados mantéñense en valores positivos.

Como xa se mencionou na sección [2.1.7.](#), na FFP o alumnado dos Graos é informado das canles para facer suxestións, queixas ou reclamacións na xornada de acollida.

As queixas e suxestións do alumnado dos Graos recíbense ademais mediante as enquisas de coordinación de curso previstas no [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#), as cales son xestionadas polos coordinadores de curso e cuxos resultados se reflicten nos informes das coordinacións de título. As enquisas, adaptadas aos plans de estudos dos diferentes cursos, conteñen ítems para valorar o número de alumnos nos grupos, os espazos e recursos técnicos, os horarios, a carga de traballo, a coordinación docente, os solapamentos de contidos e a adecuación de contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nas programacións docentes. Como xa se mencionou en apartados anteriores, a información recollida nas enquisas trasládase ao profesorado do curso correspondente para o seu coñecemento e para que poida facer as observacións que estime oportunas. De ser o caso, esas observacións remítense ao alumnado a través do Campus Virtual para completar o proceso de retroalimentación.

Os resultados obtidos nas enquisas realizadas no curso 2023-2024 para os distintos cursos dos Graos amosan que, en xeral, a maioría do alumnado se atopa satisfeito cos diferentes ítems da enquisa. Porén, os aspectos que sinalan como mellorables son os horarios lectivos, a carga total de traballo autónomo, e o número de traballos e prazos de entrega.

Os atrancos organizativos derivados da configuración dos horarios de clase son de difícil solución por mor dos problemas de espazo e á insuficiencia de profesorado, ao que cómpre engadir os condicionamentos de horarios propios do profesorado asociado, e a necesidade de elaborar uns horarios compatibles para o alumnado que cursa o Dobre Grao, que ten que compartir horarios co alumnado do Grao de Infantil e o Grao de Primaria. Como xa se indicou con anterioridade, agárdase que esta cuestión mellore co futuro traslado da Facultade ao Campus de Fingoi. Os temas relacionados coas infraestruturas e recursos humanos trátanse máis polo miúdo nas seccións correspondentes ([Directriz 4](#) e [Directriz 5](#)).

Finalmente, sobre a carga de traballo e os prazos, cómpre ter en conta que a sensación que manifesta o alumnado de carga de traballo e prazos axustados non é totalmente atribuíble ás materias, senón que tamén ten que ver cos seus hábitos de traballo e planificación, en moitas ocasións deficientes. En calquera caso, para intentar resolver esta cuestión abriuse unha acción de mellora para o curso 2021-22 (**AM-05**), consistente na creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos. Dese xeito, procedeuse á posta en marcha dos calendarios de tarefas, documentos que os coordinadores de curso puxeron a disposición do profesorado a través das páxinas de coordinación de cada curso en cada un dos semestres. Neses calendarios o profesorado podía marcar as datas de realización de probas, entregas de tarefas de peso ou presentacións de traballos das súas materias, co fin de obter unha visión de conxunto da carga de traballo e prazos de entrega do alumnado.

Os calendarios non se puideron cubrir con todas as materias solicitadas en todos os semestres por mor de certas incidencias, tales como os cambios producidos nos cargos de coordinadores de curso ou o feito de que algúns docentes esqueceron rexistrar as súas datas nos calendarios, aínda que dende as coordinacións de curso se enviaron recordatorios. Debido a isto, a acción de mellora reabriuse no curso 22-23 (**AM-04**), aumentando a información proporcionada ao profesorado sobre a existencia destes documentos e a conveniencia de cubrilos, e solicitando a súa cooperación. O grao de participación do profesorado aumentou con respecto ao curso anterior. Considérase unha iniciativa útil para visionar a carga de traballo do alumnado nos semestres, polo que a ferramenta continúa a implementarse de xeito protocolizado nos seguintes cursos.

MPES e MDAEN

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 108 de 166

No MPES impartido na FFP-Lugo a **satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF13)** sitúase en 4,30 puntos sobre 5 (3,80 puntos no curso anterior). Os aspectos mellor valorados foron a resolución de dúbidas (4,62), e o cumprimento do programa e plan de traballo (4,64). O aspecto peor valorado foi o feito de que o/a docente faga proveitosa a asistencia para a comprensión dos contidos (3,94). Pola súa banda, o profesorado (**INF14**) indica ter un nivel lixeiramente máis elevado de satisfacción que o alumnado (4,40, no curso anterior foi de 4,44), especialmente nos aspectos vinculados con manter un trato correcto cos estudantes, amosarse accesible e informar sobre os criterios de avaliación (todos eles valorados con 4,93). Os docentes amosanse menos satisfeitos cos aspectos relacionados coa coordinación (3,07) e o material de apoio á docencia existente (3,86). En calquera caso, e do mesmo xeito que nos graos, os ítems peor valorados non obteñen puntuacións excesivamente baixas. Para mellorar algúns aspectos relativos á coordinación porase en marcha no curso 24-25 unha acción de mellora na que se integran as funcións das coordinacións dos mestrados no Documento Marco de Funcións das Coordinacións (**AM-12** 2024-2025)

No MDAEN, o nivel de **satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF13)** acadou un 4,74 sobre 5 (4,40 no curso anterior). Os aspectos mellor valorados teñen que ver coa axuda recibida en titorías (4,92) e a resolución de dúbidas (4,86). Pola contra, no que respecta aos índices máis baixos de satisfacción, estes se presentan con relación ao material de apoio (4,62) e a motivación para a participación crítica do alumnado (4,64). A **satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF14)** valórase con 4,58 sobre 5, na liña de cursos anteriores. Os aspectos mellor valorados son o trato correcto (4,95), e a accesibilidade (4,84). O aspecto con puntuación máis baixa refírese á coordinación entre as distintas materias ou niveis do título (3,74). Como no resto das enquisas, os ítems con puntuacións baixas mantéñense en niveis positivos.

No caso das titulacións de Mestrado, as incidencias que trasladan os estudantes responden a cuestións concretas e diversas, que adoitan ser resoltas directamente pola coordinación do título correspondente, sen necesidade de intervención por parte do Decanato/s (Lugo, no caso de MDAEN, Lugo e Santiago, no caso do MPES). Isto faise a través dos delegados (se a incidencia non é especialmente importante), ou a través dos representantes de alumnado nas Comisións Académicas, se precisa unha toma de decisión por parte deste órgano.

Para pechar este apartado de satisfacción, queixas e suxestións, cómpre sinalar que nestes últimos cursos vense detectando un aumento das condutas inadecuadas na aula por parte dalgúns estudantes, o cal pode poñer en risco a convivencia no centro e a impartición dunha docencia de calidade. Cómpre, polo tanto, tomar medidas que posibiliten o desenvolvemento das actividades académicas do centro nunha contorna de convivencia e respecto, dentro da capacidade de actuación do centro. A tal fin, púxose en marcha unha acción de mellora no curso 2023-2024 (**AM-24**) na que se foi avanzando, e que continuará no curso seguinte (**AM-25** 2024-2025). Analizáronse as queixas presentadas por esta cuestión de xeito informal en Comisión de Calidade e en Xunta de Facultade, e fíxose a consulta á Secretaría Xeral sobre as ferramentas e normativa dispoñibles para prever e corrixir condutas inadecuadas. Os resultados presentáronse en Xunta de Facultade, debateuse sobre a cuestión e tomouse a medida de crear unha comisión de convivencia para a que se solicitou PDI que voluntariamente quixese formar parte. Posteriormente, en Comisión de Calidade debateuse a posibilidade de que as funcións desa comisión de convivencia puidesen ser asumidas pola comisión de xénero. No curso 23-24 non se rexistraron queixas formais sobre este tema no Decanato, polo que polo momento se están a cumprir as metas establecidas no PEC.

2.4.Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- 2.4.1. **PERSOAL ACADÉMICO.** Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa **garantía e mellora da calidade** do persoal académico:
- 2.4.1.1. **Suficiencia e adecuación.** Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - 2.4.1.2. **Tipoloxía** do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - 2.4.1.3. **Indicadores de satisfacción**, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de **traballo**.
 - 2.4.1.4. **Formación** do profesorado e **mobidade**.
 - 2.4.1.5. Actividade **investigadora**.
 - 2.4.1.6. Detección de **necesidades** de persoal académico.
- 2.4.2. **PERSOAL DE APOIO.** Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa **garantía e mellora da calidade** do persoal de apoio
- 2.4.2.1. **Suficiencia e adecuación.** Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - 2.4.2.2. Accións para promover a **formación** do persoal de apoio á docencia.
 - 2.4.2.3. **Indicadores de satisfacción**, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu **traballo**.
 - 2.4.2.4. Detección de **necesidades** de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico e persoal de administración e servizos de apoio) réxese, na Facultade de Formación do Profesorado, polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do [Manual de Procesos da FFP](#). Porén, este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometido a procesos de nivel superior, que se recollen no [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#), particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*. Corresponde á Facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta, e as condicións nas que desenvolve o seu labor.

2.4.1. PERSOAL ACADÉMICO: PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

2.4.1.1. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN

O PDI da Facultade conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións con relación aos títulos impartidos. Porén, cómpre mencionar a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Esta situación conleva dúas consecuencias para o profesorado: por unha banda, a presenza de docentes con contratos precarios dificulta a súa estabilidade e, por outra banda, a falta de docentes imposibilita o desconto de HDE en aqueles docentes que asumen coordinacións.

Tendo en conta esta situación, así como as observacións realizadas polo comité avaliador no proceso de renovación das acreditacións dos títulos, abriuse unha acción de mellora para o curso 2022-2023 (**AM-11**) con tarefas consistentes en establecer contactos conxuntos da FFP-Lugo e a FCE-Santiago coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e á súa dispersión de horarios en diferentes centros, así como para aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo, xa que este aumento contribuiría a unha mellora das condicións laborais do profesorado e, en consecuencia, a unha maior calidade docente e de xestión. Non foi posible executar a acción por dificultades para cadrar as axendas de traballo dos Decanatos, e porque, no momento de facer a comunicación aos Departamentos, estes xa tiñan elaborado o POD, polo que a tarefa foi adiada e executada no curso 23-24 (**AM-07**). Dende os Decanatos dos dous centros enviouse un escrito conxunto aos Departamentos antes do proceso de elaboración do POD expoñendo a problemática existente no eido dos recursos humanos. Os dous centros levaron a cabo as tarefas que se atopaban dentro das súas capacidades, pero cómpre sinalar que a xestión dos recursos humanos dos centros non é competencia directa dos mesmos. No curso 23-24 en Ed Primaria, a media de alumnado matriculado en materias de formación básica e obrigatorias (IN55G) continuou en aumento, pasando de 77,36 a 78,62, malia que no caso das materias optativas (IN56G) si experimentou un descenso superior ao 5% (de 41,38 a 35,45), polo que se acadou a meta establecida. No Grao de Infantil a media de alumnado matriculado en materias de formación básica e obrigatorias no curso 23-24 (IN55G) tamén aumentou de 86,52 a 87,89, malia que nas materias optativas (IN56G) experimentou un descenso superior ao 5% (38,53 fronte a 42,53 no curso anterior).

2.4.1.2. TIPOLOXÍA DO PROFESORADO

GMEI e GMEP

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total na FFP no curso 2023-24 continúa en valores moi baixos. No Grao de Primaria constitúe o 16,67% (18,33% no curso anterior), moi alonxado da media da USC (52,80%). No Grao de Infantil tamén descende, pasando do 16,36% ao 12,73%. Nos dous casos son cifras moi baixas debidas ás taxas de reposición insuficientes, a precariedade dos contratos, o estancamento da promoción do profesorado existente e as posibilidades de traslado ao Campus de Santiago. As porcentaxes de PDI doutor son máis elevadas nos dous graos, acadando o 65,45% (67,27% no curso anterior) no Grao de Infantil, e o 61% (65% no curso anterior) no Grao de Primaria, malia que se atopan lonxe da media da USC (83,26%).

No **Grao de Primaria** o número de docentes aumenta no curso 23-24 con respecto ao curso anterior pasando de 55 persoas a 57. As categorías docentes ás que pertencen son as seguintes: Catedrático de Universidade (1), Titular de Universidade (6), Titular de Escola Universitaria (2), Profesor Contratado Doutor (12), Profesor Axudante Doutor LOU (13), Asociado de Universidade LOU (12), Profesor Interino substitución (5), Profesor Contratado Interino por Vacante-T3 (1), Lector (1) e Colaborador (1), Investigador Ramón y Cajal (1), Predoutoral Ministerio (1), Predoutoral USC Campus Terra (1), e 2 persoas con categoría non identificada. Destaca a incorporación con respecto ao curso anterior de profesorado investigador e con contratos predoutorais, o que contribúe á remuda do PDI que accede á xubilación.

A táboa que se amosa a continuación recolle a distribución porcentual segundo as categorías de PDI, así como as horas impartidas. Obsérvase no seu conxunto unha elevada porcentaxe de profesorado non permanente. Só 9 docentes son funcionarios (11 no curso anterior), os cales imparten ao redor do 20% das horas docentes, e o 64% das horas de docencia son impartidas por profesorado Asociado, Axudante Doutor e Contratado Doutor, as categorías con maior número de docentes (o profesorado Axudante Doutor imparte arredor do 23% da docencia).

Táboa 7. Tipoloxía do PDI do Título (Educación Primaria, FFP-Lugo, curso 2023-24)

Título: Grao en Mestre de Educación Primaria (L)* Centro: Facultade de Formación do Profesorado				
Categoría	Número	Porcentaxe	Número horas	Porcentaxe Horas
Outros	2	3.51%	342.0	3.39%
Investigador/a: Ramón y Cajal	1	1.75%	72.0	0.71%
Predoutoral Ministerio	1	1.75%	30.0	0.3%
Predoutoral USC Campus Terra	1	1.75%	100.0	0.99%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	12	21.05%	1965.14	19.49%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	1.75%	78.0	0.77%
Profesor/a: Colaborador	1	1.75%	360.0	3.57%
Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	1.75%	24.0	0.24%
Profesor/a: Lector/a	1	1.75%	168.0	1.67%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	13	22.81%	2313.0	22.93%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	12	21.05%	2154.0	21.36%
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	5	8.77%	552.0	5.47%
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	2	3.51%	588.0	5.83%
Profesor/a: Titular de Universidade	6	10.53%	1339.0	13.28%
Total xeral	57	100.0%	10085.14	100.0%

* Datos extraídos do documento 2502229_E15_2023-2024

No **Grao de Infantil**, o número de docentes aumenta de 39 a 43. As categorías ás que pertence este PDI son as seguintes: Titular de Universidade (4), Titular de Escola Universitaria (1), Profesor Contratado Doutor (12), Profesor Axudante Doutor LOU (9), Asociado de Universidade LOU (5), Profesor Interino substitución (5), Profesor Contratado Interino por vacante -T3 (1), Predoutoral Xunta (1), Lector (1), Colaborador (2), Predoutoral Ministerio (1), e Predoutoral USC_Campus Terra (1). Aumenta en dúas persoas con respecto ao curso anterior o profesorado con contrato predoutoral.

Como se pode apreciar na seguinte táboa, do total de 43 docentes da titulación só hai 5 docentes funcionarios (7 no curso anterior). Do mesmo xeito que no Grao de Primaria, compre destacar a alta porcentaxe de profesorado non permanente. Novamente, unha porcentaxe elevada da docencia (preto do 23%) está impartida por profesorado Axudante Doutor, mentras que o profesorado Contratado Doutor imparte ao redor do 35% das horas docentes. Outro grupo con importante carga docente é o profesorado asociado (arredor do 12% das horas).

Táboa 8. Tipoloxía do PDI do Título (Educación Infantil, FFP-Lugo, curso 2023-24)

Título: Grao en Mestre de Educación Infantil (L)* Centro: Facultade de Formación do Profesorado				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Predoutoral Ministerio	1	2.33%	66.0	0.96%
Predoutoral USC_Campus Terra	1	2.33%	6.0	0.09%
Predoutoral Xunta	1	2.33%	24.0	0.35%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	5	11.63%	868.0	12.67%
Profesor/a: Colaborador	2	4.65%	268.0	3.91%
Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	2.33%	168.0	2.45%
Profesor/a: Lector/a	1	2.33%	81.0	1.18%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	9	20.93%	1540.0	22.48%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	12	27.91%	2345.0	34.23%
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	5	11.63%	809.0	11.81%
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	1	2.33%	288.0	4.2%
Profesor/a: Titular de Universidade	4	9.3%	387.0	5.65%
Total xeral	43	100.0%	6850.0	100.0%

* Datos extraídos do documento 2502228_E15_2023-2024

MPES

No **MPES**, no curso 2023-24 participaron un total de 24 docentes (dous máis que no curso anterior), e a porcentaxe de PDI doutor na FFP acada o 55,56% (descende con respecto ao 65,52% do curso anterior) lonxe da media da USC, que é do 90,78%. A porcentaxe de PDI funcionario tamén baixa, do 10,34% ao 7,41%, e tamén contrasta coa media da USC (47,29%). As categorías ás que pertence este PDI son as seguintes: Catedrático de Universidade (2), Profesor Contratado Doutor (3), Profesor Axudante Doutor LOU (6), Asociado de Universidade LOU (9), Profesor Interino substitución (3), e Colaborador (1). Como se observa na seguinte táboa, a maior porcentaxe de participación na docencia correspóndese coas categorías profesionais de Asociado de Universidade, Contratado Doutor e Axudante Doutor, grupos que tamén imparten a maior porcentaxe de horas docentes, destacando particularmente o 35% de horas impartidas por profesorado Asociado.

Táboa 9. Tipoloxía do PDI do Título (MPES, FFP-Lugo, curso 2023-24)

Título: MPES [L]* Centro: Facultade de Formación do Profesorado				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	9	37.5%	983.16	39.26%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	8.33%	183.0	7.31%
Profesor/a: Colaborador	1	4.17%	85.2	3.4%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	6	25.0%	396.6	15.84%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	12.5%	441.0	17.61%
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	3	12.5%	415.5	16.59%
Total xeral	24	100.0%	2504.46	100.0%

*Datos extraídos do documento 4311008_E15_2023-2024

MDAEN

En canto ao **MDAEN**, durante o curso 2023-24 contou con 23 docentes (21 no curso anterior) e cun 29,17% do PDI funcionario (baixando do 33,33% no curso anterior). A porcentaxe de PDI doutor foi do 70,83% (79,17% no curso anterior) co que se achega máis á media da USC que a cifra do MPES. A distribución por categorías é a seguinte: Catedrático de Universidade (1), Titular de Universidade (6), Contratado doutor (5), Axudante Doutor LOU (3), Contratado interino por vacante T3 (1), Emérito LOU (2), Asociado LOU (4), e 1 persoa con categoría non identificada. A continuación inclúese unha táboa recompilatoria referente á categoría do PDI que imparte docencia no Mestrado e o cómputo de horas. A maior porcentaxe de docencia corresponde a profesorado Contratado Doutor (arredor do 24%) e Titular de Universidade (20%).

Táboa 10 . Tipoloxía do PDI do Título (MDAEN, FFP-Lugo, curso 2023-24)

Título: MDAEN* Centro: Facultade de Formación do Profesorado				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Outros	1	0.0%	36.0	9.52%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	4	18.18%	40.0	10.58%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	4.55%	17.5	4.63%
Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	4.55%	35.0	9.26%
Profesor/a: Emérito LOU	2	9.09%	31.5	8.33%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	3	13.64%	49.5	13.1%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	5	22.73%	91.0	24.07%
Profesor/a: Titular de Universidade	6	27.27%	77.5	20.5%
Total xeral	23	100.0%	3780.0	100.0%

* Datos extraídos do documento 4312425_E15_2023-2024

No **conxunto da facultade**, a porcentaxe de profesorado funcionario no curso 2023-24 sitúase no 14,25% (descendendo dende o 16,8% do curso anterior), e inferior ás observadas ata o curso 2017-18, no que se atopaba preto do 30%, e, como xa se mencionou anteriormente, sensiblemente máis baixa que a media da USC, tanto para os Graos como para os Mestrados. Isto débese en boa medida ás xubilacións, amortizacións de prazas de PDI funcionario e reposición con categorías de PDI contratado.

Por outra banda, unha análise global das titulacións (ver táboa seguinte) revela que no curso 2023-24 a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total acadou un 63,03%, por debaixo do 67,49% do curso anterior e acadando valores similares aos do curso 2012-22, malia que máis baixa que as medias da USC para Graos e Mestrados. Neste curso, a porcentaxe baixa en xeral en todos os títulos con respecto ao curso anterior, unha cifra que se debe ao elevado número de figuras docentes que non requiren ser doutores, sobre todo profesores asociados, colaboradores, interinos e titulares de escola universitaria.

Táboa 11. Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total na FFP-Lugo (curso 2023-2024)

TITULACIÓN	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-2024
Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria	63,64	58,46	55,07	59,15	66,67	62,5
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)	67,35	59,18	55,77	63,27	67,27	65,45
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)	59,68	57,63	54,24	59,09	65	61,67
Mestrado Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	69,57	76,19	72,73	78,26	79,17	70,83
Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L]	54,17	50,00	52,00	60,87	65,52	55,56
Total	62,95	59,17	56,39	62,07	67,49	63,03%

Fonte: 5017_Informe de Indicadores_2023-2024 (IN25C)

2.4.1.3. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓN RELATIVAS AO TRABALLO DESENVOLVIDO

A información sobre este apartado pódese atopar na correspondente sección da [Directriz 3 \(2.3.11.\)](#), onde se analiza a satisfacción do PDI coa docencia impartida. Concretamente, na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (**INF14**), o ítem da satisfacción co traballo desenvolvido (o labor docente) acada no conxunto das titulacións impartidas na FFP-Lugo valores moi positivos no curso 2023-2024, manténdose en niveis superiores a 4 puntos sobre 5: 4,57 sobre 5 no Grao de Primaria (4,45 no curso anterior), 4,59 no Grao de Infantil (4,36 no curso anterior), 4,79 no MPES (4,50 no curso anterior) e 4,74 no MDAEN (4,76 no curso anterior).

2.4.1.4. FORMACION E MOBILIDADE DO PDI

Con respecto á formación continua do profesorado, na FFP-Lugo a participación en cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC no curso 2023-24 (I6-I7), por titulacións, foi a seguinte: mantense no 25% no MDAEN, aumenta lixeiramente no MPES, cunha porcentaxe que rolda entre o 54% e o 58%, dependendo da especialidade, e descende en xeral nos Graos ata acadar entre o 37% e o 38% (38,98% en Infantil e 36,92% en Primaria). Unha razón que pode explicar as cifras de

participación é as condicións nas que se desenvolven os cursos de formación, con prazas limitadas para todo o campus e formación eminentemente presencial e moitas veces incompatible cos horarios lectivos do PDI da facultade, que ademáis se atopa alonxada do campus.

En liña co Obxectivo Estratéxico do PEC (OE7. Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS), e co fin de atender ás necesidades formativas do PDI e fomentar a formación continua, no curso 2023-24 púxose en marcha unha acción de mellora (**AM-22**) para analizar as necesidades formativas específicas do persoal docente da Facultade e organizar dende o propio centro actividades que cubrisen esas necesidades. No curso 23-24 deseñouse unha enquisa para recoller as necesidades e preferencias do PDI en materia de formación e decidiuse en Comisión de Calidade o procedemento de administración e o momento para facelo, que quedou fixado para o primeiro semestre do seguinte curso. A acción terá continuidade polo tanto no curso 2024-2025 (**AM-23**). Porén, no curso 23-24 desenvolveuse unha actividade formativa para alumnado e profesorado, coa celebración das I Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa na FFP (Forinnova Lite), recollida na **AM-04** 2023-2024.

A satisfacción xeral do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (INF10) no curso 2023-24 foi de 4,59 puntos sobre 5 (mantendo a puntuación do curso anterior), situándose, polo tanto, en valores altamente positivos, cunha porcentaxe de participación na enquisa que rolda o 45%.

Polo que respecta á mobilidade do PDI (I10), no curso 2023-2024 continúa a subida progresiva nos dous Graos. No Grao de Infantil a porcentaxe de participación foi do 6,98% (2,56% no curso anterior), e en Primaria sobe do 3,64% ap 6,78%. Nos mestrados acadou un 8,33% no MDAEN e un 17,39% no MPES, unha cifra moi positiva e considerablemente superior á de cursos anteriores. Polo que concirne á participación do PDI nos programas de mobilidade, que no acada cifras moi altas nos Graos, cómpre sinalar que existen obstáculos derivados da importante carga docente do persoal, a cal dificulta esta participación xa que outros docentes da área terían que facerse cargo da súa docencia.

2.4.1.5. ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PDI

No Grao de Infantil, a porcentaxe de PDI con sexenios sobe do 35% ao 47%. No Grao de Primaria tamén experimenta un lixeiro ascenso, do 57% ao 58%. No MDAEN a porcentaxe sobe dende o 78,57% ata o 83,33%. Finalmente, no MPES tamén ascende, do 44% ao 50%. Na seguinte táboa pódese observar a evolución nas porcentaxes do PDI con sexenios sobre o PDI total nos últimos cursos. No conxunto das titulacións, a porcentaxe aumenta, do 52% ao 57%, malia que a media da USC continúa a ser sensiblemente superior, tanto nos Graos (onde rolda o 86%) como nos Mestrados (no que se atopa na contorna do 90%). A explicación pode en parte atoparse nas porcentaxes de profesorado nas distintas titulacións que poden ter recoñecida a súa experiencia investigadora, así como na importante carga de traballo relacionado coa docencia na Facultade.

Táboa 12. Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total na FFP-Lugo (curso 2023-2024)

TITULACIÓN	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-2024
Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria	48,00	47,83	48,00	50,00	50,00	53,85
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)	45,00	38,89	36,84	70,00	35,00	47,37
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)	47,83	45,45	43,48	48,00	57,14	58,33
Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	84,62	84,62	84,62	85,71	78,57	83,33

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L]	55,56	42,86	50,00	40,00	44,44	50
Total	53,33	50,60	50,00	56,47	52,22	57,47

Fonte: IN24C_Indicadores_2023-2024

Na páxina principal da [web da Facultade](#) recóllese unha listaxe dos grupos de investigación nos que participa PDI do centro. No momento de elaborar o presente documento, contabilizáanse un total de 25 grupos (a listaxe actualízase periódicamente), como se amosa na Figura 1:

Figura 1. Grupos de investigación do PDI da FFP-Lugo na actualidade

Grupos de investigación				Filtro de texto	Q
Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa GI-1875	Dependencia, xerontoloxía e xeriatría GI-1670	Discurso e identidade. GI multidisciplinar para o estudo da lingua, da literatura e da cultura en inglés GI-1924	Ecuacións diferenciais non lineares GI-1561		
Educación, Natureza, Arte e Excursionismo GI-2124	ESCULCA - Coñecemento e acción educativa GI-1790	Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa GI-1811	Filoloxía e Lingüística Galega GI-1743		
Grupo de estudos medioambientais aplicados ó patrimonio natural e cultural GI-1243	Grupo de Investigación Educativa MESTURA GI-2171	GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN DESENVOLVEMENTO E INCLUSIÓN NO CICLO VITAL GI-2179	Grupo Galego de estudos para a formación e inserción laboral GI-1867		
Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX GI-1657	Investigación, diagnóstico educativo e avaliación. GI-1469	Lingüística Aplicada ó Ensino e Aprendizaxe do inglés, Tradución e Deseño textual GI-1762	Literatura galega. Literatura Infantil e Xuvenil. Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. GI-1839		
Motricidade, Educación Física e Saúde GI-2203	Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía GI-1807	Pedagogía Social e Educación Ambiental GI-1447	Química Bioinorgánica e Supramolecular GI-1584		
Razoamento, Discurso e Argumentación GI-1667	Tecnoloxía Educativa GI-1438	Terceira Xeración GI-1451	Unidade de Psicoloxía Forense GI-1754		
xustiza e igualdade GI-1926					

2.4.1.6. NECESIDADES DE PERSOAL: DETECCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI da FFP é suficiente e axeitado para atender ás necesidades dos títulos que oferta, malia que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable. Cómpre ter en conta que a contratación de profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus, etc.) non dependen da Facultade. Con respecto ás necesidades de persoal, a Facultade (a través do equipo Decanal) mantense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, unhas necesidades que son tamén detectadas nos informes sobre a marcha dos cursos por parte do alumnado delegado, e nos informes que elaboran os coordinadores de curso sobre a revisión dos programas das materias. Como xa se comentou na sección 2.4.1.1, abríuse unha acción de mellora para o curso 2022-23 co fin de mellorar as condicións dos recursos humanos do centro (**AM-11**), que tivo que ser adiada para o seguinte curso (**AM-07** 2023-2024), no que foi executada na medida das capacidades do centro.

Finalmente, e en liña cos Obxectivos Estratéxicos OE7 e OE8 do Plan Estratéxico 2024-2026 (OE7: Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS; OE8: Fortalecer os recursos humanos da Facultade), puxéron en marcha para o curso 2023-2024 accións de mellora para analizar e dar resposta ás necesidades formativas específicas do PDI da Facultade e contribuír á súa estabilización no campus (**AM-22** e **AM-23** 2023-2024). Da acción **AM-22** deuse conta no [apartado 2.4.1.4](#) sobre formación e mobilidade do PDI, e con respecto á acción **AM-23** leváronse a cabo varias actividades para favorecer a estabilización do PDI dentro das capacidades do centro, facilitando a conciliación e recoñecendo o labor desenvolvido en cargos de coordinación atendendo ás preferencias horarias do PDI, elaborando e difundindo unha guía para profesorado de nova incorporación, e creando oportunidades de publicación coa edición dun volume sobre innovación educativa en colaboración coa editorial Dykinson. As dúas accións reabriranse no curso 24-25 (**AM-23** e **AM-24**) para continuar traballando nos obxectivos do PEC.

2.4.2. PERSOAL DE APOIO Á DOCENCIA (PTXAS)

2.4.2.1. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN, E 2.4.2.4. DETECCIÓN DE NECESIDADES

No curso 2023-2024 o PTXAS da FFP-Lugo contou cun total de 11 membros. O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente, e conta non so coa cualificación apropiada, senón tamén cun elevado nivel en canto a anos de experiencia para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos impartidos. Porén, cómpre sinalar que sería desexable poder contar cunha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde (o centro conta con dúas persoas en quenda de mañá e unha de tarde). Esta foi unha acción de mellora proposta para o curso 2020-2021 que se levou a cabo, xa que se fixo a solicitude ás instancias pertinentes, pero non se recibiu resposta, e que se mantivo aberta no curso 2021-2022 (**AM-18**). A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30 h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Na quenda de tarde o persoal de conserxería ten que atender ao alumnado e profesorado de dous graos, de dous mestrados e de cuarto ciclo. Aparte de desempeñar outras tarefas, o persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Asemade, cómpre considerar que, durante o período de confinamento, o traballo do persoal de conserxería veuse acrecentado polas continuas demandas de información do alumnado, os axustes nos calendarios e normativas, etc. Tendo en conta todo o anterior, así como os comentarios do comité avaliador no proceso de renovación das acreditacións dos títulos de Grao, esta acción de mellora reabríuse no curso 2022-2023

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 117 de 166

(AM-24) para reiterar a solicitude, o cal se fixo sen obter resposta. A acción reabriuse unha vez máis no curso 2023-24 (AM-19), enviouse de novo a solicitude e non foi atendida. Reiterarase a solicitude no curso 24-25 reabrindo a acción (AM-20 2024-2025).

2.4.2.2. FORMACIÓN

A participación do PTXAS do centro en **accións formativas (I6-I7)** no curso 2023-2024 foi do 63,64%, cun certo descenso con respecto ao curso anterior, onde fora do 72,73%. Polo que respecta ao **grao de satisfacción do persoal de administración e servizos coas accións formativas (INF11)**, a taxa de resposta á enquisa (global para toda a USC) rolda o 55%, cunha notable subida dende o 38% do curso anterior, e a satisfacción global sitúase en índices positivos, similares á do curso anterior: 7,98 sobre 10 (no curso 21-22 fora de 8,27).

2.4.2.3. INDICADORES DE SATISFACCIÓN

Con respecto ao seu grao de **satisfacción co traballo desenvolvido (INF21)**, a enquisa foi cuberta polo 81,82% do persoal da FFP (subindo dende o 63% do curso anterior), e o ítem referido á satisfacción xeral co traballo mantense en valores positivos (subindo a 4,67 puntos sobre 5 dende os 4,14 puntos do curso anterior, e superior tamén á media global da USC de 4,04). O ítem que recibe menos puntuación é a coordinación con outras unidades da universidade (3,89) e os mellor valorados son a seguridade no traballo (4,89), e o coñecemento das funcións e responsabilidades, o feito de sentirse parte dun equipo e a accesibilidade ao posto de traballo, todos eles valorados con 4,78.

Cómpre finalmente destacar a boa disposición e a implicación do PTXAS do centro en tarefas de apoio directo aos programas formativos. En particular, é preciso sinalar os cursos de Competencias Informacionais que se levan a cabo dende a Biblioteca da Facultade (integrados no Plan FORTE-FFP dos Graos e, a partir do curso 23-24, tamén dos Mestrados), que permiten aos estudantes ampliar e mellorar os seus coñecementos, aplicándoos nas diversas materias, en especial para a elaboración de TFGs, TFM e outros traballos académicos.

2.5.Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

2.5.1.Calidade nos recursos materiais e servizos. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

- Mantemento, polo menos, dos criterios de **suficiencia e adecuación** incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
- Disposición de **accesibilidade universal** e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- **Xestión e mantemento** dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
- **Detección de necesidades** de novos recursos ou servizos.

2.5.2.Orientación académica. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

2.5.3.Xestión académica. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas

2.5.4.Programas de acollida. Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríentano no funcionamento da institución.

2.5.5. Prácticas externas. No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

2.5.6. Satisfacción nos recursos e servizos. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do [Manual de Procesos da FFP](#) recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atendela planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles.

2.5.1. CALIDADE DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

No curso 2023-24, e en liña cos Obxectivos Estratéxicos OE10 (Mellorar as instalacións e a dotación de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos, e OE11 (Optimizar e acondicionar os espazos dispoñibles) do PEC 2024-2026, procedeuse á adquisición do seguinte equipamento para aulas e espazos de traballo da Facultade, e acometéronse as reformas que a continuación se indican:

Táboa 13. Material adquirido e obras realizadas durante o curso 2023-2024 (FFP-Lugo)

CENTRO	ZONA DE ACTUACIÓN	EQUIPAMENTO E OBRAS CURSO 23 - 24
FFP-Lugo	05/09/2023	Marquesina canopia Amsterdam 223x140 cm, transparente gris
FFP-Lugo	18/09/2023	1 PC HP Slim, 2 BROTHER alta capacidade e tóner HP
FFP-Lugo	10/10/2023	Reforma aseo discapitados: retirada aparatos sanitarios existentes e accesorios, desmontaxe portas e fiestras, demolición, alicatado, etc.
FFP-Lugo	10/10/2023	Aseos facultade: demolicion enfoscado existente, retirada lixo, albanelaría, instalacion fontanería, alicatado e pintado.
FFP-Lugo	10/10/2023	Cabinas sanitarias de fibra fenólica, parafusos e ferraxes (baños Facultade)
FFP-Lugo	10/10/2023	Portatil LENOVO V 15 G2
FFP-Lugo	13/10/2023	6 postes guía de seguridade con cinta extensible
FFP-Lugo	24/10/2023	Piano dixital Artesla Performer
FFP-Lugo	09/11/2023	Maletín de ferramentas para mantemento
FFP-Lugo	10/11/2023	Pintar local sótano. Reparar e pintar paredes. Pintar chan.
FFP-Lugo	10/11/2023	Lixado, vernizado e pintado de portas de entrada, pasamáns e baldas
FFP-Lugo	14/11/2023	Instalación radiadores zona antiga cafetería
FFP-Lugo	16/11/2023	4 oficina lumaland 90x110x50cm, interior 250 litros volumen
FFP-Lugo	16/11/2023	Moble columna a medida para aloxar neveira e cafeteira
FFP-Lugo	17/11/2023	Cadeira Odrea negra piqueras ref 930085
FFP-Lugo	21/11/2023	Xogo set actividades rato robot
FFP-Lugo	22/11/2023 e 24/11/2023	Instalacion válvulas termostatizables e cabezais termostáticos en radiadores, e reparacion fuga en purgador radiador
FFP-Lugo	30/11/2023	Lixado e vernizado de pasamáns, e lixado, vernizado e pintado de banco
FFP-Lugo	30/11/2023	Revision da instalacion electrica baixa tensión
FFP-Lugo	30/11/2023	Nova canalización de aseos de corredores
FFP-Lugo	30/11/2023	PC All in one 24 CR0045NS INTEL CORE 15-1335U/16GB TACTIL/WIN 11, teclado e rato inalámbrico, altofalantes dobres, webcam con micro integrado.
FFP-Lugo	30/01/2024	Termo electrico Baxi V-530 e material para instalación
FFP-Lugo	05/02/2024	Reforma cadro eléctrico: unidade substitución diferencial Schneider 40/2/30; unidade substitucion Magnetotérmico Schneider 4P/6A
FFP-Lugo	20/02/2024	Monitor ASUS VA27EQSB 27"
FFP-Lugo	01/03/2024	Impresora Brother laser monocromo HL L
FFP-Lugo	01/04/2024	MINI PC Logitech c920 webvm HD PRO 15MP, USB 2.0 960-001055
FFP-Lugo	09/04/2024	1 Fiestra con espuma de poliuretano acústica e 1 porta automática corredeira
FFP-Lugo	28/05/2024	Xardineira arriate con forro madeira abeto marrón

Fonte: Unidade de Asuntos Económicos da FFP-Lugo

A acción de mellora **AM-20** do curso 2022-23 (adequar espazos, mellorar infraestruturas, modernizar recursos e adquirir materiais e equipamentos) executouse na medida das posibilidades orzamentarias. Dentro das tarefas desta acción, no curso 23-24 continuouse dotando de servizos adecuados ao espazo creado para o alumnado no local anteriormente ocupado pola cafetería, e acondicionouse o espazo contiguo ao despacho de dirección para despachos de profesorado asociado. Asimesmo, cos orzamentos dispoñibles procedeuse á adecuación de espazos coa realización de obras e adquisición de material, así como á adquisición e actualización de equipamento e mobiliario. Os obxectivos establecidos no PEC para ese curso cumpríronse, malia que cómpre reabrir a acción de mellora no curso 24-25 para continuar o traballo nesta liña, adecuando espazos e recursos ás necesidades de alumnado, PDI e PTXAS (**AM-21** 2024-2025).

No relativo aos servizos, cómpre destacar o **Campus Virtual** e a **Biblioteca**, servizos xerais de apoio á docencia moi relevantes para o desenvolvemento dos programas formativos da Facultade. O Campus Virtual é unha ferramenta proporcionada polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, utilizado na inmensa maioría das materias. En xeral, este servizo é valorado moi positivamente por alumnado e profesorado. Nas enquisas de satisfacción de profesorado (INF23) e alumnado (INF22) coa titulación (curso 2023-24), con datos non desglosados por campus, a utilidade do Campus Virtual acada puntuacións moi positivas en todas as titulacións: no caso do profesorado do Grao de Infantil e Primaria valórase con 4,39 e 4,33 puntos sobre 5 respectivamente, no MPES con 4,47 e o MDAEN con 4,31. Polo que concirne ao alumnado, a puntuación outorgada é de 3,95 no Grao de Primaria, 3,85 no de Infantil, 3,50 no MPES e 5 puntos no MDAEN.

Cómpre ter en conta que, durante o período de suspensión da actividade académica presencial por mor do Covid-19, o Campus Virtual pasou a ser unha ferramenta básica para a docencia e a avaliación, e para facilitar o seu emprego desenvolvéronse cursos específicos de formación para o PDI xa mencionados en anteriores Memorias de Calidade.

Polo que concirne á **Biblioteca**, conta cunha excelente dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal da biblioteca ocúpase anualmente, antes do inicio do curso, de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder dende as instalacións universitarias. A satisfacción co servizo de biblioteca valorábase positivamente nas enquisas realizadas aos egresados dos Graos de Primaria e Infantil con 4 puntos sobre 5 na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019. Do mesmo xeito, na última enquisa dispoñible que contempla este ítem para os egresados dos Mestrados (2018-2019), os egresados do MPES valoraron este servizo cun 3,39, e os egresados do MDAEN cun 4, sendo en xeral valores positivos.

A Facultade contou asimesmo, ata o curso 21-22, cun servizo de **cafetería/comedor** tamén positivamente valorado polos egresados dos Graos na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019 (4 puntos sobre 5 no Grao de Infantil e 5 puntos no Grao de Primaria). No MPES os egresados do curso 2018-2019 valoraron este servizo cun 2,88 e os do MDAEN cun 4. Tendo en conta que no curso seguinte xa non se ía contar con ese servizo, abríuse unha tarefa dentro da acción de mellora relacionada cos recursos materiais e infraestruturas (**AM-25** 2022-2023) para atopar alternativas que deran resposta ás necesidades de alumnado e profesorado a ese respecto. A tarefa executouse co acondicionamento de dous locais para alumnado e profesorado e a instalación de máquinas expendedoras, e no curso 2023-2024, dentro da acción **AM-20**, continúase acondicionando o local para o alumnado.

Os servizos cos que conta actualmente a Facultade poden considerarse adecuados en liñas xerais. Polo que respecta ás infraestruturas e recursos, aínda que continúa a haber certos problemas, especialmente de espazos (que condicionan, por exemplo, os horarios) e hai marxe de mellora, dende a Facultade, e tendo

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 121 de 166

en conta os orzamentos dispoñibles, todos os anos procúrase adquirir e renovar material e acometer obras necesarias para acondicionar e mellorar os espazos de traballo, tal e como se detallou en parágrafos anteriores.

Máis preocupante resulta o espazo para a docencia da área de Didáctica da Expresión Corporal, xa que se estivo a usar unha instalación da Consellería de Educación da Xunta de Galicia que presentaba graves problemas de limpeza e mantemento e sobre a que a Facultade non ten capacidade de actuación. Esta situación foi trasladada á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo no curso xa no curso 2018-2019, e no curso 2019-2020 trasladouse de novo o problema sobre o pavillón ao Xerente da USC e á Vicerreitoría do Campus de Lugo.

A problemática co espazo para o desempeño da docencia de educación física, xunto coas melloras enfocadas ao equipamento das instalacións para mellorar a docencia en remoto, promovida pola Covid-19, quedaron recollidas como unha acción de mellora para o curso 2020-21, e para executar esta acción realizáronse obras e adquiríronse equipamentos cos orzamentos dispoñibles. Esta acción reabriuse no curso 2021-2022 (**AM-19**), e durante ese curso planificouse o traslado da docencia das materias de Didáctica da Expresión Corporal a un novo espazo construído ao efecto, tal e como consta na táboa de peche da acción. Porén, o proxecto foi finalmente interrompido, e cos acondicionamentos debidos, a docencia desas materias continuará a impartirse no pavillón, como solución transitoria, previsiblemente ata o traslado da Facultade ao Campus de Fingoi.

Por outra banda, cómpre sinalar que a dotación dos equipos informáticos con ferramentas para a comunicación virtual durante o período de confinamento motivado polo Covid-19 facilitou a celebración de reunións telemáticas, o cal incrementou a participación dos axentes implicados e contribuíu a visibilizar o traballo dos diferentes grupos e comisións, á mellora do traballo en equipo e a un mellor coñecemento e implicación dos participantes no labor desenvolvido, particularmente polo que concirne ao funcionamento do SGC. Tendo en conta os bos resultados obtidos, promover o aumento da participación nas reunións dos diferentes órganos recorrendo a ferramentas virtuais propúxose como acción de mellora a desenvolver no curso 2020-21, obténdose bos datos de participación, polo que a acción de mellora se reabriu para o curso 2021-22 (**AM-20**) co fin de asentar unha dinámica de traballo máis participativa. Esta acción protocolízase para continuar realizándose en vindeiros cursos.

Polo que concirne á **seguridade e á accesibilidade**, cómpre sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, a Facultade debe tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP ten actualizado o seu [Plan de Autoprotección](#), e na [web da Facultade](#), na pestana correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o mesmo, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os planos de sinalización. Por outra banda, a Facultade pasa cada cinco anos unha revisión específica do [Servizo de prevención de riscos laborais](#) para a identificación de posibles fontes de risco. De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

No relativo á **accesibilidade universal**, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, cómpre continuar a traballar na adecuación das instalacións.

2.5.2. ORIENTACIÓN ACADÉMICA

Con respecto aos **Servizos de Orientación Académica e Profesional**, a USC conta con servizos xerais encargados destas cuestións, tales como o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a Área

de orientación laboral e emprego, que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o Servizo de axudas e servizos ao alumnado, responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. Pola súa banda, a Oficina de Información Universitaria (OIU) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades. Polo que respecta á Facultade, a orientación académica e profesional proporcionada ao alumnado e as accións de mellora relacionadas con ela explícanse con detalle na [Directriz 3](#) da memoria, nos respectivos apartados de Orientación Académica e Profesional (2.3.4.), Prácticas externas (Prácticum) (2.3.8.) e TFG/TFM (2.3.9.)

2.5.3. XESTIÓN ACADÉMICA

Polo que respecta aos **Servizos de Xestión Académica**, a USC conta cun servizo centralizado, denominado Servizo de Xestión Académica, para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC. Este é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. No ámbito específico da Facultade, a **Unidade de Xestión do Centro** atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto eficiente e máis próximo aos estudantes. A atención prestada polo persoal de administración e servizos é valorada positivamente polo alumnado na enquisa de satisfacción coa titulación (**INF22**), outorgando 3,73 puntos sobre 5 no Grao de Primaria, 3,78 no Grao de Infantil, 3,66 no MPES e 4,5 no MDAEN.

2.5.4. PROGRAMAS DE ACOLLIDA

Destácase neste apartado o **programa de acollida** ao alumnado de primeiro curso dos Graos de Primaria e Infantil que ten lugar todos os anos ao inicio do curso académico, e que forma parte do Plan FORTE-FFP, xa comentado no apartado [2.3.4](#). Cómpre indicar que, dentro das actividades desenvolvidas na sesións inaugurais do MPES levarase a cabo una reformulacion da xornada de benvida para o curso 2024-2025 (**AM-10**) na que se axustará a información subministrada ao alumnado e se incorporará un cuestionario de satisfacción.

2.5.5. PRÁCTICAS EXTERNAS

Polo que respecta ao grao de satisfacción do alumnado que realiza prácticas externas coas instalacións e medios materiais nos centros de prácticas, a enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas (INF6) amosa datos positivos: no GMEI o alumnado outorga 4 puntos sobre 5, no GMEP 4,30, no MPES 4,83 e no MDAEN 3,75. Todas as titulacións contan no seu conxunto con 32 centros colaboradores estables para a realización das prácticas.

Nos Graos de Primaria e Infantil, o procedemento de asignación de prazas comeza no curso anterior, cando dende a Coordinación Xeral de Prácticum contáctase cos centros para que indiquen a súa dispoñibilidade de prazas para o curso seguinte.

No MPES, a organización do Practicum supón unha colaboración estreita entre o centro universitario responsable do mestrado e os centros de prácticas onde o alumnado realiza este módulo formativo. Dita colaboración está regulada na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio). Aqueles centros e docentes interesados en colaborar deben solicitarlo, se cumpren cos requisitos recolleitos na citada Orde, para ser acreditados. Esta convocatoria é anual, para que os datos duns e doutros poidan ser convenientemente actualizados, e permite ao alumnado do

Mestrado contar cunha oferta moi ampla de distintos tipos de centros repartidos por toda Galicia.

Os prazos entre a publicación da listaxe oficial por parte da Consellería e o comezo das prácticas é bastante reducido. Isto provoca que a elección por parte do alumnado e a asignación de centro a cargo da coordinación de título teñan que resolverse nun breve período de tempo, coa complexidade que esta dinámica supón para un número tan alto de estudantes.

Dende a coordinación da titulación convócase ao alumnado a varias reunións informativas para explicar os procesos de elección dos centros de prácticas e asignación de supervisor/a universitario/a a cada estudante. A persoa que coordina as prácticas en cada centro ocúpase de distribuír ao alumnado que acolle entre as persoas titoras. Normalmente a comunicación entre os/as supervisores/as universitarios e os/as titores/as dos centros adoita resolverse a través do correo electrónico. Este procedemento funciona de maneira satisfactoria e non se rexistran incidencias, aínda que se continúa a traballar para fomentar a cooperación entre centros e universidade de maneira máis directa, tanto para facer balance do Prácticum como para fomentar unha implicación máis construtiva na súa preparación, seguimento e avaliación.

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas, o MDAEN dispón de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos profesionais vencellados directamente aos ámbitos característicos da titulación. Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. Ao comezo do curso académico o alumnado recibe un listado dos centros de prácticas dispoñibles xunto con información relativa aos correspondentes proxectos de prácticas levados a cabo neles en cursos pasados (esta información actualízase cada ano).

Para o proceso de asignación de prazas, emprázase ao alumnado a que transmita as súas preferencias de destino de prácticas e, unha vez recibida esta información, contáctase cos centros de que se trate para confirmar que a súa axenda de actividade asegura a viabilidade de recibir ao alumnado, aproveitando este contacto para remitir a guía docente do Practicum, de forma que nos centros de prácticas se teña constancia das finalidades da materia e das competencias que o alumnado debe acadar. Tras recibir confirmación, facilítase unha primeira reunión no centro de prácticas entre os/as respectivos/as alumnos/as e titores/as, para acordar un plan de prácticas que satisfaga tanto as necesidades do centro colaborador como as expectativas do alumnado e, mediante a supervisión por parte da Coordinación de Practicum, asegúrase tamén que o plan posibilita a consecución das competencias procuradas. Este plan de prácticas é asinado polas tres partes implicadas (alumno/a, titor/a no centro colaborador e supervisor/a dende a Facultade). O plan é unha parte do anexo ao convenio firmado coa entidade. Ademais os estudantes deben obter un certificado de non estar incurso en denuncias ou afectados por condenas relacionadas con delitos con menores para poder iniciar o seu período de prácticas, do mesmo xeito que nos Graos.

2.5.6. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS DOS GRUPOS DE INTERESE SOBRE RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Nas enquisas ao PDI sobre a docencia impartida (INF14) contéplase un ítem específico para valorar o material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade, que no conxunto das titulacións rolda os 4 puntos sobre 5, sendo polo tanto satisfactorio. Así, no caso do GMEI o profesorado outorga 4,12 puntos, no GMEP 3,91, no MPES 3,86 e no MDAEN 4,21. Estes datos poden ser explicados, en boa medida tendo en conta a actualización e melloras realizadas no Campus Virtual, así como a adquisición de numerosos materiais e recursos para as aulas (cámaras web, altosfalantes, etc.) da FFP como resultado da situación de pandemia vivida en cursos anteriores. Asemade, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (INF23) (non desglosada por campus), o estado e adecuación das aulas e equipamento acadan en xeral valores superiores a 3,5 puntos sobre 5 en Graos e Mestrados.

Polo que concirne ao alumnado, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación dos Graos e o Dobre Grao (INF22, non

 FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
	Páxina 124 de 166

desglosada por campus), as infraestruturas e materiais dispoñibles acadan puntuacións que roldan os 3 puntos sobre 5 no GMEI e GMEP, e 2,73 no Dobre Grao. Nos Mestrados valóranse con 2,63 no MPES e ao redor de 4 puntos no MDAEN.

Pola súa banda, na enquisa de satisfacción co traballo desenvolvido (**INF21**), o PTXAS valora de xeito positivo tanto a accesibilidade ao lugar de traballo (4,78 puntos sobre 5), como a seguridade (4,89), as condicións das instalacións e mobiliario (4,67 puntos), e os recursos dispoñibles (4,67), o cal da conta dunha satisfacción razoablemente elevada.

Aínda que en xeral as puntuacións evolucionan favorablemente, cómpre facer un seguimento destes datos, e como xa se sinalou en apartados anteriores, dende a Facultade continúanse a facer todos os esforzos posibles para que os recursos e os servizos vaian acadando paulatinamente mellores niveis de suficiencia e adecuación. Como se mencionou anteriormente, lévanse executando accións de mellora desde o curso 2020-2021 cara á mellora da calidade e da organización docente a través da modernización de recursos materiais e a reforma de infraestruturas e espazos, e reabrírase unha acción no curso 2024-2025 para continuar o traballo nesa liña (**AM-21**).

2.6.Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

Información pública. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.

- 2.6.1.Recollida, análise e utilización da información.
- 2.6.2.Publicación da información
- 2.6.3.Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A xestión da información pública da Facultade desenvólvese consonte ao proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do [Manual de Procesos da FFP](#), como garantía de que toda a información relevante das titulacións que se imparten nela faise pública, revísase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese. A información máis xeral para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible dende a [páxina principal da Universidade](#).

2.6.1 RECOLLIDA, ANÁLISE E UTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN, E 2.6.2. PUBLICACIÓN DA INFORMACIÓN

A nivel da Facultade, mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, PDI e PTXAS). Polo que respecta ao alumnado, nas distintas seccións da [web do centro](#) facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum, TFG e TFM, mobilidade, programas das materias) e nas pestanas superiores hai ligazóns a páxinas de interese para o alumnado como a Secretaría Virtual, o Campus Virtual, o correo electrónico institucional, a Biblioteca, servizos da USC, etc.). Estes datos actualízanse antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Co obxectivo de manter unha trazabilidade, particularmente para os procesos de avaliación institucional, pódese tamén acceder á información de cursos precedentes.

Por outra banda, na [Intranet](#) da Facultade pódese atopar información de interese para os diferentes grupos, tales como os horarios de ocupación das aulas, información académica para as diferentes titulacións, unha sección de Acción Titorial con información sobre o Plan FORTE-FFP e ferramentas de traballo para as coordinacións de curso e título, máis información sobre mobilidade, e información sobre eventos de interese para o centro.

A información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, Manuais do sistema, Actas de reunións da Comisión de Calidade, Memorias de Calidade, Informes de Seguimento e Acreditación) está publicada na web da Facultade, na sección '[Calidade](#)'. Na sección 'O Centro', dentro da pestana '[Goberno](#)', pódese atopar información correspondente a cada un dos órganos e comisións, e noutras pestanas desa mesma sección proporciónase tamén información sobre infraestruturas, servizos e persoal de apoio (PTXAS).

2.6.3. SATISFACCIÓN COA INFORMACIÓN PÚBLICA

Con respecto ao grao de satisfacción dos grupos de interese coa información pública dispoñible, nas enquisas cubertas por profesorado e alumnado sobre as titulacións no curso 2023-2024, os ítems relativos á información dispoñible valóranse, en xeral, de xeito positivo.

Na enquisa de satisfacción coa titulación cuberta polo PDI (**INF23**), as puntuacións sobre a información dispoñible sobre a titulación soben en todos os títulos, acadando valores superiores a 4 puntos sobre 5. Na enquisa de satisfacción coa titulación cuberta polo alumnado (**INF22**), o alumnado de Infantil e Primaria valora a información dispoñible con 3,70 e 3,45 puntos sobre 5 respectivamente, subindo dende o curso anterior, malia que no Dobre Grao baixa de 3,11 a 2,55. No MPES a puntuación sobe a 3,48 e no MDAEN supera os 4 puntos. En xeral as puntuacións outorgadas soben en todos os títulos e os valores evolucionan favorablemente. Cómpre sinalar que non é sinxelo realizar cambios na distribución de contidos nas webs oficiais das Facultades porque deben axustarse a uns criterios de uniformidade, polo que certos contidos deben ser aloxados na Intranet e non están directamente visibles nas páxinas web das Facultades.

Nestes últimos cursos lévase traballando dende o equipo decanal e as diferentes coordinacións, en estreita colaboración co PTXAS da Facultade, para mellorar a cantidade e calidade da información dispoñible, especialmente no momento en que as páxinas web das Facultades cambiaron o seu formato. En sucesivas accións de mellora dende o curso 20-21 desenvóléronse tarefas neste eido, de feito que no curso 23-24 (**AM-21**) introducíronse cambios para localizar a información dunha forma máis intuitiva, reformouse a Intranet e mantívose a páxina web actualizada con respecto a actas e documentación relativa a calidade. Esta acción terá continuidade no curso 24-25 (**AM-22**), en liña co Obxectivo Estratéxico OE13 (Mellorar a páxina web da Facultade).

Cómpre finalmente salientar que, como resultado do traballo realizado nas sucesivas accións de mellora a este respecto, o comité avaliador no proceso de renovación da acreditación dos títulos de Grao outorgou, no seu [Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Infantil](#) e o correspondente [Informe Final de Avaliación do Grao de Primaria](#) a valoración máis alta (A: “supérase excelentemente”) polo que concirne ao Criterio 2 de acreditación (Información e Transparencia), ao remate do curso 2021-2022, cando tivo lugar o proceso de renovación, feito que amosa que o traballo desenvolvido neste aspecto está a ser satisfactorio.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 127 de 166

3. Plan de Melloras do centro 2024-2025

Para o curso 2024-2025 propóñense un total de 25 accións de mellora na FFP, entre accións novas e accións que se reabren do curso anterior. As accións **AM-01** a **AM-06** (6 accións) corresponden aos títulos de Grao (GMEI e GMEP). A acción **AM-07** é unha acción conxunta para o GMEI, GMEP e MPES. As accións **AM-08** a **AM-18** (11 accións) corresponden aos títulos de Mestrado (MPES e MDAEN).. Finalmente, as accións **AM-19** a **AM-25** (7 accións) propóñense como accións de mellora de centro, xa que concirnen a todas as titulacións e ao funcionamento xeral da Facultade.

Táboa 14. Plan de Melloras da FFP 2024-2025

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 128 de 166

LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2024-2025 (FFP)					
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTA	ESTADO
AM-01	Informes de seguimento dos Títulosde Grao (GMEI, GMEP)	Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC	Equipo Decanal e Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	Xullo 2025	Activa
AM-02	Informes de seguimento dos Títulosde Grao (GMEI, GMEP)	Dentro do eido de actuación dos centros, deben continuar a desenvolverse mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.	Responsable Académica deMobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	Xullo 2025	Activa
AM-03	Informes de seguimento dos Títulosde Grao (GMEI, GMEP)	Fomentar a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, a adopción de metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa realización de tarefas ao servizo á comunidade, e a realización de actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.	Decanato e Coordinacións de título	Xullo 2025	Activa
AM-04	Informes de seguimento dos Títulosde Grao (GMEI, GMEP)	Poñer en marcha iniciativas para aumentar a participación del alumnado nas enquisas de satisfacción	Equipo Decanal	Xullo 2025	Activa
AM-05	Proposta de mellora (GMEI, GMEP)	Debido á publicación do RD 822/2021 xorde a necesidade de actualizar os Graos aos novos requerimentos normativos	Equipo Decanal e Comisión de Título	Xullo 2025	Activa
AM-06	Proposta de mellora (GMEI, GMEP)	Realización de tarefas para a mellora do Prácticum	Coordinación do Prácticum	Xullo 2025	Activa
AM-07	Informe de Seguimento MPES, Informes de Seguimento GMEI e GMEP	Certificación da competencia dixital docente nivel A1 para o alumnado do mestrado e nivel A2 para o alumnado dos Graos	Coordinacións dos títulos de Grao e Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-08	Informe de seguimento do MPES	Propoñer actividades formativas no MPES (relatorios e outras actividades), de ser o caso, a cargo de profesionais	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 129 de 166

		externos			
AM-09	Informe de seguimento do MPES	Organizar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)	Coordinación do título de Mestrado, Director da Biblioteca	Xullo 2025	Activa
AM-10	Informe de seguimento MPES	Reformar a xornada de benvida	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-11	Informe de seguimento MPES	Debido á publicación do RD 822/2021 cómpre actualizar o título aos novos requerimentos normativos	Comisión de Título	Xullo 2025	Activa
AM-12	Informe de seguimento (MPES e MDAEN)	Integrar as funcións das Coordinacións dos Mestrados no Documento Marco de Funcións das Coordinacións	Coordinacións dos títulos de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-13	Informe de seguimento MPES	Recopilar datos sobre a inserción laboral do alumnado do Mestrado	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-14	Informe de seguimento MPES	Celebrar reunións de coordinación entre os diferentes axentes que participan no título	Coordinación do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-15	Informe de seguimento do MDAEN	Desenvolver ferramentas que posibiliten unha avaliación obxectiva do Prácticum	Coordinador do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-16	Informe de seguimento do MDAEN	Recopilar información sobre satisfacción do alumnado egresado	Coordinador do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-17	Informe de seguimento do MDAEN	Recopilar información sobre satisfacción dos centros de prácticas	Coordinador do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-18	Informe de seguimento do MDAEN	Poñer en marcha iniciativas para captación de alumnado estranxeiro	Coordinador do título de Mestrado	Xullo 2025	Activa
AM-19	Proposta de mellora	Fomentar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións	Equipo Decanal	Xullo 2025	Activa
AM-20	Revisión Externa dos Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)	Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.	Equipo Decanal	Xullo 2025	Activa
AM-21	Proposta de mellora	Adeguar espazos, mellorar infraestruturas, modernizar recursos e adquirir materiais e equipamentos para cubrir as necesidades de alumnado,	Equipo decanal	Xullo 2025	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 130 de 166

		PDI e PTXAS			
AM-22	Proposta de mellora	Continuar a traballar na mellora da páxina web da Facultade, introducindo cambios que permitan localizar a información dunha forma máis intuitiva, e manter a páxina actualizada con respecto a actas e documentación relativa a calidade	Equipo decanal	Xullo 2025	Activa
AM-23	Proposta de mellora	Fomentar a formación continua do persoal docente e atender ás necesidades formativas específicas do PDI da Facultade	Equipo Decanal	Xullo 2025	Activa
AM-24	Proposta de mellora	Desenvolver iniciativas, dentro da capacidade do centro, para favorecer a estabilización do profesorado do campus	Equipo Decanal	Xullo 2025	Activa
AM-25	Proposta de mellora	Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para prever e corrixir condutas que dificulten ou impidan o normal desenvolvemento das actividades académicas da Facultade	Equipo Decanal	Xullo 2025	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 131 de 166

AM-01

Obxectivo a conseguir: Participar en programas de captación de estudantes dos Graos		
Responsable do obxectivo Equipo Decanal, Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE12. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela.		
Procesos clave relacionados PC-01 Análise de perfil de ingreso e captación		
Indicador/es de medición Participación no programa A Ponte e en XuvenCiencia; número de centros contactados e accións desenvolvidas	Meta a conseguir Manter ou incrementar o número de actividades e contactos cos centros de ensino medio	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-01		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-01
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Conveniencia de continuar participando nos programas de captación de estudantes	
Definición/ descrición proposta: Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables Equipo Decanal, Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	
Tarefa1 (AM-01.T1)	
Descrición tarefa: Participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal, Coordinación do Programa A Ponte na Facultade	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 132 de 166

AM-02

Obxectivo a conseguir: Aumentar a participación do alumnado dos Graos en programas de mobilidade		
Responsable do obxectivo Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE4. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de prazas de mobilidade concedidas	Meta a conseguir Manter e aumentar o número de prazas de mobilidade concedidas (aumento dun 25% estable ata o fin da vixencia do PEC, a partir dos datos do curso 22-23: 9 estudantes saíntes)	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-02		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-02
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Baixa participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.	
Definición/ descrición proposta: Dentro do eido de actuación dos centros, deben continuar a desenvolverse mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	
Tarefa1 (AM-02.T1)	
Descrición tarefa: Realizar actividades para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade (tales como informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro).	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Responsable Académica de Mobilidade, Coordinacións Académicas de Intercambios	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 133 de 166

AM-03

Obxectivo a conseguir: Fomentar o emprego de metodoloxías educativas innovadoras		
Responsable do obxectivo Coordinacións dos títulos de Grao	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE9. Fomentar a innovación docente e a colaboración interdisciplinaria		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Número de proxectos concedidos, número de iniciativas desenvolvidas	Meta a conseguir Concesións de proxectos relacionados con ApS e TIC, desenvolvemento de alomenos 3 actividades anuais	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-03		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-03
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre favorecer a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, animando ao profesorado a participar nas convocatorias anuais da USC (de habelas) relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC, así como en actividades relacionadas con proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).	
Definición/ descrición proposta Fomentar a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, a adopción de metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa realización de tarefas ao servizo á comunidade, e a realización de actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinacións dos títulos de Grao	
Tarefa1 (AM-03.T1)	
Descrición tarefa: Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS) e poñan en marcha iniciativas que supoñan a aplicación de metodoloxías docentes innovadoras.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal e Coordinacións dos títulos de Grao	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 134 de 166

AM-04

Obxectivo a conseguir: Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción dos Graos		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE6. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro		
Procesos clave relacionados PS-04 Satisfacción, expectativas, necesidades		
Indicador/es de medición Porcentaxes de participación nas enquisas de satisfacción	Meta a conseguir Aumentar a porcentaxe de participación do alumnado ata acadar alomenos o 10%	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-04		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-04
Orixe	Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
Análise causa: Obsérvase que a porcentaxe de participación do alumnado nalgúns enquisas de satisfacción continúa a ser baixa	
Definición/ descrición proposta Unha vez recompilada a información subministrada pola Área de Calidade sobre a administración de enquisas, cómpre poñer en marcha iniciativas para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinacións dos títulos	
Tarefa1 (AM-04.T1)	
Descrición tarefa: Informar ao alumnado sobre a apertura e prazos das diferentes enquisas e instalo á participación, por medio da colaboración das coordinacións de título e curso e empregando diferentes mecanismos (campus virtual, correo-e, avisos presenciais nas aulas, cesión de tempo nas sesións de clase para cubrir enquisas, etc.)	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinacións dos títulos	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 135 de 166

AM-05

Obxectivo a conseguir: Modificar as Memorias dos Títulos de Grao consonte á normativa vixente		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal e Comisións de Título	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Número de créditos optativos de mención, Número de mencións ofertadas na Memoria do Título e número de mencións efectivamente impartidas	Meta a conseguir Axustar as Memorias dos Títulos á normativa vixente	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-05		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-05
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade; Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Debido á publicación do RD 822/2021 xorde a necesidade de actualizar os Graos aos novos requerimentos normativos	
Definición/ descrición proposta: Análise da Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias Graos, e Mestrados universitarios. Revisión das Memorias para adaptación das Titulacións ao RD 822/2021	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Equipo Decanal e Comisións de Título	
Tarefa1 (AM-05.T1)	
Descrición tarefa: Abordar dende a FFP e a FCE un proceso de traballo colaborativo, no que se debaterán e analizarán conxuntamente as Memorias dos Títulos que corresponda, o RD 822/2021 e a Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de Memorias dos Graos e Mestrados Universitarios, co fin de realizar os axustes e actualizacións pertinentes para adaptar as Memorias á situación actual e á normativa vixente	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal e Comisións de Título	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 136 de 166

AM-06

Obxectivo a conseguir: Aumentar a satisfacción do alumnado con respecto ao Prácticum		
Responsable do obxectivo: Coordinación Xeral do Prácticum	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PE-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Enquisa propia de coordinación do Prácticum	Meta a conseguir Acadar alomenos o 90% de alumnado satisfeito coa organización do Prácticum	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-06		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-06
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Na enquisa propia de coordinación, o ítem con puntuación máis baixa corresponde á satisfacción con respecto a tarefas de coordinación xeral do Prácticum, cun 84% de alumnado bastante ou moi satisfeito, e un 16% de alumnado pouco satisfeito. Considerando as dificultades coas que se atopa a CXP no que concirne á organización e xestión das materias de prácticas na facultade, considérase necesario deseñar e desenvolver estratexias que permitan a mellora nos ámbitos nos que actualmente máis incidencias se producen. Estes ámbitos son os seguintes: a) Sesións de organización do prácticum, xa que resulta complicado conseguir acordar con todo o alumnado as datas e horarios para esas sesións. b) Información relativa ao Prácticum para o alumnado. Este dispón de varios espazos para consultar información sobre o Prácticum, mais cóstalle bastante atopar resposta ás súas dúbidas ao ter que mirar cada cuestión nun espazo diferente. Esta problemática detectase sobre todo no alumnado de segundo que cursará o Prácticum I no curso seguinte. c) Falta de uniformidade na avaliación dos informes de prácticas do alumnado por parte do profesorado supervisor. d) Necesidades formativas no novo profesorado supervisor, que adoita ter moitas dúbidas relativas á organización e xestión das prácticas na FFP. Sen embargo, ás veces resúltalle complicado atopar ocos para procurar as respostas ou formular as consultas á CXP de forma clara e precisa. Por outra banda, resulta tamén pertinente deseñar iniciativas para mellorar a formación do alumnado previa ao desenvolvemento das prácticas.	
Definición/ descrición proposta: Realización de tarefas para a mellora do Prácticum nos ámbitos indicados no apartado anterior: a) Incorporación das sesións de organización no calendario oficial da FFP. b) Creación dunha Web sobre o Prácticum na FFP. c) Elaboración de rúbricas de avaliación dos informes de prácticas no Prácticum I d) Creación de pímulas formativas agrupadas por temáticas para o profesorado supervisor e) Desenvolvemento de actividades formativas para o alumnado previas á realización do	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 137 de 166

Prácticum	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación Xeral do Prácticum	
Tarefa1 (AM-06.T1)	
Descrición tarefa: Incorporación das sesións de organización do Prácticum no calendario oficial da nosa facultade, de xeito que o alumnado poida coñecer con antelación suficiente as datas e horarios destas sesións. - Revisión previa da proposta de horarios de cada grupo para o curso seguinte. - Proposta por parte da CXP dun calendario de sesións en horas libres, que non interfiran co resto de materias. - Aprobación do calendario na Comisión de Prácticum e TFG e, posteriormente, en Xunta de Facultade.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación Xeral do Prácticum	
Estado Activa	
Tarefa2 (AM-06.T2)	
Descrición tarefa: Creación dunha Web sobre o Prácticum na FFP na que o alumnado poida revisar toda a información relativa ao Prácticum e ao seu desenvolvemento nun único espazo de consulta. - Deseño e desenvolvemento da Web. - Presentar a web ao profesorado supervisor para que a revise e presente propostas de mellora. - Aplicar as propostas de mellora. - Probar a web co alumnado durante un curso académico co obxectivo de detectar ámbitos de mellora.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación Xeral do Prácticum	
Estado Activa	
Tarefa3 (AM-06.T3)	
Descrición tarefa: Creación de grupos de traballo para elaborar rúbricas de avaliación dos informes de prácticas no Prácticum I, para así dotar ao sistema de avaliación de máis obxectividade e transparencia. - Solicitude de voluntarios para a configuración dos grupos de traballo. - Reunión para tomar acordos de contido. - Reunión para tomar acordos de puntuación	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación Xeral do Prácticum	
Estado Activa	
Tarefa4(AM-06.T4)	
Descrición tarefa: Deseño e creación de píulas formativas para facilitar a adaptación do novo profesorado supervisor e cubrir as súas necesidades de formación, de xeito que este poida resolver as súas dúbidas de forma rápida e sinxela.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 138 de 166

Responsable: Coordinación Xeral do Prácticum
Estado Activa
Tarefa5 (AM-06.T5)
Descrición tarefa: Organización e impartición do curso de formación “Primeiros auxilios pediátricos”, para alumnado de 4º do GMEI, 4º do GMEP e 5º do DG, de 5h de duración, en grupos reducidos, en colaboración con persoal da Cruz Vermella.
Data prevista de finalización: Xullo 2025
Responsable: Decanato
Estado Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 139 de 166

AM-07

Obxectivo a conseguir: Mellorar a coordinación horizontal e vertical		
Responsable do obxectivo: Coordinacións dos Títulos de Grao e MPES	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE5: mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PE-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición Modelo de certificado para acreditación da competencia dixital	Meta a conseguir Deseño e implementación dun modelo de certificado para acreditar a competencia dixital do alumnado	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-07		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-07
Orixe	Informes de Seguimento (GMEI, GMEP, MPES)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no alumnado
Análise causa: Existe unha resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pola cal se convocan diferentes procedementos para a obtención da acreditación da Competencia Dixital Docente para o persoal docente non universitario dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as modalidades de acreditación atópase a “Acreditación polo procedemento de recoñecemento de títulos oficiais que habiliten para a profesión docente” e entre os títulos que poden acreditar ese recoñecemento atópanse o GMEI, GMEP e o MPES	
Definición/ descrición proposta: A publicación da resolución datada o 5 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional permite que títulos habilitadores para a profesión docente, como son o GMEI, GMEP e o MPES, acrediten a Competencia Dixital Docente nos niveis A1 (Mestrado) ou A2 (Grao), sempre que se cumpran unha serie de requisitos. Existe a posibilidade de que as persoas que cursaron algún destes títulos estean interesadas en solicitar a obtención desa acreditación da Competencia Dixital Docente, polo que é preciso dispor dun modelo de certificación. Non dispoñer dese modelo de certificación suporía un agravio comparativo do noso alumnado respecto do que realiza a mesma titulación noutras facultades. Tendo isto en conta, desde a FCE-Santiago e a FFP-Lugo propónse un modelo de certificación para a súa aprobación.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinacións do títulos de Grao e do MPES	
Tarefa1 (AM-07.T1)	
Descrición tarefa: Análise da resolución e elaboración e aprobación do modelo da certificación académica do título GMEI, GMEP e MPES e dos documentos necesarios que reflictan o nivel de Competencia Dixital Docente acadado coas mencionadas titulacións, especificando os indicadores de logro da CDD	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 140 de 166

asociados ás áreas A1 ou A2 do MRCDD.
Data prevista de finalización: Xullo 2025
Responsable: Coordinacións do títulos de Grao e do MPES
Estado Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 141 de 166

AM-08

Obxectivo a conseguir: Mellorar a oferta formativa para o alumnado do Mestrado		
Responsable do obxectivo: Coordinación do título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes		
Indicador/es de medición Número de actividades organizadas	Meta a conseguir Manter e aumentar o número de actividades organizadas	
Accións demellora relacionadas (Código) AM-08		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-08
Orix	Informe de seguimento MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Necesidade de mellorar a oferta formativa para o alumnado dos Mestrados	
Definición/ descrición proposta: Propoñer actividades formativas no Mestrado (relatorios e outras actividades) contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación do título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-08.T1)	
Descrición tarefa: Organizar e implementar actividades formativas no Mestrado (relatorios e outras actividades) contando, de ser o caso, con profesionais externos: por exemplo, unha actividades sobre intelixencia artificial e educación, un relatorio na xornada de benvinda, ou algunha actividade formativa sobre saídas profesionais.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinacións do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 142 de 166

AM-09

Obxectivo a conseguir: Mellorar a oferta formativa para o alumnado do Mestrado		
Responsable do obxectivo Coordinación do título de Mestrado, Dirección Biblioteca	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes		
Indicador/es de medición Número de actividades organizadas	Meta a conseguir Manter e aumentar o número de actividades organizadas	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-09		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-09
Orixe	Informe de seguimento MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Necesidade de potenciar no MPES a oferta de cursos específicos de orientación e apoio á elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital), en coordinación coa Biblioteca Universitaria	
Definición/ descrición proposta: Organizar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación do título de Mestrado, Dirección da Biblioteca	
Tarefa1 (AM-09.T1)	
Descrición tarefa: Organizar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital), nomeadamente un curso sobre recursos e técnicas documentais para a elaboración do TFM.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado, Dirección da Biblioteca	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 143 de 166

AM-10

Obxectivo a conseguir: Mellorar a oferta formativa para o alumnado do Mestrado		
Responsable do obxectivo Coordinación do título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes		
Indicador/es de medición Enquisa de satisfacción do alumnado coa xornada de benvida	Meta a conseguir Acadar un mínimo de 3 puntos sobre 4 na enquisa de satisfacción do alumnado	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-10		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-10
Orixe	Informe de seguimento MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre reformular a xornada de benvida introducindo información relevante para o alumnado, e incorporando unha enquisa de satisfacción	
Definición/ descrición proposta: Reformular a xornada de benvida engadindo información de interese para o alumnado e incorporando una enquisa de satisfacción	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación do título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-10.T1)	
Descrición tarefa: Reformular a xornada de benvida engadindo información de interese para o alumnado e incorporando una enquisa de satisfacción	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 144 de 166

AM-11

Obxectivo a conseguir: Modificar a Memoria do Título de Mestrado consonte á normativa vixente		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal e Comisión de Título	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Modificacións na Memoria do título	Meta a conseguir Axustar a Memoria do Título á normativa vixente	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-11		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-11
Orixe	Informe de seguimento do MPES
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade; Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Debido á publicación do RD 822/2021 cómpre axustar o Mestrado á normativa vixente	
Definición/ descrición proposta: Revisión da Memoria para adaptación da Titulación ao RD 822/2021	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Comisión de Título	
Tarefa1 (AM-11.T1)	
Descrición tarefa: Abordar dende a FFP e a FCE un proceso de traballo colaborativo, no que se debaterá e analizará conxuntamente a Memoria do Título, o RD 822/2021 e a Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de Memorias dos Graos e Mestrados Universitarios, co fin de realizar os axustes e actualizacións pertinentes para adaptar a Memoria á normativa vixente	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Comisión de Título	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 145 de 166

AM-12

Obxectivo a conseguir: Mellorar a coordinación horizontal e vertical		
Responsable do obxectivo: Coordinacións dos Títulos de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado		
OE1. Avanzar nos procesos de mellora da coordinación horizontal e vertical		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Índices de satisfacción coa coordinación en enquisas realizadas a alumnado e profesorado	Meta a conseguir Satisfacción superior a 3 puntos sobre 5 nas enquisas	
Accións de mellora relacionadas(Código)		
AM-12		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-12
Orixe	Proposta de Mellora (MPES e MDAEN)
Ámbito de aplicación	Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Cómpre deseñar ou actualizar ferramentas e protocolos para mellorar a coordinación horizontal e vertical	
Definición/ descrición proposta: Integrar as funcións das Coordinacións dos Mestrados na FFP-Lugo no Documento Marco de Funcións das Coordinacións	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinadores dos títulos de Mestrado	
Tarefa1 (AM-12.T1)	
Descrición tarefa: Integrar as funcións das Coordinacións dos Mestrados na FFP-Lugo no Documento Marco de Funcións das Coordinacións	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinadores dos títulos de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 146 de 166

AM-13

Obxectivo a conseguir: Recompilar información sobre a inserción laboral do alumnado egresado		
Responsable do obxectivo: Coordinación do Título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes		
Indicador/es de medición Informes de inserción laboral (Área de Calidade)	Meta a conseguir: Porcentaxes de inserción laboral dos egresados superiores ao 50%	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-13		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-13
Orixe	Informe de Seguimento (MPES)
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre obter datos sobre a inserción laboral do alumnado egresado	
Definición/ descrición proposta: Desenvolver iniciativas para recompilar información sobre a inserción laboral do alumnado egresado	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación do título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-13.T1)	
Descrición tarefa: Deseñar e implementar ferramentas para obter datos sobre a actividade laboral do estudiantado egresado.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 147 de 166

AM-14

Obxectivo a conseguir: Mellorar a coordinación horizontal e vertical		
Responsable do obxectivo: Coordinacións dos Títulos de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE1. Avanzar nos procesos de mellora da coordinación horizontal e vertical		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado	Meta a conseguir Satisfacción sasuperior a 3 puntos sobre 5 nas enquis	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-14		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-14
Orixe	Informe de Seguimento (MPES)
Ámbito de aplicación	Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa: Cómpre deseñar ou actualizar ferramentas e protocolos para mellorar a coordinación horizontal e vertical	
Definición/ descrición proposta: Celebración de reunións de coordinación cos diferentes axentes que participan no título.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación do título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-14.T1)	
Descrición tarefa: Reunións híbridas de coordinación entre os diferentes axentes que participan no título, co fin de mellorar a comunicación e o clima de traballo	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 148 de 166

AM-15

Obxectivo a conseguir: Unificar criterios de avaliación para as supervisións do Prácticum do Mestrado		
Responsable do obxectivo: Coordinación do Título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente		
Procesos clave relacionados PE-04 Xestión das ensinanzas		
Indicador/es de medición Enquisas de satisfacción de alumnado e titores académicos coas prácticas externas	Meta a conseguir Puntuación estable de alomenos 3,5 puntos sobre 5 nas enquisas	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-15		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-15
Orixe	Informe de Seguimento (MDAEN)
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre deseñar instrumentos para facilitar unha obxectiva avaliación do Prácticum	
Definición/ descrición proposta: Creación dunha rúbrica de avaliación do Prácticum que facilite uns criterios comúns para os supervisores e supervisoras. Esta acción está directamente vinculada cos indicadores IN19M (Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas) e IN21M (Satisfacción dos títulos académicos), xa que permite incrementar a calidade na avaliación do Prácticum. Deste xeito, espérase que a implantación desta avaliación contribúa a incrementar a satisfacción global das prácticas e garanta unha puntuación superior a 3,5 puntos sobre 5 nos indicadores mencionados	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación dos título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-15.T1)	
Descrición tarefa: Creación dunha rúbrica de avaliación do Prácticum, tendo en conta os aspectos recollidos na memoria de verificación do título e na guía da materia.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 149 de 166

AM-16

Obxectivo a conseguir: Recompilar datos de satisfacción do alumnado egresado do Mestrado		
Responsable do obxectivo: Coordinación do Título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición Enquisas de satisfacción de alumnado egresado	Meta a conseguir Puntuación estable de alomenos 3,5 puntos sobre 5 nas enquisas	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-16		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-16
Orixe	Informe de Seguimento (MDAEN)
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Necesidade de avaliación da satisfacción do alumnado egresado	
Definición/ descrición proposta: Cómpre avaliar a satisfacción do alumnado egresado e a súa percepción sobre a contribución do máster á súa inserción laboral, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, no marco das accións de mellora de másteres oficiais da convocatoria 2024. Esta acción está directamente vinculada cos indicadores IN23M (Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) e IN42M (Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación), xa que a análise da inserción laboral dos egresados permite avaliar a adecuación da formación recibida ás demandas do mercado de traballo e mellorar a transparencia da información dispoñible sobre as saídas profesionais. A recollida e estudo destes datos facilitará a identificación de áreas de mellora na titulación, contribuíndo a unha maior satisfacción dos egresados tanto coa formación recibida como coa información accesible sobre o seu futuro profesional. Deste xeito, espérase que esta acción axude a situar a puntuación destes indicadores por riba dos 3,5 puntos sobre 5.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación dos título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-16.T1)	
Descrición tarefa: Creación dun cuestionario dirixido ao alumnado egresado	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 150 de 166

Tarefa2 (AM-16.T2)
Descrición tarefa: Desenvolvemento dun grupo de discusión co alumnado egresado
Data prevista de finalización: Xullo 2025
Responsable: Coordinación do título de Mestrado
Estado Activa
Tarefa3 (AM-16.T3)
Análise dos resultados obtidos por parte do alumnado egresado tanto no grupo de discusión como no cuestionario.
Data prevista de finalización: Xullo 2025
Responsable: Coordinación do título de Mestrado
Estado Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 151 de 166

AM-17

Obxectivo a conseguir: Recompilar información sobre a satisfacción dos centros de prácticas no Mestrado		
Responsable do obxectivo: Coordinación do Título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado		
Procesos clave relacionados PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición Enquisas de satisfacción de alumnado e titores profesionais coas prácticas externas	Meta a conseguir Puntuación estable de alomenos 3,5 puntos sobre 5 nas enquisas	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-17		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-17
Orixe	Informe de Seguimento (MDAEN)
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Necesidade de avaliación da satisfacción ds centros de prácticas	
Definición/ descrición proposta: Cómpre avaliar a satisfacción dos centros de prácticas do máster e a súa percepción sobre a contribución do máster á inserción laboral do alumnado, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, no marco das accións de mellora de másteres oficiais da convocatoria 2024. Avaliar a satisfacción dos centros de prácticas e a súa percepción sobre a contribución do máster á inserción laboral do alumnado egresado está directamente vinculada cos indicadores IN23M (Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible), IN42M (Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación) e IN20M (Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas), xa que a análise da inserción laboral dos egresados permite avaliar a adecuación da formación recibida ás demandas do mercado de traballo. A recollida e estudo destes datos facilitará a identificación de áreas de mellora na titulación, contribuíndo a unha maior satisfacción tanto dos egresados como dos titores e titoras dos centros de prácticas. Deste xeito, espérase que esta acción axude a situar a puntuación destes indicadores por riba dos 3,5 puntos sobre 5.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación dos título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-17.T1)	
Descrición tarefa: Levar a cabo un grupo de discusión con profesionais e/ou directivos dos centros de prácticas do máster.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 152 de 166

Tarefa2 (AM-17.T2)
Descrición tarefa: Analizar os resultados e comparar estes cos obtidos polo alumnado a fin de extraer recomendacións e aspectos de mellora que podan desenvolverse progresivamente nos seguintes cursos académicos.
Data prevista de finalización: Xullo 2025
Responsable: Coordinación do título de Mestrado
Estado Activa

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 153 de 166

AM-18

Obxectivo a conseguir: incrementar a porcentaxe de alumnado estranxeiro no MDAEN		
Responsable do obxectivo: Coordinación do Título de Mestrado	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE12. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela.		
Procesos clave relacionados PC-01 Análise de perfil de ingreso e captación		
Indicador/es de medición IN02M Matrícula global e IN08M Porcentaxe de estudantes estranxeiros.	Meta a conseguir Incremento estable no indicador IN08M (ata acadar alomenos o 20%)	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-18		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-18
Orixe	Informe de Seguimento (MDAEN)
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa: Cómpre desenvolver iniciativas para a difusión do Máster co fin de favorecer a captación de alumnado estranxeiro	
Definición/ descrición proposta: Participación no webinar para a promoción do Máster en Latinoamérica organizado pola Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización. Esta acción pode permitir o incremento dos indicadores IN02M Matrícula global e IN08M Porcentaxe de estudantes estranxeiros	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Coordinación dos título de Mestrado	
Tarefa1 (AM-18.T1)	
Descrición tarefa: Participación no webinar para a promoción do Máster en Latinoamérica organizado pola Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización para a captación de alumnado estranxeiro..	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Coordinación do título de Mestrado	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 154 de 166

AM-19

Obxectivo a conseguir: Aumentar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro		
Responsable do obxectivo Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE6. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro		
Procesos clave relacionados PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición Número de estudantes nos órganos colexiados e comisións	Meta a conseguir Cubrir alomenos o 50% dos postos de representantes do alumnado nos diferentes órganos e comisións	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-19		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-19
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
Análise causa: Necesidade de promover a participación dos estudantes nos órganos colexiados da Facultade	
Definición/ descrición proposta: Realizar actividades para fomentar e incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables Equipo Decanal, Coordinacións de Título	
Tarefa1 (AM-19.T1)	
Descrición tarefa: Impulsar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións mediante accións informativas e de difusión por diferentes canles	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal, Coordinacións de Título	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 155 de 166

AM-20

Obxectivo a conseguir: Mellora da xestión de recursos humanos		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE8. Fortalecer os recursos humanos da Facultade		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión de recursos humanos		
Indicador/es de medición Número de PTXAS da FFP en quenda de tarde	Meta a conseguir Aumento de un posto de conserxería en quenda de tarde	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-20		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-20
Orixe	Revisión Externa dos Informes de Seguimento dos Títulos (GMEI e GMEP)
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa: Insuficiencia de persoal en conserxería en quenda de tarde (o centro dispón de 2 persoas en quenda de mañá e 1 en quenda de tarde). A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes, de dous graos, de dous mestrados e de cuarto ciclo, e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Aparte de desempeñar outras tarefas, a persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Por outra banda, o persoal de conserxería realiza funcións de apoio ao profesorado para a posta en funcionamento dos equipos informáticos, cámaras, micrófonos, etc., que debido ás restricións na docencia presencial viron aumentado o seu emprego. Cómpre ter en conta, ademáis, que nos informes emitidos polo comité avaliador para a renovación da acreditación dos Títulos faise fincapé na necesidade de incrementar a dotación de PTXAS da Facultade	
Definición/ descrición proposta: Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-20.T1)	
Descrición tarefa: Tramitar novamente a solicitude á Vicerreitoría correspondente para o aumento dun posto de conserxe en turno de tarde	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 156 de 166

AM-21

Obxectivo a conseguir: Optimizar e mellorar os espazos e recursos da Facultade		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE10. Mellorar as instalacións e a dotación de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos OE11. Optimizar e acondicionar os espazos dispoñibles		
Procesos clave relacionados PS-02. Xestión de Recursos materiais e Servizos		
Indicador/es de medición Índice de satisfacción nos ítems relacionados coas infraestruturas do centro nas enquisas a alumnado, PDI e PTXAS	Meta a conseguir Índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	
Accións de mellora relacionadas (Código) AM-21		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-21
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa: Cómpre mellorar a calidade dos recursos materiais e as infraestruturas dispoñibles	
Definición/ descrición proposta: Adecuar espazos, mellorar infraestruturas, modernizar recursos e adquirir materiais e equipamento para cubrir as necesidades de alumnado, PDI e PTXAS	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM.21-T1)	
Descrición tarefa: Renovar espazos, mellorar a dispoñibilidade de áreas de traballo e estudo, e crear espazos adecuados para alumnado, PTXAS e PDI	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Activa	
Tarefa 2 (AM.21-T2)	
Descrición tarefa: Adquirir e actualizar equipamento tecnolóxico, e dotar ás instalacións con mobiliario e servizos axeitados (instalacións eléctricas, wifi, calefacción, etc.).	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 157 de 166

AM-22

Obxectivo a conseguir: Continuar a mellorar a información pública dispoñible da Facultade		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE13. Mellorar a páxina web da Facultade.		
Procesos clave relacionados PS-06 Información pública e PS-03 Xestión documental		
Indicador/es de medición e Enquisas de satisfacción dos grupos de interese coa información pública dispoñible	Meta a conseguir Índice de satisfacción superior a 3 puntos sobre 5	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-22		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-22
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa: Cómpre continuar a mellorar a accesibilidade á información dispoñible, tanto para os estudantes como para o resto da comunidade universitaria	
Definición/ descrición proposta: Continuar a traballar na mellora da páxina web da Facultade, introducindo cambios que permitan localizar a información dunha forma máis intuitiva, e manter a páxina actualizada con respecto a actas e documentación relativa a calidade	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado:Activa
Responsables Equipo Decanal	
Tarefa 1 (AM.22-T1)	
Descrición tarefa: Traballar na organización de contidos e documentación da Intranet	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Activa	
Tarefa 2 (AM.22-T2)	
Descrición tarefa: Procurar a actualización periódica dos contidos da web da Facultade	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo decanal	
Estado: Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 158 de 166

AM-23

Obxectivo a conseguir: Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE7.Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PTXAS		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión recursos humanos		
Indicador/es de medición Número de actividades formativas específicas para o PDI da Facultade	Meta a conseguir Alomenos 1 actividade formativa para o PDI da Facultade por curso académico	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-23		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-23
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa: O PDI da Facultade ten necesidades formativas específicas ás que cómpre prestar atención. Asemade, é importante fomentar a formación continua do persoal docente	
Definición/ descrición proposta: Analizar as necesidades formativas do PDI e organizar actividades en resposta a esas necesidades	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-23.T1)	
Descrición tarefa: Analizar as necesidades formativas do PDI e organizar actividades que dean resposta a esas necesidades	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 159 de 166

AM-24

Obxectivo a conseguir: Favorecer a estabilización do profesorado no campus		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE8.Fortalecer os recursos humanos da Facultade		
Procesos clave relacionados PS-01 Xestión recursos humanos		
Indicador/es de medición Número de iniciativas desenvolvidas	Meta a conseguir Alomenos 1 iniciativa para favorecer a estabilización do PDI da Facultade por curso académico	
Accións de mellora relacionadas(Código) AM-24		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-24
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 4: Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa: Cómpre prestar atención aos recursos humanos do centro, e tomar medidas dentro das capacidades da facultade para contribuír á estabilización do seu PDI	
Definición/ descrición proposta: Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para favorecer a estabilización do profesorado no campus	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-24.T1)	
Descrición tarefa: Desenvolver actividades que favorezan a estabilización do profesorado (por exemplo, facilitar a conciliación e recoñecer o labor desenvolvido en cargos de coordinación atendendo ás preferencias horarias do PDI; desenvolver iniciativas de orientación para PDI de nova incorporación; crear oportunidades de investigación e publicación para propiciar o desenvolvemento da carreira investigadora do PDI, etc.)	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 160 de 166

AM-25

Obxectivo a conseguir: Posibilitar a impartición dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto		
Responsable do obxectivo: Equipo Decanal	Data inicio: Setembro 2024	Data fin: Xullo 2025
Obxectivo estratéxico relacionado OE2.Posibilitar a impartición dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto		
Procesos clave relacionados PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas; PS-04 Satisfacción, expectativas, necesidades		
Indicador/es de medición Número de queixas presentadas por profesorado e alumnado perante o Decanato	Meta a conseguir Máximo de 3 queixas por curso presentadas perante o Decanato	
Accións demellora relacionadas(Código) AM-25		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-25
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa: Cómpre desenvolver iniciativas para prever e corrixir condutas inadecuadas que dificultan ou impiden o normal desenvolvemento das actividades académicas	
Definición/ descrición proposta: Tomar medidas, dentro da capacidade do centro, para prever e corrixir condutas que dificulten ou impidan o normal desenvolvemento das actividades académicas da Facultade	
Datas	Finalización: Xullo 2025; Inicio: Setembro 2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables: Equipo Decanal	
Tarefa1 (AM-25.T1)	
Descrición tarefa: Analizar as queixas presentadas por profesorado e alumnado no seo da Xunta de Facultade, Comisións de Título e/ou Comisión de Calidade, e poñer en marcha iniciativas para asegurar un ambiente de respecto e disciplina nas aulas, garantindo así as condicións propicias para a aprendizaxe.	
Data prevista de finalización: Xullo 2025	
Responsable: Equipo Decanal	
Estado Activa	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 161 de 166

4. Modificacións nos diferentes títulos

<u>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u>		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 162 de 166

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Nota aclaratoria: nos casos nos que así se indique na táboa, as evidencias (ligazóns ou documentos pdf) pódense consultar nos respectivos Autoinformes de Seguimento de cada título ou na AASX, onde se atopan almacenados os cartafolcos cos documentos solicitados, de non haber ligazóns dispoñibles.

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web 1 Ver Adxuntos aos Autoinformes de Seguimento 23-24 dos respectivos títulos (Cartafol E5) na AASX
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Ver Adxuntos aos Autoinformes de Seguimento 23-24 dos respectivos títulos (Cartafol E6) na AASX
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_ -
			INF.16_ - (información por título)
			INF.CiUG_ - (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_ - (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_ -
			INF.03_ - (información agrupada por centro)

	MEMORIA DE CALIDADE	
	Páxina 163 de 166	

6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
			Web do título
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do centro
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1 , 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_ -
			Informes de enquisas (docencia, PDI, PTXAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_ -
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_ - (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_ -
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_ - (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PTXAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas	I6-I7_ - (información agrupada por centro)

	MEMORIA DE CALIDADE	
	Páxina 164 de 166	

		específicas	
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_- (información por título)
			INF.14_- (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_- (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Ver Adxuntos aos Autoinformes de Seguimento 23-24 dos respectivos títulos (Cartafol E20) na AASX
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, alomenos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Ver Adxuntos e ligazóns nos Autoinformes de Seguimento 23-24 dos respectivos títulos (Cartafol E24) na AASX
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_- (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)
			INF.17_- (información por título)
			INF.18_- (información por título)
			INF.19_- (información por título)
			SIIU_- (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_- (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_- (información por título)

	MEMORIA DE CALIDADE		
	Páxina 165 de 166		

			EIL-ACSUG_ - (información por título)
2, 3, 4, 5	115	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_ - (información agrupada por centro)